

1

Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade II

XUNTA DE GALICIA

Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Emprego e Igualdade
Secretaría Xeral da Igualdade

Selección e elaboración de fichas

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX

Coordinación

Pilar Sampedro Martínez (GÁLIX)

Redacción de fichas

Leonor Mazaira Garro
M^a Isabel Serantes Gómez
M^a Dolores Tobío Iglesias
Pilar Sampedro Martínez
María Canosa Blanco

Corrección ortográfica

Héctor Cajaraville Araújo

Deseño e maquetación

Héctor Cajaraville Araújo

Impresión

Gráficas Garabal

Depósito Legal: C 1553-2020

Introdución

A Secretaría Xeral da Igualdade ten como un dos seus obxectivos máis importantes adoptar as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade, impulsar actuacións conducentes á promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a eliminación da violencia cara ás mulleres.

A Educación en Igualdade, a coeducación, é a ferramenta básica para conseguir eliminar os estereotipos sexistas, potenciar unhas relacións igualitarias e previr a violencia de xénero. Neste sentido e como ferramenta coeducativa no ano 2019 a Secretaría Xeral de Igualdade, publicou a primeira Guía de Literatura Infantil e Xuvenil para a Igualdade que se distribuíu por todos os centros educativos de infantil, primaria e secundaria de Galicia.

Neste ano 2020, en colaboración con GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), a Secretaría xeral da Igualdade segue traballando neste camiño e ten o impulso de pór nas mans de nenos e nenas unha literatura que achegue unha nova visión máis actual e igualitaria da sociedade. É por iso que se publica a Guía de Literatura Infantil e Xuvenil para Igualdade II. Con esta nova guía seguimos traballando na escollo de narracións en que tanto as cativas como os cativos se vexan liberados dos roles de xénero máis estereotipados, destacar obras en que as nenas cumpren un papel protagonista, activo e senlleiro, presentar personaxes que representen as novas masculinidades, recoñecer textos nos que a diversidade se presente de maneira natural, reflectir textos en que o maltrato e a violencia, en calquera das súas formas, son claramente condenados ou se establece unha reflexión profunda a partir delas, valorizar os saberes e espazos tradicionalmente considerados femininos, impulsar os valores de igualdade, paz e tolerancia a través da literatura, achegar outras

culturas para que se coñeza a situación de nenas e mulleres en ámbitos diferentes aos da cultura occidental, en resumo seguir **traballando no camiño da Igualdade**.

As Guías de Literatura Infantil e Xuvenil para Igualdade non só seleccionan os libros máis axeitados para o alumnado senón que ademais facilitan o traballo do profesorado e das familias mediante unha serie de documentación de cada un dos libros dos que se recolle: a ficha bibliográfica, resumo do argumento, eixes coeducativos e non discriminatorios que amosan as temáticas relacionadas coa igualdade, propostas de traballo concretas pensadas en relación ao apartado anterior e que tentan fomentar a reflexión sobre os roles e estereotipos de xénero, respecto pola diferenza, a situación en momentos históricos concretos, a importancia de determinadas mulleres na historia e outras obras relacionadas con ese libro, para continuar afondando nos valores, nos temas e nos motivos que nel se presentan.

A guía recolle 57 libros publicados nos anos 2018 e 2019 e organízase atendendo a tres tramos de idade: primeiras lecturas, lecturas autónomas e lecturas expertas para poder traballar a igualdade en todas as fases educativas das nenas e dos nenos.

Esperamos que esta guía lle axude ao alumando a percorrer ese camiño da igualdade e consigamos que lean con gafas de igualdade para que miren o mundo cunha mirada crítica dende o punto de vista do xénero que lle permita ver as desigualdades e discriminacións entre mulleres e homes e así conseguir un mundo máis xusto, libre e igualitario.

Susana López Abella.
A Secretaria Xeral da Igualdade

Índice

PRIMEIRAS LECTURAS

A manchas ou a raias	13
A reconquista	16
A tartaruga Amodovou	19
Cándido e os demais	25
Cara de velocidade	28
Cinco minutiños máis	31
Dez gatiñas viaxeiras	35
Distinta	39
Fina a pirata	42
Guerreiras de lenda	48
Mariña	52
Nube branca	55
O país do gran furado	59
Que lles pasa ás princesas?	64
Vermella	69

LECTURAS AUTÓNOMAS

A casa do paralelo 54.....	75
A fada pirata	81
A formiga fóra do carreiro	84
A nena, o monstro e o mar.....	88
A porta dourada	94
As peripecias de Extravaganza Pérez	98
Astérix e a filla de VercinxeTórix.....	102
Kusuma.....	107
Mamá, quero ser Ziggy Stardust	112


Mulleres bravas da nosa historia. Pepa a Loba	118
Novo Mundo. Isabel Zandal na expedición da vacina	122
O valor das ideas	126
O xeito das froitas	130
Os camiños do vento	136
Os ecos do lume	141
Os peloteiros	147
Pioneiras. Mulleres galegas que abriron camiño (1 e 2)	153
Quokka Moka	159
Unha misión para Clara	166

LECTURAS EXPERTAS

A balada dos unicornios	173
A filla do Minotauro	178
A peregrina gastronoma	182
A rapaza de tinta e estrelas	187
A viaxe de Burhan.....	192
Acariñando os desexos.....	196
Amor amargo.....	201
Aplicación instantánea.....	207
Aqueles momentos que perdemos.....	211
As voces da auga.....	217
Be water	222
Berta Mir detective. O caso do papagaio que falaba de máis ..	227
Fóra do normal.....	233
Iridium	238
O bestiario científico de Anxos Nogueirosa	242
O grupo.....	247
O que sei do silencio	253
O tesouro de Lucio	258
Os corpos invisibles	263
Memoria do silencio	269
Palabra de bruxa	274
Penumbra	278
Segredos no solpor	284

Primeiras
lecturas

A manchas ou a raias?



Texto e ilustracións: Estefanía Padullés

Tradución: Charo Baleirón Sónora
Hércules Edicións, 2018

Novas Lecturas de Hércules

ISBN 978-84-9486-199-4

Sinopse

Dúas selvas separadas por un río. Dun lado viven os animais coa pel con manchas, da outra os animais coa pel a raias. Uns temen os outros porque... de alí, do outro lado do río, veñen as avespas que lles pican e son pequenas, o que tal non farán os animais máis grandes!

Un día Leopardo está lonxe e pérdese cando cae a noite. Sen darse conta... aparece da outra banda, e coñece a Gresa, coa que intima. Cando chega o día e se ven, decátanse de que el ten manchas e ela ten raias.

Volve Leopardo ao seu lado da selva e cóntalle aos amigos e amigas o que lle pasou, convénceos para ir de viaxe ao outro lado e visitar os animais con raias; cando o fan, cando se xuntan, ven que a pel a raias ou a pel a manchas é o único que os diferencia. Así que a amizade nace entre a fauna dun lado e outro do río.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Igualdade vs diferenza
- O medo ao outro e á outra
- A superación de prexuízos a través do coñecemento

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Fauna
- Fábula

Pequeno fragmento significativo

“-Pero... ti tes raias?

-Pois claro, sonche unha tigresa. Toda a miña familia, os meus amigos e todos os animais que coñezo teñen raias. Ti es o primeiro animal con manchas que vexo, pero non me importa –dixo Gresa.

-A verdade é que a min tampouco me importa –respondeu Leopardo-. Eu cría que os animais con raias eran perigosos e que picaban, pero agora vexo que me equivocaba e que xulguei mal.”

Actividades

1. Despois de ler o libro, comentar a historia facendo fincapé nese medo ao diferente que tiñan ambos os animais e que non era nin máis nin menos que medo ao descoñecido.
2. Establecer un diálogo levándoos ata o tema que nos interesa, da igualdade entre os nenos e as nenas, as mulleres e os homes. En que son distintos? En que son iguais? Non lles doe o mesmo? Senten distinto? Hai algo que non poidan facer os nenos e si as nenas? E ao revés? Pódese falar en xeral de que todos os nenos son... (por exemplo mandóns)?... Ir desenvolvendo o fío e debullando os pensamentos para rachar estereotipos.
3. No grupo aula pódense facer divisións, aquí non poderán ser entre manchas e raias pero si moitas outras, todas as que queiran: nenos e nenas, altos/as e baixos/as, rubios/as e morenos/as, delgados/as e gordiños/as, país de orixe,...
4. Se nos interesa esta mesma mensaxe, é conveniente acceder a outros libros como *O neno que tiña medo dos robots*. *O robot que*

tiña medo dos nenos. Un libro con protagonista distinto (robot ou neno) dependendo de por onde se comece a ler, ambas as lecturas rematan nas páxinas centrais cando o neno e o robot se atopan.

5. Outros álbumes a ter en conta, arredor desta temática, é a serie de Daniela Kulot: *Unha familia normal*, *Crocodilo namorado*, *Unha casa a medida*, *Unha parella diferente*... porque ser diferente non implica que non poidan estar xuntos.
6. Non perder estoutro xogo que atende ao contrario: un animal que teme os da súa mesma especie, como sucede no álbum *A araña que lles tiña medo ás arañas*.

Ligazóns

Libro:

<https://www.herculesediciones.com/libro/a-manchas-o-a-rayas/>

Autora e ilustradora:


<http://xornaldelemos.gal/sociedade/15322-estefania-padulles-unha-ilustradora-catala-que-e-feliz-en-paradela/>

Editorial:

<https://www.herculesediciones.com/gl/>

<https://www.herculesediciones.com/gl/categoria-libro/as-colecciones/novas-lecturas-de-hercules/>

A reconquista



Texto: Antía Yáñez

Ilustracións: Ana Pedreira

Baía, 2019

Contoxconto

ISBN 978-84-9995-305-2

I Premio Fina Casalderrey de Literatura infantil pola igualdade (2018, ex aequo)

Sinopse

O patio da escola está monopolizado polo fútbol, ao que só xogan os rapaces e unha rapaza: Anxos. Ela é a que mellor o fai pero aínda así custoulle moito que a admitisen.

Os resto da rapazada non ten espazo para os seus xogos e, ademais, ha de pasar polas beiras para non estorbar.

Todo vai cambiar. Un día, os futbolistas bérranlle a unha nena porque lle escapou a pelota de tenis e os interrompeu. Ao día seguinte Lúa séntase no medio do campo lendo o seu libro. Eles protestan e ha de intervir o profesorado de garda.

Lúa deféndese: non hai ningunha norma que diga que o patio é só duns poucos. Paso a paso, outros e outras irán engadíndose a esa onda de rebeldía que ocupa o patio ata tomalo. Porque hai que recuperar os espazos que son de todo o alumnado e non duns poucos.

O texto de ficción está acompañado dunhas anotacións informativas sobre a vida de diferentes animais nos que non se cumpren os roles patriarcais: as leas cazan mentres os leóns coidan as crías, as mandas de elefantes están lideradas por femias,...

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Linguaxe non sexista
- Roles inesperados no mundo animal
- Sororidade
- Reconquista de espazos
- Diversidade de xogos

Temática e xéneros

- Narrativa
- Realismo
- O patio da escola
- As relación de poder
- A ocupación do espazo
- Resistencia e rebeldía

Pequeno fragmento significativo

"É o primeiro recreo no que Lúa se divirte en moito tempo. Minutos antes de que soe o timbre, Uxío úneselles. Decátase por fin de que non ten nada malo que a un neno non lle guste o fútbol.

**Sabías que os peixes pallaso poden cambiar de sexo segundo mellor lles conveña para adaptárense e sobrevivir? A ningún lle importa se son machos ou femias!"*

Actividades

1. Contestar:

- a. Parécese en algo o patio da propia escola ao do conto?
- b. A que xogades no recreo?
- c. Hai algún xogo que ocupe máis espazo ca os outros?

2. No equipo de fútbol escolar só hai unha nena: Anxos.

Costoulle que a admitisen a pesar de que é a que mellor xoga de todos. É iso xusto? Teñen que demostrar ser mellores as nenas? Por que?

3. Comentar a información das notas a pé de páxina. Se as coñecían ou non, por que nos chaman a atención, hai algunha outra que poidan engadir...
4. Por equipos, engadir máis información a cada un dos grupos animais que se citan: leóns e leoas, ñus, elefantes, pingüíns, peixes pallaço e bonobos.
5. Moitas conquistas lógranse da mesma maneira que esta do patio. Sempre comezan por unha persoa e van aumentando. Reflexionar acerca desta afirmación e achegar datos que a confirmen ou non.
6. Indagar quen era Rosa Parks e en que se parece a súa historia á de Lúa.
7. Uxío non xogaba pero falaba de fútbol como se lle gustase. Tarda en decatarse de que en realidade non lle gusta ese deporte e non hai ningunha razón para disimulalo. A que é debido?
8. O profesor Adán é moi distinto da outra profesora de garda? Cal é a diferenza?
9. Elaborar unha listaxe de xogos e enlazalo con nenas e nenas segundo xoguen a el uns máis que outras (ou viceversa) ou por igual.
10. Observamos as ilustracións. Que é o que máis nos chama a atención? Onde aparecen representados os animais? Cal é o personaxe que máis che gusta?
11. Neste conto asistimos a unha resolución positiva dos conflitos que xorden no propio contorno. Tentemos lembrar algunha situación na que se resolvera un problema da mesma maneira.

Ligazóns

Libro

<https://baiaedicions.gal/a-reconquista.html>

Autora

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ant%C3%ADa_Y%C3%A1%C3%B1ez

Ilustradora

<http://csc.uvigo.es/acanteira/alumnos/anapedreira/portfolio/>

<https://catalogo.galiciae.gal/Search/Results?lookfor=%22Pedreira%20Barrera%2C%20Ana%22&type=Author>

Premio

https://gl.wikipedia.org/wiki/Premio_Fina_Casalderrey_de_Literatura_Infantil_pola_Igualdade

A tartaruga Amodovou



Texto: Paula Carballeira

Ilustracións Ana Seixas

Edición Obradoiro, 2019

Oqueleo

ISBN 978-84-1683-414-3

Gañadora da Gala do Libro

Sinopse

Amodovou é unha tartaruga. Unha tartaruga que saíu dun ovo solitario.

Onde ela naceu non había outros ovos de tartaruga, pero si había moitos paxaros que, cada un seguindo o seu carácter, trataban de aconsellar e axudar a tartaruga. Pero ela, Amodovou, o que quería era seguir o seu camiño e ao seu ritmo. Coñecer mundo, andar a terra e os mares, ás veces coa axuda dos paxaros, escoitar a música da terra, sentirse libre.

Amodovou tivo moitas fillas, fillas ceibes que seguen o seu camiño coa esperanza de atopárense nalgures e camiñar xuntas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Empoderamento

Temática e xéneros

- Relato de aventuras
- Recursos da narración oral
- Empatía e solidariedade
- Pacifismo

Pequenos fragmentos significativos

"E a tartaruga pensou: "Vou amodo, pero vou, amodo vou". Gustoulle como nome.

(...)

Amodovou erguía a cabeza e brincaba de cando en vez, feliz de ser libre para ir onde quixese, de ter unha cuncha onde meterse e de que ninguén reparase nela, pouca cousa como era.

(...)

Amodovou fai os camiños,

Amodovou non ten fronteiras.

Voade, paxaros,

que noso é o mundo

por ceo e por terra!

(...)

As fillas de Amodovou recoñécense facilmente polo seu enorme sorriso e por esa maneira de erguer a cabeza para sentir o vento e escoitar os paxaros. Van cada unha nunha dirección, coa esperanza de que algún día, nalgún momento, todas se atoparán no mesmo lugar coa súa nai e camiñarán xuntas."

Actividades

1. Que é a protagonista desta historia? _____
Que outros personaxes participan no conto? _____
Quen será a súa compañeira de viaxe? _____

2. Escolle entre estes adxectivos os 6 que mellor describen a protagonista deste libro.

decidida, atravesada, fachendosa, tranquila, apoucada, libre, áxil, curiosa, feliz, lenta, veloz

- a)
- b)
- c)
- d)
- e)
- f)

3. Resume o conto en 3 liñas.

Como empeza?: _____

Que pasa?: _____

Como remata?: _____

4. Diríase que a que as mellores amigas e compañeiras de Amodovou son as aves. Son todas diferentes e axudan a unha tartaruga a voar ata unha balea que a levará navegando polos mares. Ningunha das aves podería por si mesma trasladar a Amodovou polos aires; pero todas xuntas, colaborando organizadamente entre elas, si.

Escribide os nomes de 12 paxaros que aparecen no libro.

Organizádevos vós tamén; consultade na biblioteca datos sobre cada unha destas aves e preparade unha presentación cunha ficha na que conste: nome común, nome científico, debuxo ou fotos (libres de dereitos), datos básicos de cada unha e outros datos de interese como cantigas, retrousos, contos...

Exemplo:

PARDAL (Nome científico: Passer domesticus)

Traballando en equipo, cada persoa achega o que mellor sabe facer, todo o mundo aprende e o resultado é moito mellor, non si?

5. Amodovou non sabe o que son as fronteiras, non sabe o que é a guerra.

Localizade no libro as frases que falan da fronteira:

Podemos falar durante 15 minutos sobre as fronteiras:

- Como se sabe onde hai que poñer fronteiras?
- Quen decide onde se poñen as fronteiras?
- Por que?

Agora faremos algo distinto: divididos en dous grupos, imos imaxinar que un equipo quere pasar unha fronteira e o outro non o deixa pasar. En media hora un grupo dirá as razóns polas que quere pasar e o outro dirá por que non poden. Cada grupo ten que presentar argumentos, nunca insultar e nunca, nunca agredir.

De común acordo elaboremos un pequeno escrito coas conclusións ás que chegastes sobre as fronteiras:

6. Amodovou é unha tartaruga independente e decidida, para ela non hai fronteiras. Pero Amodovou non busca problemas, non crea enfrontamentos, non sabe o que é a guerra.

En grupos de 4 ou 5 escribide a historia do sapoconcho Levopresa, que ten que ser todo o contrario. Tenes 30 minutos para escribir e non pode ter máis de 2 páxinas.

Representade ou lede as historias de cada grupo e debatede sobre as razóns que levaron a cada grupo a facer o seu conto.

7. As aves cantaban:

Amodovou fai os camiños

Amodovou non ten fronteiras.

Amodovou tivo moitas fillas que van cada unha polo seu camiño.

Son independentes e escollen o seu destino, toman as súas decisións sen depender de ninguén, sen molestar, tampouco, a ninguén.

Facede unha táboa cos traballos que fan (ou fixeron) as avoas e por que escolleron ese oficio, seguindo este exemplo

1	Mariscadora	Porque xa eran antes a súa nai e a súa avoa

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Paula_Carballeira

Ilustradora:

<https://www.anaseixas.com/about>

Libro:

<https://www.oqueleo.com/libro/a-tartaruga-amodovou>

Ligazóns relacionadas coas actividades que se proponen:

<http://www.diariocultural.gal/colaboracion/104900-libros-nos-que-navegar-e-ver-mundo-con-montse-pena/>

<http://www.xente.mundo-r.com/tintarras/exercicios/lexico/paxaros/paxaros.htm>

Aves en Galicia:

<http://avesengalicia.blogspot.com/>

Lista das aves de Galicia:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_das_aves_de_Galicia


<https://www.aulaplaneta.com/2018/01/22/recursos-tic/sin-pri-sa-sin-pausa-pedagogia-lenta/>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

<https://www.pinterest.es/galixbiblioteca/gu%C3%ADas-lix-non-discriminatoria/>

<http://delibroseoutros.blogspot.com/2018/04/recursos-para-igualdade-na-literatura.html>

Cándido e os demais



Texto: Fran Pintadela

Ilustracións: Christian Inaraja

Tradución: Manuela Rodríguez

Kalandraka

ISBN 978-84-8464-420-0

XI Premio Compostela de Álbum Ilustrado

Sinopse

Cándido séntese distinto aos demais, un ser único fronte a todas as outras persoas. Necesita comunicarse con elas, expresarse, ser comprendido e aceptado.

Pensa que non o entenden, que o ven moi distinto; considérase fóra de lugar e quixera facerse invisible.

A sensibilidade, a inseguridade, a soidade son trazos que forman parte del.

É distinto, pero hai algo no que coincide e é igual que todos e todas as que o rodean e coinciden con el.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Igualdade
- Identidade
- Cada unha ou cada un de nós fronte aos demais

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Individuo
- Xente

Pequeno fragmento significativo

“Cándido non o di, pero el pensa que o mundo é un lugar moi complexo, onde non é fácil atopar o noso lugar.

En realidade, a Cándido encantaríalle poder mostrar o que sente.

E, aínda que só fose por unha vez, non verse coma un becho raro. Pero ten algo común aos demais, aínda que Fidel non é igual aos demais.”

Actividades

1. Ler o álbum e comentar todo o que se lles ocorre, a modo de reunión de ideas tentando chegar a algún resumo ou conclusión.
2. Ir opinando sobre o que ven e len. Observar as ilustracións. Ilustralo, de novo, co estilo propio de cada unha das criaturas, atendendo ao que se conta.
3. Completar:

En que son distinto/a aos/ás demais	En que son igual aos/ás demais

4. Lembramos outros libros onde se trata esta temática de igualdade e diferenzas.

Ligazóns

Libro:

<http://www.kalandraka.com/es/colecciones/nombre-coleccion/detalle-libro/ver/candido-e-os-demais/>

Autor:

<https://es.literaturasm.com/autor/fran-pintadera>

Ilustrador:

<http://inaraja.com/>

Tradutora:


<http://www.kalandraka.com/ga/autores/detalle/ficha/rodriguez/>

Editorial:

<http://www.kalandraka.com/>

<http://www.kalandraka.com/colecciones/nombre-coleccion/ir/premio-compostela/>

Cara de velocidade



Texto: Marga Tojo

Ilustracións: María Hergueta

Kalandraka, 2018

ISBN 978-84-8464-376-0

X Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos

Finalista da Gala do Libro

Sinopse

A nena H é quen toma a palabra para falar, en forma poética, do seu día a día, transformándoo en aventura, imaxinación e xogo. Sempre dende o optimismo e a fortaleza, conta como vai enfrontando problemas e medos, superándoo..

Expresar a sensibilidade con creatividade, falar de si e do mundo que a rodea cun lirismo actual e levarnos a esa infancia que permanece no fondo do espello.

Emociónanos porque nos fai retomar as percepcións infantís xa perdidas nas que ela é unha superheroína que, co seu entusiasmo, enche todo de vida. Ela escolle quen quere ser e é; ten a liberdade para facelo, pois vive en tempos de igualdade.

Un libro de poemas que volve ao galego despois de ser escrito na nosa lingua e pasado a castelán para se presentar ao premio Orihuela.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Voz feminina e infantil
- Referentes femininos
- Autora e ilustradora
- Superación fronte á adversidade
- Empoderamento da nena

Temática e xéneros

- Poesía infantil
- Música contemporánea
- Imaxinación
- Orixinalidade
- Humor
- Mundo urbano

Pequeno fragmento significativo

"Teletransporte urbano

As superheroínas

viaxan

á velocidade da luz

en patinete"

Actividades

1. Lemos os poemas sentíndonos H.
2. Recitámoslos en voz alta. Tamén podemos realizar xestos como se estivésemos a representalo.
3. Escollemos os que máis nos gustan, para facer unha antoloxía. Cada un e cada unha argumenta a escolla e explica como entende o poema.
4. Escribimos poemas ao modo do que se recolle no fragmento significativo ou daqueles que máis nos gustan.
5. Buscamos os nomes que están agachados detrás de H.

6. Escollemos a superheroína na que quero converterme. Tento indagar todo o posible sobre ela. Agora podo identificarme e realizo un cómic no que eu son ela ou el vivindo unha aventura.
7. Inventamos un novo superheroe ou superheroína cuns poderes moi especiais... poderían servir para defender a igualdade entre os sexos, as etnias, as relixións... Superigual?
8. Facemos unha posta en común para ver como todos e todas somos superheroes e superheroínas cada vez que facemos algo por primeira vez, cando superamos os nosos medos,...
9. Escribimos poemas a partir do título dun poema de *Cara de velocidade*.
10. Buscamos títulos para o libro que podemos escribir cos nosos poemas. Ese libro debería ter unha certa unidade pero sempre ha de responder ao noso día a día.
11. Pensamos noutros libros de poesía protagonizados por rapazas.

Ligazóns

Libro:

<http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-libro/ver/cara-de-velocidade/>

Autora:

<http://www.kalandraka.com/es/autores/detalle/ficha/tojo/>

Ilustradora:

<https://mariahergueta.com/>

Editorial:

<http://www.kalandraka.com/>

Colección. Premio:

<http://www.kalandraka.com/colecciones/nombre-coleccion/ir-coleccion-orihuela/>

Cinco minutos máis



Texto e ilustracións: Marta Altés

Blackie Books, 2019

Blackie Little

ISBN 978-84-1755-211-4

Sinopse

Un álbum ilustrado para comprobar a relatividade do tempo e como non é medido de igual maneira por nenos e nenas que por persoas adultas.

Papá raposo coida e atende as súas crianzas nas moitas tarefas cotiás nesta familia monoparental: almorzar, vestirse, ir ao parque, camiñar pola rúa, acudir a actividades extraescolares, xogar na casa, cociñar, celebrar aniversarios, deitarse, contar o conto da noite...

Cando o pai anda ás carreiras, agoniado por falta de tempo, as crianzas teñen tempo de sobra para disfrutalo ao seu xeito.

Narrado en primeira persoa por un dos raposiños, amosa un pai realizando todas esas tarefas que nos roles tradicionais lles son adxudicadas a personaxes femininas, xeralmente nais ou avoas.

Tampouco se pode apreciar, nin no texto nin nas ilustracións, se as crianzas son de xénero masculino ou feminino, evidenciando deste xeito que cadaquén pode facer calquera tipo de actividade independentemen-

te do xénero, facilitando a inclusividade e a identificación por parte das pequenas lectoras ou lectores.

O humor corre a cargo das ilustracións, acuarelas cheas de cor e tenrura, onde pode apreciarse esa relatividade na medida do tempo e as moitas desfeitas caseiras nas que as crianzas participan.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Distintas tipoloxías de familias
- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Novas masculinidades
- Ruptura de estereotipos sexistas
- Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Afectividade e emocións
- Animais
- Convivencia familiar. Relacións familiares. Relacións sociais
- Rutinas cotiás
- Humor

Pequeno fragmento significativo

"O tempo, que cousa tan curiosa.

Papá fala seguido dese tema.

Pero eu creo que sei MÁIS do tempo ca el.

Por iso polas mañás encárgome eu de dicir... É HORA DE LEVANTARSE.

Papá sempre nos pide "cinco minutíños máis". A el cinco minutíños parécenlle pouco tempo.

Pero non é verdade.

Cinco minutos dan para moito.

Mira que cousas fixemos!

Ata lle preparamos o almorzo a papá."

Actividades

1. Completar unha táboa na que anotar quen, ou con quen, realiza na propia familia cada unha das actividades deste conto:

ACTIVIDADE	Quen a fai?	Podo facela só ou soa?	Podo facela con axuda?
Espertar a familia pola mañá			
Preparar o almorzo			
Asearse e vestirse			
Ir á escola / gardería (camiñando / en transporte)			
Actividades extraescolares			
Ocio e lecer na casa			
Cociñar			
Xogar na casa contigo			
...			

2. Despois de completala, comentar a táboa. Como preferides realizar as actividades, en solitario ou en compañía? Con quen preferides realizalas? Cales non facedes que vos gustaría facer? Que outras actividades da rutina cotiá poderíades facer autonomamente?
3. Facer debuxos que ilustren as respostas das actividades 1 e 2, cadaquén segundo a súa propia familia. Cos resultados podería argallarse unha exposición.
4. Comentar e reflexionar: sería distinto este conto se no canto dun pai fose unha nai? Cren que hai tarefas que poden facer os pais e non as nais? E o contrario? Explicar os motivos das respostas de cadaquén.
5. Observar a ilustración da piscina. Hai monitores e monitoras? Como os distingues? Reflexionar sobre a resposta. Podería ser doutro xeito?
6. Faladoiro: Como son as familias de cadaquén? Cantos tipos de familia coñecedes? Coñecedes algunha familia como a deste libro? Aproveitando a familia deste conto, presentar outros libros sobre familias non tan convencionais para enriquecer o debate:

Unha chea de familias de X.A.Neira Cruz (Editorial Galaxia)

O libro dos porcos de Anthony Browne (Kalandraka)

En familia! e outros parentes de A. Maxeiner (Hércules Edicións)

Con Tango son tres de J. Richardson (Kalandraka)

Teño dúas casas de Paloma Rodríguez (Edicións Embora)

Papá é meu de Fina Casalderrey (Editorial Galaxia)

7. Buscar outros libros escritos e ilustrados por unha mesma muller. Ou por dúas mulleres diferentes.
8. En relación co mundo do libro, coñeces mulleres escritoras, mulleres ilustradoras, mulleres tradutoras, mulleres editoras, mulleres libreiras? Fai un listado cos seus nomes.

Ligazóns

Escritora e ilustradora:

<https://www.blogger.com/profile/05400868036175195978>

<http://humoristan.org/es/autores/marta-altes/>

https://www.domestika.org/es/marta_altes

https://ca.wikipedia.org/wiki/Marta_Alt%27s_Garc%27a

Obra:

<https://www.blackiebooks.org/catalogo/cinco-minutinos-mais/>

Dez gatiñas viaxeiras



Texto: Eva Mejuto

Ilustracións: Víctor Rivas

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Pequeno Merlín

ISBN 978-84-9121-607-0

Sinopse

Álbum ilustrado que presenta a narración en forma da clásica rima acumulativa decrecente para crianzas, partindo do dez cara ao cero.

Personaxes exclusivamente femininas, viaxando en grupo, por dez lugares da xeografía galega. Que sexan gatiñas, e non gatas, achega estas personaxes ás máis pequenas e pequenos.

Son as ilustracións, cheas de humor, as que mostran unas gatas afoutas, audaces e arrichadas. Caracterizada cada unha como exploradora, intelectual, larpeira, deportista, moderna, "fashion", artista, lectora, "influencer", usuaria de novas tecnoloxías... abarcan un amplo abano que amosa a irrelevancia do xénero ante a perspectiva de realizar calquera actividade.

Tal como o texto, seguindo a tradición oral deste tipo de rimas, a personalidade de cada gatiña é reflectida repetitivamente en cada ilustración coma xeito de identificación, non só polo físico ou a indumentaria, senón tamén polos obxectos que cada unha porta ou as accións que realizan.

As imaxes tamén proporcionan referencias paisaxísticas, xeográficas ou arquitectónicas –ou unha humorística aproximación ao tema da contaminación– dos lugares que percorren. Ademais achegan alusións e evidencias da cultura galega, do seu patrimonio material e inmaterial: literatura, festas, poetas e versos, teatro, esculturas... E mesmo non galega, como a pintora Frida Kahlo, Verne na ría de Vigo, nomes de personaxes femininas relevantes no cinema ou literatura (Telma e Louise, Galadriel, Penélope) ou algún programa gastronómico de TV actual. Todas estas alusións precisan da axuda dunha persoa adulta para presentárllelas a nenas e nenos, xa que moitas delas escápanlles á súa formación ou bagaxe sociocultural.

As ilustracións permiten tamén o xogo de busca de dous personaxes presentes en cada dobre páxina sen existir no texto, unha ratiña e un can ou cadela, ás veces tan só unha sombra.

Sorpresa final no descarte de dez a cero. Sorpresa coa que xoga a contraportada do libro.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Empoderamento da muller. Visibilidade da muller. Mulleres senlleiras. Muller no espazo público
- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Ruptura de roles tradicionais
- Sororidade

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado. Poesía. Recursos da narración oral. Tradición na forma
- Animais
- Arquitectura. Arte. Cultura. Clásicos literatura galega. Xeografía galega. Festa gastronómica. Magosto. Vendima
- Educación en valores. Defensa do propio. Medioambiente. Patrimonio inmaterial
- Humor
- Amizade
- Viaxe

Pequeno fragmento significativo

*“Seis gatiñas viaxeiras
cruzarón o Sil dun chimpo.
Unha esvarou na ribeira
e quedaron tan só cinco.*

*Cinco gatiñas viaxeiras
foron a Ourense ao teatro.
A unha prendeuna a butaca
e quedaron tan só catro.”*

Actividades

1. Nas últimas páxinas do libro atópanse os retratos das gatiñas cos seus nomes. Reparando atentamente nas ilustracións, completar a seguinte táboa na orde na que van “desaparecendo” as gatiñas:

NOME	Que é? A que se dedica?	Como é?	Por que podes sabelo?	Gustaríache facelo ti?
1. Penélope				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
8.				
9.				
10. Só queda ...				

Algúns dos nomes das gatiñas fan alusión a mulleres importantes na vida real ou na literatura. Buscar información para contestar un breve cuestionario:

- Foron mulleres reais?
- A que se dedicaban?
- Forman parte da ficción (cine, literatura)?

- Que a caracteriza (valentía, afouteza, intelixencia...)?
 - Aparece no libro algunha outra muller importante que non sexa unha das 10 gatiñas?
 - Que sabes dela?
2. Imaxina unha característica máis que defina cada unha das gatiñas ou unha nova dedicación / profesión: oceanógrafa, astronauta, mariñeira, futbolista, maquinista, científica, avogada, percebeira...; reescribir as rimas con respecto a estas novas características, seleccionado lugares da contorna próxima.
 3. Buscar información sobre a indumentaria e os obxectos necesarios para realizar as tarefas da actividade anterior. Serían as mesmas para gatiñas e gatiños? Buscar, tamén, nomes de mulleres que realizasen esas tarefas e renomear con eles as gatiñas.
 4. Con estes novos nomes e profesións, debuxar uns retratos como os do final do libro.
 5. En grupo, co resultado das tres actividades anteriores, ilustrar as novas rimas.
 6. Buscar rimas acumulativas (crecentes ou decrecentes) e comprobar se hai diferenzas entre personaxes femininos e masculinos.
 7. Así como as dez gatiñas son moi diferentes entre elas, o mesmo sucedía cos ananiños que acompañaban a Brancaneves. Buscar información ao respecto.
 8. Buscar outros libros desta autora, para rapazada destas idades. Lelos e ver se teñen elementos comúns.
 9. Eva Mejuto foi editora. Indagar acerca do seu labor editorial e sobre o traballo que está a desenvolver na actualidade, tamén relacionado co libro infantil.

Ligazóns

Escritora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/eva-mejuto>
https://gl.wikipedia.org/wiki/Eva_Mejuto


Ilustrador:

<http://vriustracion.blogspot.com/>

Obra:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=6056251>

Distinta



Texto: Beto Valencia

Ilustracións: Sozapato (Sofía Zapata Ochoa)

Tradución: Manuela Rodríguez

Kalandraka, 2019

Demademora

ISBN 978-84-8464-441-5

Finalista do X Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado

Sinopse

Lúa esperta cada día con alegría, goza de cada instante, aproveita todas as ocasións para ver a beleza do que a rodea e sentirse ben. Todo a emociona. Onde non chegan os seus sentidos alcanza coa imaxinación. É unha nena vital e alegre, un ser feliz.

As persoas que a rodean non son coma ela: espertan malhumoradas, abúrrense instaladas na rutina, quéixanse de todo o que lles pasa, déitanse sen vivir plenamente ningunha experiencia diaria... Pero ela é distinta.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Identidade e diferenza
- Vitalidade
- Felicidade
- Autonomía

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Infancia
- Identidade
- O outro, a outra

Pequeno fragmento significativo

"E cando na cidade a xente deixa de contar ovellas e tece / toca o seu soño máis profundo... ela dedícase a xuntalas todas. Só entón ela dorme e soña... distinto."

Actividades

1. Lectura de texto e imaxes.
2. Comentario e posta en común.
3. Contestar:
Que nos gusta de Lúa?
En que se nota que é distinta ás demais persoas?
4. No estilo do libro, cada nena e cada neno fan unha presentación de si mesmos ou faina do seu compañeiro/a buscando os puntos fortes.
5. Este libro pode ser lido antes ou despois de *Cándido* e os demais. Observar as relacións que se establecen entrambos.

Ligazóns

Libro:

<http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-libro/ver/distinta-1/>

Autor:

<http://www.kalandraka.com/ga/autores/detalle/ficha/valencia/>

Ilustradora:

<http://www.kalandraka.com/ga/autores/detalle/ficha/sozapato/>

Tradutora:

<http://www.kalandraka.com/es/autores/detalle/ficha/rodriguez/>

Editorial:

<http://www.kalandraka.com/ga/>

<http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/ir-de-mademora/>

Fina a pirata



Texto: Helena Villar Janeiro

Ilustracións: Abi Castillo

Editorial Galaxia, 2019

ISBN 978-84-9151-354-4

Sinopse

Fina sofre un terrible accidente polo que debe pasar un tempo no hospital.

Cando por fin pode reincorporarse á escola, a súa discapacidade dificultalle participar nos xogos do recreo, entre todos deciden transformar a súa eiva nunha vantaxe xogando a piratas. Ela e toda a súa clase, coa axuda da mestra, converten o patio do recreo nun proceloso mar no que navegan cada recreo á procura de tesouros.

Fina, e todas as nenas e nenos da escola descubriron o seu interese pola piratería e conseguiron a mellor colección de libros de piratas do mundo para a súa biblioteca.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Modelos igualitarios
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura de prexuízos
- Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Novela da vida real
- Inclusión
- Solidariedade
- Escola
- Aceptación e pertenza ao grupo

Pequenos fragmentos significativos

"E coincidían as nenas e os nenos en que ía ser un xogo moi complicado, e máis aínda na escola. O obstáculo máis grande é que para xogar a piratas fai falta un mar, e nos Ancares non había mar. Os piratas, e as piratas, se as hai, andan nun barco, e os barcos non andan polos ríos, que tropezan nas pedras e non poden ir costa arriba.

(...)

Non era mala idea, e seguiron pensando xuntos que máis atrancos terían.

(...)

Pintaron un mar azul no medio do patio. Xuntaron caixas nas tendas e co cartón fixeron un barco moi xeitoso, que titularon Boisán I, porque o mar non daba para máis. Iso sí, puxeron tamén unha illa chea de tesouros escondidos.

(...)

Foron tres meses de aventuras mariñeiras compartidas que deron lugar a moitas aprendizaxes. Nunca terra dentro pasara outra cousa igual, nin volverá pasar, probablemente."

Actividades

1. Un terrible accidente provocou que Fina pasase moito tempo sen poder ir á escola. Relata paso a paso que foi o que pasou.

Por que deciden xogar a piratas? _____

2. Por causa do accidente, Fina é agora unha nena discapacitada. A súa diversidade funcional dificultalle participar nalgúns dos xogos típicos dos recreos, que fan as compañeiras e compañeiros de Fina?

Poñer un exemplo de xogo no que poidan xogar todos os nenos e nenas.

Como se chama o xogo? _____

Describir detalladamente como se xoga: _____

Cantos xogos diferentes se xuntaron entre todo o grupo? _____
Son todos verdadeiramente inclusivos? Analizar se calquera neno ou nena, á marxe das súas capacidades, pode xogar a cada un dos xogos propostos. Cantos xogos quedan agora? _____

3. Que dificultades había para poder xogar a piratas no patio da escola e como as superaron?

Cando deixaron ese xogo? _____

Que vai querer estudar Fina na Universidade? _____

4. En que outras profesións relacionadas co mar podería traballar Fina?

A que pesca _____

A que marisquea _____

A que traballa en acuicultura _____

A que se mergulla _____

A que traballa nun barco _____

A que dirixe un barco _____

A que fabrica ou repara redes _____

A que vende peixes _____

A que investiga bioloxía mariña _____

A propietaria do barco _____

5. Fina é a que conduce o barco pirata, é a capitá.

A muller que conduce un camión é unha _____

A muller que conduce un avión é unha _____

A muller que conduce unha nave espacial é unha _____

A muller que conduce un tractor é unha _____

A muller que conduce un autobús é unha _____

Poñer outros tres exemplos de diferentes vehículos:

6. Os compañeiros e compañeiras de Fina organizaron o patio, con axuda da mestra, para poder xogar a piratas. Como son, polo xeral, os patios de recreo? Investigar repartidos en grupos.

Facer un plano do patio.

Marcar no plano quen ocupa cada parte do patio e a que se xoga.

7. Poñer en común os planos. Que podemos observar? Anotar nun encerado as observacións.

- Xogan xuntos os nenos e as nenas?
- Que grupos ocupan máis espazo?
- A que xogan só os nenos?
- A que xogan só as nenas?
- A que xogan nenas e nenos xuntos?
- Prodúcense conflitos nos recreos?

8. Proposta para debate:

Está o patio igualmente repartido? Hai grupos discriminados?

9. Entre todos elaborade unha proposta para o uso igualitario do patio de recreo. Pódese utilizar o mapa para facer unha repartición igualitaria. Un calendario de uso. Unha proposta de xogos comúns. Poderíanse organizar os recreos cos xogos que se explicaron na actividade 2?

Ligazóns

Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Helena_Villar_Janeiro

Ilustradora:

<https://www.abicastillo.com/>

Libro:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/fina-a-pirata/>

Ligazóns relacionadas coas actividades que se propoñen:

<https://www.revistaemas.com/as-profesions-do-mar-en-vilanova.html>

<https://mreadavila.gal/mocion-patios-coeducativos/>

Vídeo Os Bolechas xogan en patios inclusivos:

<https://www.youtube.com/watch?v=k92A8pKbJgI>

Proxecto "Patios inclusivos" Ceip Cardenal Cisneros, Alcalá de Henares:

<https://www.cpcardenalcisneros.com/proyecto-patios-inclusivos/>

Concurso da ONCE:

<https://www.concursoescolaronce.es/35edicion/recreo-inclusivo/>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

<https://www.pinterest.es/galixbiblioteca/gu%C3%ADas-lix-non-discriminatoria/>

<http://delibroseoutros.blogspot.com/2018/04/recursos-para-igualdade-na-literatura.html>

Guerreiras de lenda



Texto: Maite Mosconi, Miriam Beizana Vigo

Ilustracións: Gemma Martínez e debuxos do alumnado do CEIPP La Milagrosa e CEIPP Cardeal Quiroga Palacios

Editorial Vanir, 2019

ISBN 978-84-1793-208-4

Sinopse

Dous relatos curtos: "A loba branca" (o pai maldí a filla por crer que se estivo vendo co veciño sen o seu permiso e ela transfórmase en loba) e "Alba e as lavandeiras" (cae ao río e no fondo atopa as lavandeiras –fadas– recollendo pebidas de ouro, cando volve pensa que foi un soño pero atopa un saco con pebidas no peto). Dous poemas: "O castelo da Lúa" (unha guerreira que foi feita prisioneira pero consegue escapar co seu namorado) e "A dama do castro" (unha canción de berce na que se fala da dama que coida de todos/as). Todas elas inspiradas en lendas reais, con protagonistas femininas da mitoloxía galega. Están escritas como readaptacións traídas á actualidade na que está presente e á loita feminista LGTB.

"A loba branca" é da zona de Viana do Bolo, "O Castelo da Lúa" de Rianxo, "Alba e as lavandeiras" da Ribeira Sacra e "A dama do castro" de Santa Tegra. Dádelle importancia a esta situación en diferentes lugares da xeografía galega.

Un vocabulario con imaxes, un mapa coa situación de cada lenda e actividades de coloreado, creación dunha nova versión do poema substituíndo as palabras desaparecidas... complétanse coa presentación das autoras, os debuxos que as inspiraron...

Na presentación fálase de nenas heroínas que xa non son princesas en apuros senón guerreiras.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Lendas protagonizadas por mulleres
- Sexualidades non predominantes
- Feminismo e LGTB
- Mulleres autoras
- Mitoloxía feminina

Temática e xéneros

- Relato curto
- Poesía
- Lendas
- Personaxes de lenda: lobas, fadas, guerreiras e damas

Pequeno fragmento significativo

“–Señor Monteagudo, levo vendo a súa filla durante o verán. Quero dicirlle que me encantaría que me deixase comezar a saír con ela.

Lupa quedou abraiada. Ela non tiña ganas de romances! A súa cabeza estaba demasiado ocupada coa amizade con Neves.

O seu pai alporizouse e el máis Xosé comezaron a rifar. A Lupa retor-céuselle o estómago coa angustia.

–Estivécheste vendo cun mozo!? –berroulle seu pai–. Como te atreves? Faltáchesnos ao respecto a min e a túa nai, entendes? Isto é unha vergoña!

–Lupa levou as mans aos oídos para intentar deixar de escoitar. Tiña medo e marchou da casa mentres o seu pai continuaba.

–Maldígote, filla! Maldígote por facerme infeliz! Oxalá te converteses nunha loba e fuxises ben lonxe!”

Actividades

1. Contestar:
Quen protagoniza cada un destes contos e poemas?
En que lugar de Galicia se recolleu cada unha destas lendas?
2. Realizar as actividades que aparecen ao final dos textos.
3. Estaría ben recoller algunha outra lenda protagonizada por mulleres.
4. Pódense buscar personaxes femininos da mitoloxía galega. Para iso navegase na páxina web *galiciaencantada* ou pregúntase aos maiores por aquelas historias das que escoitaran falar. A continuación prepárase a súa contada, tal como se ven facendo dende a antigüidade.
5. Se na páxina de *galiciaencantada* introducimos no buscador a palabra "loba" aparecen 27 artigos entre os que seleccionar un que apeteza ler.
6. Se introducimos no buscador "lavandeiras" aparecen sete artigos, entre os que se pode elixir un que apeteza ler.
7. Se introducimos no buscador "dama" aparecen 22 artigos, entre os que escoller un.
8. Pódese buscar información sobre Pepa a Loba. Entre outras fontes pódese acudir á colección "Mulleres bravas da nosa Historia" e ler a que leva ese título, escrito por Leticia Costas.
9. Se nos interesa este tema hai unha serie de libros que nos convén ter a man como *Dicionario dos seres míticos galegos* (Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Xoán Cuba), *A flor da auga* (Antonio Reigosa e Xosé Miranda), *Arrepíos e outros medos* (Antonio Reigosa e Xosé Miranda), *Contos colorados* (Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Xoán Cuba), *Cando os animais falaban* (Antonio Reigosa e Xosé Miranda), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Antonio Reigosa, Xoán Cuba e Xosé Miranda), *Guía de campo da Galicia encantada* (Antonio Reigosa)...
10. En *Lendo lendas, digo versos* as lendas están escritas por Antonio Reigosa e de cada unha delas Antonio García Teijeiro escribe un poema. Le ese libro e verás que che encanta esa maneira de presentar as lendas.
11. Algún dos contos que che conten ou leas pode resultar moi machistas; daquela, sempre podes facer unha reescritura para darlle protagonismo e valor ás mulleres.

Ligazóns

Libro:

<https://editorialvanir.com/es/promociones/336-guerreiras-de-lenda.html>

Autoras:

<https://maitemosconi.com/author/maitemosconi/>

<https://miriambeizana.com/>


Ilustradora:

<https://www.facebook.com/Gemartinez.Ilustradora/>

Editorial:

<https://editorialvanir.com/es/>

Mariña



Texto e ilustracións: Isabel Somoza

Edición da autora, 2019

ISBN 978-84-0909-303-8

Sinopse

Isabel Somoza é unha artista multidisciplinar que decidiu escribir e ilustrar un libro no que recoller a experiencia da súa infancia nun comercio (Confecciones García) de Lugo. Un comercio, situado nun edificio centenario, no que traballaron tres xeracións da súa familia.

Ela lembra ese tempo pasado no medio de camisas, calcetíns, botóns e fíos, entre a roupa feita e os materiais da mercería que servirán para coser.

Unha nena que percorre un mundo vello, vivindo entre persoas adultas e convertendo un espazo comercial na paisaxe na que vivir todas as súas aventuras e fantasías.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Autora
- Teas e fíos, un mundo relacionado coa muller
- O valor da imaxinación
- Creatividade

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Libro de lembranzas
- Autobiografía
- Prosa lírica

Pequeno fragmento significativo

“Mariña ulía a casa vella, a madeira nobre, a envoltorio de papel, a veludo.

Mariña tiña o corazón do seu avó, a sorna do seu pai e a alma da súa nai.

Era unha espía, exploradora, pistoleira.

Era unha espía que pasaba as horas agachada en grandes caixas de la.

Era unha exploradora que coñecía os aterradores misterios agochados tras as portas dos probadores...

Era unha princesa que vivía no seu gran castelo, edificado no cume da estantería de metal gris, coas paredes feitas de caixas de medias.

Era unha pistoleira, armada con tiracroios e tickets da caixa, apuntando dende o alto da escaleira...

Era a muller invisible..., era quen de atravesar de cabo a rabo toda a xastrería sen ser vista.

Pero en realidade, Mariña podía facer todo isto porque era o máis grande que se pode chegar a ser...

Mariña era unha NENA”

Actividades

1. “Mariña ulía a casa vella, a madeira nobre, a veludo. Mariña tiña o corazón do seu avó, a alma da súa nai e a sorna do seu pai”. Así comeza esta historia...

Toca escribir a propia biografía comezando dunha maneira semellante.

2. As ilustracións están realizadas sobre a base dunha boneca articulada realizada con vellos cartóns e vestida con facturas, envoltorios e tickets tamén antigos. Así consegue darlle ese aire doutra época.

Crear unha boneca ou un boneco en cartón e vestilo con roupa feita a medida en papel. Nesta páxina explícasenos como a fai Isabel, a autora.

3. A imaxinación da nena para inventar diferentes papeis (espía, exploradora, princesa, pistoleira, muller invisible...) e representalos, grazas á súa fantasía. A creatividade da autora cun texto que nos emociona e unas ilustracións que recollen ese aire a antigo da tenda familiar (como tamén nese sobre coa etiqueta escrita a máquina)...

Inventar diferentes roles a representar e comparalos para ver se responden ou o non a diferenzas de xénero.

4. Buscar información sobre artistas que traballan con teas e fíos, reivindicando ese material que utilizaron as súas avoas.
5. Entre os oficios das mulleres do pasado abundaba o de costureira. Buscar un cadro de Carlos Maside que leva ese título e unha imaxe de Díaz Pardo que representa esa muller que ía polas casas coa súa máquina na cabeza.

Ligazóns

Libro:

<https://www.verkami.com/projects/22867-marina>


Autora:

<https://cadmiumgallery.art/categoria-obra/artistas/isabel-somoza/>

Editorial:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2019/06/22/cuento-elocio-juegos/0003_201906L22C12997.htm

Nube Branca quere ser astronauta



Texto: Pablo Nogueira Campo

Ilustracións: Manuel Uña

Baía Edicións, 2018

Conto x Conto

ISBN 978-84-9995-284-0

Sinopse

Para cumprir o seu maior desexo, ser astronauta, Nube Branca constrúe un foguete espacial preto do seu tipi. Un pequeno accidente ao querer prendelo faille comprender que vai precisar axuda para lanzalo ao espazo e búscaa nas súas amizades, todas elas animais. Cada unha delas, coas súas particulares características e calidades, vai procurar –ao seu xeito– axudar a nena a lograr o seu desexo, mais non vai ser doado. Sempre atoparán algún problema ou fenómeno que impedirá o seu obxectivo.

Unha narración sinxela con indicacións para o aproveitamento da linguaxe oral coas crianzas mediante acenos, repeticións, cantos...

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais
- Visibilidade da muller

- Modelos igualitarios
- A muller noutras culturas

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado. Narración. Recursos da narración oral
- Amizade. Empatía e solidariedade
- Animais
- Arte
- Astros. Sistema solar. Corpos celestes. Astronautas
- Humor. Absurdo
- Natureza. Meteoroloxía
- Outras culturas
- Profesións

Pequeno fragmento significativo

"Nube Branca quería ser astronauta e viaxar co seu foguete espacial até a Lúa e así, de paso, poder visitar as estrelas que brillan no ceo cando é de noite.

[...] Os amigos xa non sabían que facer para axudaren a cumprir o soño de Nube Branca. A Clarisa ocorréuselle outra idea: pedir consello a un sabio que habitaba no lugar no que vivían."

Actividades

1. Elaborar conxuntamente unha listaxe de profesións asociándoas a roles femininos e masculinos. Cadaquén debe explicar os motivos polos que asocia cada profesión a algún xénero. Conversar sobre se poden ser realizadas por ambos os xéneros. Buscar exemplos. Completar individualmente as catro primeiras columnas e en gran grupo o resto nunha táboa semellante a esta:

Profesión / actividade	Quen a realiza?	Motivo da resposta	Mulleres famosas que a realizan
Astronauta			
Enxeñeira/o aeronáutico/a			

...			

2. Nube Branca desexa ser astronauta. Por iso imos investigar na rede. Escribir nun buscador "nomes de astronautas" e observar os resultados. Cantos nomes de home aparecen? E de muller? Cales poden ser os motivos?
3. Buscar nomes de mulleres astronautas e elaborar una breve ficha sobre elas: nome, lugar e data de nacemento, voos espaciais nos que participaron, algunha pequena anécdota sobre elas que lles interese, algunha imaxe.
4. Expoñer oralmente en que lles gustaría traballar no futuro e os seus motivos. Coñecen mulleres que desenvolvan ese oficio/profesión?
5. As amizades de Nube Branca tentan axudarlle de xeito algo estrambótico, pero empregando algunha das súas calidades ou capacidades. Facer una choiva de ideas sobre como axudar a Nube Branca a acadar o seu desexo.
6. Para reflexionar: sabes cantos planetas hai no Sistema Solar? Coñeces os seus nomes? E os satélites dos planetas, coma a Lúa? De todos eles, cantos teñen nome masculino? E feminino? E os satélites? Buscar información.
7. Moitos dese nomes teñen a súa orixe na mitoloxía. Buscar información sobre Terra e Lúa. Imaxinar e ilustrar como serían esas deusas/mulleres na actualidade.
8. Indaguemos sobre o que queremos ser de maiores todos e todas as compañeiras de clase. Ver se hai diferenzas entre a escolla dos nenos e das nenas.
9. Tamén podemos investigar acerca da profesión das nosas nais e dos nosos pais e concluír se teñen algo que ver co xénero ou non.
10. Pensar nalgún momento en que algunha amiga ou amigo nos ten axudado a cumprir os nosos desexos e en que casos fomos nós quen colaboramos con outros ou outras.
11. Busquemos no dicionario o significado da palabra *sororidade*.

Ligazóns

Escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Pablo_Nogueira_Campo

Ilustrador:


http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=ManUh%EDa+1&alias=Manuel+Uh%EDa

<https://agpi.es/ilustradores/manuel-uhia/>

Obra:

<https://baiaedicions.gal/nube-branca-quere-ser-astronauta.html>

O País do Gran Furado



Texto: Xerardo Quintiá Pérez

Ilustracións: Noemí López Vázquez

Baía, 2019

contoxconto

ISBN 978-84-9995-324-3

II Premio Fina Casalderrey de LIX
para a Igualdade

Sinopse

O País do Gran Furado está gobernado por MAXI-Miliano, que cos seus 18 ministros e 19 policía castiga as mulleres que non obedecen a lei. Unha lei que prohibe que as mulleres coman perdices e sexan felices, que lean poesía e que anden coas orellas merdentas. Elas traballan todo o día abrillantando aeroplanos e afinando pianos mentres os homes xogan ás agachadas.

Todo vai cambiar porque unha muller está disposta a loitar pola liberdade de todas; é Toribia, unha poeta revolucionaria que ten un grupo de música punk.

Ela conseguiu apresar a MAXI-Miliano e os seus ministros e metelos nun curral ata que pediron parlamentar. As negociacións foron claras: acabar coas prohibicións ás mulleres, sacalas a todas do Gran Furado e, a partir daquela, homes e mulleres traballan xuntos, xogan e len poesía.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Represión e explotación das mulleres
- Prohibicións arbitrarias
- Tiranía e liberación

Temática e xéneros

- Conto rimado
- Fantasía
- Parábola

Pequeno fragmento significativo

*"O País do Gran Furado
non é redondo nin cadrado.
Está achatado polos lados.
Ten coma presidente a MAXI-Miliano.
Un home calvo coma un ovo
cun mostacho revirado.
(...)
No País do Gran Furado está prohibido
que as mulleres coman perdices e sexan felices,
que lean poesía, tanto de noite como de día,
e que anden coas orellas merdentas.
Se un policía pilla unha muller sendo feliz
ou comendo perdiz lévaa onda MAXI-Miliano
e este ordena que a chimpan ao Gran Furado."*

Actividades

1. Lectura de texto e imaxes.
2. Comentario e posta en común.

3. Contestar:

Quen gobernaba o País do Gran Furado? Era xusto nas súas ordes?

Que lles prohibía ás mulleres? E aos homes?

Quen era Toribia? Que fixo?

Que negociaron Toribia e MAXI-Miliano?

Despois de parlamentar, mellorou ou empeorou a situación dos homes? E a das mulleres?

Que pode significar MAXI-Miliano?

Nos tempos de MAXI-Miliano, mentres as mulleres traballan, que fan os homes? Pódese ver a relación a isto coa dobre xornada da muller cando non está distribuído o traballo doméstico?

Por que meterían a MAXI-Miliano e aos ministros no curral coas galiñas?

Hai algunha muller ministra? Observade ben e contestade explicando as razóns para iso.

4. Analizar a diferenza entre como trata MAXI-Miliano as mulleres e como trata Toribia os homes. Elas tiñan que estar ao servizo dos homes, pero cando cambian as tornas, non lles obrigan a eles a estar ao servizo delas, verdade? Ver se hai relación entre estes comportamentos co machismo e co feminismo.

5. As prohibicións de MAXI-Miliano semellan arbitrarias, como se non tivesen ningún sentido. Observemos:

Non ser felices nin comer perdices. Con que ten relación esta frase?

Non ler nin escribir poesía, e tampouco falar rimando. Por que será?

Levar as orellas limpas. Por que?

Na vida real, antes, as mulleres tampouco podían facer determinadas cousas. Indagar cales.

Ademais, escribíanse teorías moi absurdas sobre elas, como que non tiñan alma, que non tiñan o cerebro igual ao dos homes, que non tiñan capacidade para levar as contas, que non podían valerse por si mesmas, que non podían xogar ao fútbol nin andar en bici... Preguntar ás persoas maiores, seguro que vos poden axudar.

Houbo mulleres que escribiron pero que non as coñecemos, e outras que o fixeron asinando con nomes de homes. Buscar o nome dalgunha delas.

6. Cando Toribia e as Eskorna-Kabras teñen prisioneiros a MAXI-Miliano e aos ministros, danlles xusto o que eles lles tiñan prohibido a

elas: perdes, poesía e orellas porcas. Seméllavos un castigo? Argumentade a resposta.

Na vida real, as feministas tamén reivindicán que os homes poidan ter o que semellaba propio delas como falar dos sentimentos, ser sensibles, non ter que mostrarse sempre fortes, poder coidar dos bebés e das persoas maiores...

7. De noite MAXI-Miliano ten pesadelos e os ministros coidan del como se fose un bebé, cólleno no colo, arróllano, peitéanlle o mostacho... Imaxinabas que se puidese tratar así un tirano? Comentar as respostas.
8. MAXI-Miliano castiga as mulleres enviándoas ao Gran Furado, pode ter iso algo que ver con facelas invisibles, non deixar que se vexa o que elas fan, que non se lles dea valor?
9. Toribia reivindica a liberación das mulleres con alegría, cantando, incluso son de cores as teas coas que os atrapa... Observemos a diferenza neste sentido entre o principio do conto e o final.
10. Na banda e na roupa, Toribia xunta o novo co vello, as zocas coa chupa de coiro, a gaita coa guitarra eléctrica, que pode significar iso?
11. O conto está en verso, con ritmo e rima, por iso se le con tanta gusto. Podemos xogar a facer máis rimas e tamén a crear frases que se poidan repetir na lectura como "Loitarei e loitarei e ese tira-no derrocarei!"
12. As ilustracións de Noemí López axúdannos a entender aínda mellor a historia porque nos achegan máis datos, por exemplo acerca do uniforme de MAXI-Miliano, do dos ministros, policías e mulleres... e como todo isto cambia ao final. Comparar estes uniformes coa roupa de Toribia.

O debuxo do País do Gran Furado pode lembrarnos o planeta dun príncipe famoso. Cal?

Podemos observar o punto de vista das ilustracións, por exemplo na segunda cando MAXI-Miliano e os ministros miran o Gran Furado. Comparalo coa penúltima imaxe.

Observar a primeira imaxe na que aparece Toribia e ver a diferenza entre o lado esquerdo onde está no concerto e o dereito no que unha muller camiña con temor, cal será o significado?

Ligazóns

Libro:

<https://baiaedicions.gal/o-pais-do-gran-furado.html>

Autor:

<https://baiaedicions.gal/autores/Quintia-perez-xerardo/>

Ilustradora:

<http://cultura.galiciadigital.com/autor/lopez-noemi>

Editorial:

<https://baiaedicions.gal/>

Premio:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Premio_Fina_Casalderrey_de_Literatura_Infantil_pola_Igualdade

Que lles pasa ás princesas?



Texto: Felicia Redondo

Ilustracións: Jessica Mera

Edicións Xerais Galicia, 2019

ISBN 978-84-9151-326-1

Sinopse

As princesas dos contos están fartas do papel que sempre lles toca e deciden mudar o seu rol.

Cada unha das protagonistas dos contos clásicos, de Carapuchiña a Pocahontas, rexeita a función que lles imponen. Non queren máis ser persoas pasivas, fermosas e parvas sen arte nin parte no seu propio destino.

Non queren depender sempre de príncipes parvos, madiñas ou bruxas. Dende agora decidirán o que van facer, pasando de cestos, de rocas e de zapatos de cristal.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Cambio de roles
- Empoderamento da muller (ou das mulleres).
- Ruptura dos estereotipos tradicionais
- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado
- Rebeldía. Inconformismo
- Renovación dos contos tradicionais

Pequenos fragmentos significativos

"Hai FESTA no reino!"

–dinlles ás princesas–.

"Ao novo terreo

Acudide FRESCAS".

(...)

E xuntas deciden

Vogar polos mares,

Á SEREA esixen

E berran: Non cales!

Pois nada de eventos

Que amputen as ÁS,

Prefiren os ventos

Aos príncipes ras.

Actividades

1. A que conto corresponde cada unha das princesas?

Carapucha _____

Cincenta _____

Xasmín _____

Rapunzel _____

Pocahontas _____

Wendy _____

Branca de Neve _____

Bela Dormente _____

Bela _____
 Serea _____

2. Comproba nos contos orixinais que é o que facía cada unha das princesas:

Carapucha _____
 Cincenta _____
 Xasmín _____
 Rapunzel _____
 Pocahontas _____
 Wendy _____
 Branca de Neve _____
 Bela Dormente _____
 Bela _____
 Serea _____

3. Competencias necesarias para ser princesa ou príncipe de conto:

PRINCESA	X
INTELIXENCIA	
FERMOSURA	
ELEGANCIA	
FORZA	
VALENTÍA	
RESPONSABILIDADE	
XENEROSIDADE	
AUDACIA	
DECISIÓN	
PRUDENCIA	
LIMPEZA	
HUMOR	
SENSATEZ	
CREATIVIDADE	
SIMPATÍA	
CAPACIDADE DE TRABALLO	
PUNTUALIDADE	
AFOUTEZA	

PRÍNCIPE	X
INTELIXENCIA	
FERMOSURA	
ELEGANCIA	
FORZA	
VALENTÍA	
RESPONSABILIDADE	
XENEROSIDADE	
AUDACIA	
DECISIÓN	
PRUDENCIA	
LIMPEZA	
HUMOR	
SENSATEZ	
CREATIVIDADE	
SIMPATÍA	
CAPACIDADE DE TRABALLO	
PUNTUALIDADE	
AFOUTEZA	

De todas estas habilidades, escollede as seis máis necesarias para a vida normal:

- Fórmanse grupos, a cada un correspóndelle un conto. Sortearase a quen lle corresponderá o papel de princesa en cada equipo, sen que importe se é neno ou nena. A persoa a quen lle toque ese papel escollerá como quere que sexa o conto. Logo, entre todo o grupo, terán que preparar a historia para contala.
- O conto ao revés: organízanse varios grupos e cada un deles preparará a historia que lle toque, por sorteo, convertendo as persoaxes femininas en masculinas e viceversa. Logo contaranse ou representaranse estas novas versións dos contos tradicionais.
- Na vida real, que traballos poden facer os homes, as mulleres, os príncipes ou as princesas?

	HOME	MULLER	PRÍNCIPE	PRINCESA	CALQUERA
COCIÑA					
MECÁNICA					
PEITEADO					
BAILE					
POLÍTICA					
CONSERXERÍA					
ENFERMERÍA					
DIRECCIÓN DE BANCA					
COIDADADO DE BEBÉS					
CONTABILIDADE					
POLÍTICA					
AVOGACÍA					
PILOTAR AVIÓNS					
SECRETARÍA					
FREGAPRATOS					
MEDICINA					

En asemblea, razoar as eleccións.

7. Nas casas da xente normal, nas nosas casas, como se reparte o traballo?

TRABALLO	QUEN O FAI
Preparar o almorzo	
Facer as camas	
Fregar o baño	
Arrombar a casa	
Poñer a lavadora	
Varrer	
Pasar a fregona	
Limpar os mobles	
Poñer a mesa	
Facer o xantar	
Recoller a mesa	
Preparar a listaxe da compra	
Fregar os pratos	
Pasar o ferro	
Coser	

8. Cuestións para un debate:

Hai princesas na vida real, fóra dos contos? Como se chega a ser princesa? Que hai que estudar para ser princesa? Ou príncipe? Que ten que facer unha princesa? E un príncipe?

Ligazóns

Autora:

<http://editorialgalaxia.gal/autor/felicia-redondo/>

Libro:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/que-lles-pasa-princesas/>

Outras ligazóns:

<http://clubpoetasinsomnes.blogspot.com/2019/06/que-lles-pasa-as-princesas-un-conto.html>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

<https://www.pinterest.es/galixbiblioteca/gu%C3%ADas-lix-non-discriminatoria/>

<http://delibroseoutros.blogspot.com/2018/04/recursos-para-igualdade-na-literatura.html>

Vermella



Texto: Sabela Losada Cortizas

Ilustracións: Minia Regos

Baía, 2018

conto

ISBN 978-84-9995-298-7

I Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade (2018) Ex aequo

Sinopse

Flor e Leo son amigos e andan a xogar. Ela acaba de atopar unas pingas de sangue no cuarto de baño. Os dous deciden indagar quen se cortou ou cal foi o accidente. Realizarán a investigación gravando todo cun móbil.

Ao final, despois de andar arredor do can e do pai, será a irmá maior de Leo quen lles explique que lle acaba de vir a regra, por primeira vez, e ese é o sangue que eles atoparon.

O pai coméntalles que sen a regra as mulleres non terían fillos/as e ningún deles estaría vivo. A nai chega cun libro e compresas de algodón para Xulia.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Linguaxe non sexista
- A regra mensual
- Ruptura de roles
- Diferenzas entre os sexos
- Maternidade

Temática e xéneros

- Narración
- Realismo
- O corpo das mulleres
- A menstruación
- Estereotipos

Pequeno fragmento significativo

"Flor quere xogar ás princesas. Gabeou polo castiñeiro e quere que Leo sexa o príncipe que a rescate do castelo en labaradas.

Pero Leo prefire ser un bandido que pelexa contra o rei con arco e espadas.

A Flor, o de baterse con paus non lle fai ningunha graza.

Xulia escoita a discusión e achégase.

–Como se só houbese dúas opcións de xogo!"

Actividades

1. Observamos as ilustracións. Cales son as cores predominantes nos debuxos?

Por que será?

Que obxectos e debuxos atopamos no cuarto de Xulia que nos chamen a atención?

Semella que a vexetación está moi viva e exuberante, en que o notas? É só a natureza?

Que animais ou obxectos aparecen nas ilustracións que che resultan estraños?

Algunha imaxe semella que ten trampa, podes vela?

O xersei de Xulia ten un debuxo que representa o útero e os ovarios? Es quen de velo?

Hai un ou dous cans? Por que?

2. Explicar a ilustración da cuberta.
3. Flor quere ser princesa. Leo quere ser bandido. Terá algo que ver cos estereotipos tradicionais de nenos e nenas?
4. Comentar o que saben da regra, quen lle proporcionou a información, se a buscaron polos seus medios... Buscar información en libros de coñecemento.
5. Lembrar contos de princesas que son salvadas por príncipes e contos de bandidos que se pelexan con reis. Ver a relación cos roles e estereotipos tradicionais.
6. A menstruación non é un tema que apareza moito na literatura e menos na LIX, pero podemos ler o principio de *Be water* para ver como é tratado noutros casos.
7. Podemos buscar información sobre a menstruación para contar con toda a documentación que nos interesa.
8. Meterse a detectives como fan Flor e Leo. Entre o xogo e a alegría indagar acerca de algo que nos chamase a atención. Para que resulte máis divertido podemos crear unha situación de ficción.

Ligazóns

Libro:

<https://miniaregos.com/Vermella>

Autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/sabela-lorada-cortizas>

Ilustradora:

<https://miniaregos.com/About-Minia-Regos>

Premio:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Premio_Fina_Casalderrey_de_Literatura_Infantil_pola_Igualdade

Lecturas autónomas

A casa do paralelo 54



Texto: Iria Collazo López

Ilustracións: Luz Beloso

Editorial: Galaxia, 2019

Colección Árbore

ISBN: 978-84-9151-299-8

Sinopse

Unha casa situada sobre un paralelo. Unha nena que nos conta a historia do que sucedeu a partir do momento no que unha tormenta leva polo aire (e polo mar) a cama na que Gris (a rapaza protagonista), o señor Smith (o seu amigo, tamén de once anos) e Morde (o mapache) van cara a aventuras descoñecidas.

Cando Gris se presenta, na primeira páxina, di que esta será a última historia que nos conte, porque o fai dende as fauces dun oso. Nun flash back remóntase ao principio do relato e vai pasando por todo o sucedido, presentando os seus acompañantes e alternando esta narración coa "Guía de viaxe de Gris, Smith e Morde: experiencias e consellos útiles" no que se responde ao "Que é", "Que ver", "Onde comer" e "Onde durmir" da rúa Ponteflor, o océano Pacífico, o colexio público de Veromar, a Illa Descoñecida, a cova da Illa Descoñecida, o corredor do Medo, o pozo

e o Polo Norte. No antepenúltimo capítulo danlle a palabra ao señor Smith, porque a nena quedou sen voz na boca do oso, pero tan pronto se recupera, xa ela conta, de novo.

Unha historia tremendamente fantástica e surreal, onde pode resultar difícil situarse pero só hai que deixarse levar pola imaxinación imparabile e moverse entre unha realidade crible e a maxia máis absurda.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Muller protagonista: autora, ilustradora, personaxe principal
- Visibilidade da muller
- Modelos igualitarios
- Ruptura de estereotipos
- Valentía da muller
- Diversidade familiar

Temática e xéneros

- Novela fantástica
- Amizade
- Autoestima
- Relato de aventuras
- Sentimentos e emocións

Pequeno fragmento significativo

"Smith ten once anos coma min, e vai na miña mesma clase. Somos amigos desde que chegou á vila coa súa familia, hai xa case tres anos, e á xente dálle por dicir que parecemos namorados. Isto de emparellar a xente é unha tendencia bastante habitual (un trending topic en toda regra): sófreo a encargada do súper co caixeiro; a profe da pasantía coa fontaneira e incluso Morde coa gata do señor Artur. Como vexo que a xente está aburrída e precisa de historias que contar, ás veces chíscolle un ollo a Smith cando pasamos por diante dun grupo de veciños. A verdade é que non sei se estou namorada, pero, se o estou, é unha sensación encantadora: nos meus once anos tiveron esa mesma sensación con Smith, co pelo vermello da miña compañeira de pupitre e cos espaguetis co tomate que fai meu pai. O certo é que Smith e mais eu nunca lle dixemos a

ninguén que nos queremos, pero non creo que faga falta, do mesmo modo que non é necesario que anuncie aos catro ventos o meu amor pola pasta italiana.

(...)

O señor Smith vive coas súas nais, Sara e Amelia, e ás veces veno visitar tamén o seu avó Stéphane, o que lle deu a chistera, e que ademais sempre aparece cargado de libros."

Actividades

1. Faise necesario estudar os personaxes para ver como é o carácter e comportamento de cada un deles e mirar se coincide cos estereotipos de xénero:

Nai de Gris

Pai de Gris

Avoa de Gris

Gris

Señor Smith

As súas nais

O seu avó

Wolf

Pai de Wolf

2. A comparación entre as dúas personaxes principais pode ser moi interesante, en que se semellan e en que se diferencian Bris e Smith?
3. A novela trata con naturalidade situacións que xa teñen que estar totalmente asimiladas como a familia de Smith, composta por dúas nais e ningún pai. Pensemos nas familias que coñecemos:

Con pai e nai

Con dous pais

Con dúas nais

Monoparental

Familia de acollida

Fillo/a adoptado/a

4. Reflexionemos acerca das seguintes frases:

"O señor Smith era moi intelixente, aínda que o sentido común non era o seu forte."

"Incluso me pareceu ver a cara murcha do meu pai asomada á ventá do balcón, choromicando."

"O único que quizais vos poida parecer interesante é o feito de que vai adornado acófo cunha chistera que era do seu avó. Pero este, realmente, é un detalle sen importancia."

"Mamá fixérame unha cama-barco cun velame espectacular; con ollos de boi polos que eu podía ver todo o universo e incluso cun temón que se movía lixeiro coma a brisa do mar. Papá pintara o océano nas paredes e delas saltaban os golfinhos e os peixes voadores."

"A avoa fora dunha grande axuda creando un sistema de pesos e contrapesos cunha chea de poleas e sacos de area que normalmente nos axudaban a levar unha vida tranquila, pero os días de temporal tiñamos que poñer en marcha o operativo de emerxencias."

"—Se polo menos tivese algo con que escribir podería apuntar que estou enfadado con vostede, así non me esquecería cada dous por tres!"

"Estiven aínda dúas horas máis así, por non dar o brazo o torcer, pero á fin traguei o meu orgullo e sentei ao lado do meu amigo, que pensaba no infinito con xesto de resignación."

"A súa filla querida ía á deriva dentro dunha cama-barco e acompañada dun veciño sabichón e máis dun mapache rebelde."

"Sabía que Smith odiaba ter conflitos cos amigos, ademais de ser un tanto mexericas". "(...) non coñezo ninguén máis feliz ca el (Smith)"

"Os mapaches son animais moi testáns, pero teñen bo corazón"

"A miña nai reconstruíu a casa coa axuda do meu pai e da miña avoa e pronto estivo lista para colocala de novo sobre o paralelo 54, que Ara xa arranxara"

5. Contestamos:

Como é a relación entre Smith e Gris? Que cousas chaman a atención nesa amizade?

En que consiste a psicoloxía inversa e o reforzo positivo?

Cal é a razón pola que Wolf trata mal os seus compañeiros?

Que lle ensina Gris a Smith?

En que ocasións demostra Gris a súa valentía?

Gris di de si mesma que ten moito carácter. É ese o trazo de personalidade que responde ao que se agarda das nenas, segundo o estereotipo tradicional?

Ás veces os monstros non o son tanto, poden rir, querernos e incluso tratarnos como tenras avoas. A quen nos estamos a referir? Coñecemos alguén así?

Por que chaman a Smith o belo dormente? Quen era a bela dormente? Cal é a diferenza entrambos?

Smith e Gris son lectores? Contestar anexando probas.

6. Busquemos lugares polos que pasa o paralelo 54
7. Gris cando fala do seu amigo e da súa mascota, igual que dos seus pais, incluso dela mesma... é moi crítica e sempre comenta os seus defectos ao lado das calidades. A quen se refire, por exemplo, cando di que é un mexericas, prepotente, tenro, sereno, despreocupado, acepta as opinións contrarias ou é medoso? Realmente, todos e todas nós somos contraditorios/as e, ao lado de características positivas, temos outras negativas. Realizade un debate acerca desta afirmación e pensade se isto se cumpre no voso caso.
8. Comentemos o seguinte texto:

"E como tiñamos tanto tempo libre e tan poucas cousas que facer, o señor Smith falaba. Decía unha e outra vez que as palabras serían a nosa salvación. Así que nos contaba todo tipo de historias que ás veces comezaban sendo reais e remataban cheas de toques fantásticos, e outras veces iniciábanse resultando increíbles e acababan por parecernos propias da vida cotiá. Todo isto ocorría porque o señor Smith é un verdadeiro arquitecto de contos.

Unha noite en que debiamos estar a temperaturas baixo cero contounos un relato titulado "O día máis caloroso do mundo" e conseguíu que nos entrase tanta calor que ao final tivemos que durmir sen mantas"

Desta maneira, aplicando a metodoloxía de Smith podemos inventar historias sobre un mundo no que a igualdade de homes e mulleres sexa certa, na que non exista a violencia de xénero, na que todas e todos teñamos os mesmos dereitos... e acabará sendo certo.

9. Wolf era o abusón, un rapaz forte e maligno que andaba a detectar os individuos máis febles do rabaño para atacar sen piedade. Como conseguen acabar con ese problema? Cal era a causa? Cal a consecuencia? Que ensinanza extraemos desta historia?

10. Para solucionar o problema anterior, constitúen a Asociación de Afectadas/os polo Abusón de Wolf (AAAW) e entre uns e outras investigan a razón pola que se comporta desa maneira ata rematar solucionando o problema. A unión de todos e todas arredor desa plataforma organizativa é a que lle dá alianza de todos/as é o que facilite resolver o conflito. O asociacionismo créase para resolver problemas que individualmente non podemos afrontar. Así nacen, por exemplo, as asociacións de mulleres para defender a igualdade. Busquemos os nomes e as páxinas web destas asociacións.

Pensemos na posibilidade de resolver algún outro conflito dunha maneira tan natural e tan creativa.

11. Localizar os fragmentos que máis nos gustaron, por exemplo sobre os medos ou sobre os contos, para poder facer unha audición, gravando no móbil. Outros grupos poden facer audios cos diferentes capítulos da *Guía de viaxe de Gris, Smith e Morde: experiencias e consellos útiles*.

Ligazóns

Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Iria_Collazo

Ilustradora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Luz_Beloso

Libro:


<https://www.youtube.com/watch?v=Ba8DulmXvOM>

<https://ceipseara.blogspot.com/2019/05/booktubers-de-seara-casa-do-paralelo-54.html>

Editorial:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/casa-paralelo-54/>

A fada pirata



Texto: Carlos Labraña

Ilustracións: María Xosé Díaz

Edicións Fervenza, 2018

A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar

ISBN 978-84-1709-440-9

Sinopse

Din que existe unha illa perdida no medio do mar habitada por todo tipo de seres extraordinarios. Alí viven un trasno e un anano nunha cabana ao pé da praia. Todas as mañás saen co amencer na procura dalgunha lembranza que a marea deixase atrás, para entregarlle ao “mandaricás” daquelas terras: un mago rabudo e caprichoso. Ata o día que atopan varado no areal un barco pirata cargado cun tesouro fabuloso. A fada pirata co seu cofre conseguirá cambiar as súas vidas para sempre.

Cos libros e unha nena (ou fada) seguro que poden navegar mares de soños.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais
- Nena pirata
- Mitoloxía feminina: fada

- Defensa dos sonhos
- Defensa da autonomía e non sometemento a outros/as
- Asertividade
- Empoderamento

Temática e xéneros

- Peza teatral
- O mundo dos libros
- Os contos e os seus protagonistas
- Piratería
- Personaxes da mitoloxía: mago, anano, trasno, fada...
- A illa perdida

Pequeno fragmento significativo

“Mago colle un libro e tenta partilo.

FADA.- Por favor, non faga iso. Nese libro vive o meu amigo Balbino, naquel Rañolas e nesoutro Escarlatina...

MAGO.- Non te equivoques, non son seres reais, só sombras pantasma que enfeitizan e enlean as cabeciñas inocentes dos nenos, como me pasou a min.

FADA.- Estes libros que traio aquí non poden facer mal a ninguén. Todo o contrario, pódente levar a lugares maravillosos habitados por seres extraordinarios. De feito, foron quen de traerme á vosa terra.

MAGO.- Pensas que son parvo? Eu xa fixen esta viaxe antes ca ti. Tamén lin libros a moreas, historias extraordinarias que me fixeron crer que podía chegar a ser un gran mago e realizar fazañas importantes. E xa ves no que me convertín, nun pobre home que xa non ten sonhos nin chisca de maxia. Iso era o que esperabas atopar aquí?

FADA.- Non, máis ca un sonho semella un pesadelo. Quizais esperte e entón me decate que esta illa só existe porque eu a imaxinei.”

Actividades

1. Lemos a obra, primeiro en silencio, e despois en voz alta, repartindo os papeis.

2. Buscamos información dos personaxes: mago, fada, anano e trasno.
3. Comparamos os personaxes deténdonos na nena ou fada.
4. Explicamos que é o que fai ela, quen é, con que viaxa, onde chega, que fai, que lles di, que decide...
5. Buscamos outras historias (en libros ou películas) nas que existan mulleres piratas.
6. Continuemos o xogo que se establece entre a fada e o trasno na páxina 14 cando el tenta adiviñar que hai dentro do cofre.
7. Documentámonos sobre os libros e personaxes que aparecen citados na obra: *Merlín e familia*, Balbino, Rañolas, Escarlatina,...
8. Completa:

A nena pirata e fada cre no poder dos libros para acadar mundos de soños. Fronte a ela, o mago opina ...
9. Dille o trasno á nena que cando chegue o mago terá que "tratalo con respecto e facer o que el diga, que é moi mandáricas", ao que ela contesta que só o obedecerá se o que el manda é razoable. Nin o trasno nin o anano pensaran na posibilidade de non facerlle caso a pesar de que o vían moi mandón e sabían que non os trataba ben... incluso o anano quere adiantarse a cumprirlle os desexos. Opinemos acerca do comportamento de cada un deles e do que consideremos máis xusto.
10. Representamos a obra converténdonos en actores e actriz. Aquel alumnado que non interprete os personaxes poderá encargarse dos decorados, atrezzo, vestiario, son, caracterización, vestiario...
11. Escribir a continuación da obra.

Ligazóns

Libro:

<https://www.edicionsfervenza.es/home/213-a-fada-pirata.html>

Autor:

https://es.wikipedia.org/wiki/Carlos_Labra%C3%B1a

Ilustradora:

<http://www.pintoresgallegos.com/bibliografia/mariajosediazrey.html>

Editorial:

<https://www.edicionsfervenza.es//www.edicionsfervenza.es/16-teatro>

A formiga fóra do carreiro



Texto: Raquel Castro

Ilustracións: Ángela Álvarez Paula

Editorial Galaxia, 2018

Árbore

ISBN 978-84-9151-198-4

2º Mellor libro de teatro en galego do 2018, en Fervenzas Literarias

Finalista na Gala do Libro Galego 2019

Sinopse

Peza teatral en dous actos na que todas as personaxes son femininas. Farta de percorrer sempre o mesmo carreiro coa mesma finalidade, Formiga decide partir á busca do seu destino, lonxe da rutina cotiá, desexando ver mundo, coñecer xente e vivir novas experiencias. Na súa andaina, pola Fraga dos Altos Carballos, atopará outros bichos que tentan aconsellala –ás veces, como a Araña, en beneficio propio– partindo das súas propias vivencias.

Formiga descoñece case todo o que non teña que ver co formigueiro, e nas conversas cos outros bichos irá atopando opcións sobre o que lle apetece, ou non, ser.

É unha obra de fácil representación, áxil, divertida e con pinceladas retranqueiras (especialmente nos diálogos da Araña Tecelá), na que se incide no anxeio de liberdade de Formiga e na posibilidade de atopar o propio camiño, tendo a valentía de romper cos moldes establecidos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Empoderamento da muller. Visibilidade da muller
- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura de roles tradicionais
- Sororidade

Temática e xéneros

- Teatro. Recursos da narración oral
- Afectividade e emocións. Autoestima. Sentimentos
- Animais / bichos
- Aventura
- Circo
- Empatía e solidariedade. Valores
- Música
- Retranca
- Valoración do traballo ben feito

Pequeno fragmento significativo

FORMIGA: Son unha formiga obreira e levo máis de media vida medida nun carreiro de formigas obreiras, coma min, carrexando comida ata o formigueiro.

MOSCA: E non che gustaba o de carrexar, logo?

FORMIGA: Non. Estaba farta de facer sempre o mesmo, que unha tamén ten os seus soños.

ARAÑA: (Con sorna.) Unha formiga con soños! Isto é novo! E cal é o teu soño, se se pode saber, amiga obreira?

FORMIGA: (Con voz soñadora.) Eu... é que non o sei certo aínda, mais cando atope o meu destino, saberei o que teño que facer.

MOSCA: Pois eu sempre souben que quería ser aviadora, mais igual estou errada e deba atopar tamén o meu destino para llo preguntar.

ARAÑA: (Ao público.) *O que eu digo, esta Mosca cegarata é pampa de todo! (Á Mosca.) Mosca! Mosca! O teu destino está aquí canda min, ven que cho presento!*

MOSCA: *Non, non, non, non me debo achegar! Si, si, si, que me que-re papar!*

Vaise zunindo e voando, claro.

FORMIGA: *Pois eu tamén me vou, señora Araña, ata máis ver...*

Actividades

1. Cada personaxe desta obra realiza un traballo ou oficio para o que están capacitadas, e segundo as súas habilidades, case todas relacionadas co circo. Dálle unha "volta ao conto" e pensa que outros oficios ou tarefas poderían realizar noutros contextos: nunha oficina, nunha escola, nun banco, nun laboratorio, nunha fábrica de robótica...
2. Formiga desexa encontrar o seu destino e atopa algo que lle gusta facer. Que desexarías ser ti nun futuro? Que pasos terías que dar para conseguilo? Hai algo que coides que non podes facer por ser neno ou nena?
3. Por parellas, sodes periodistas e entrevistades a cada unha das personaxes do conto ampliando as ideas do libro: que son na actualidade, que desexarían ser, como se desenvolve o seu traballo, cales eran as súas ilusións, están ou non satisfeitas co que fan...
4. Pescudar sobre a autora e as súas obras. Que tipo de obras escribe, como son as protagonistas, títulos...
5. Reflexionar en pequeno grupo sobre os motivos que pode ter Formiga para desexar cambiar a súa vida cotiá, que vantaxes ou inconvintes pode ter a súa decisión; argumentar as opinións na posta en común en gran grupo. Pódese tirar unha conclusión única?
6. Facer listaxes de traballos que hoxe realiza a muller e que antes non lle deixaban facer, incluíndo os do circo e outras actividades artísticas; debater sobre estes cambios.
7. O título desta obra é "antónimo" dunha coñecida canción portuguesa. Búscaa e compara o texto con esta obra.
8. O teatro pódese ler, pero tamén representar de múltiples maneiras, converténdonos en actrices e actores, por medio de bonecos, sombras... Probade a realizar unha posta en escena da obra que acabamos de ler.
9. Localizar outros contos nos que as protagonistas sexan formigas.

Ligazóns

Autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/raquel-castro>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Raquel_Castro

Ilustradora:

<https://www.artstation.com/hella>

Obra:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/formiga-fora-carreiro/>

A nena, o monstro e o mar



Texto: Teresa González Costa

Ilustracións: Martín Romero

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Sopa de Libros

ISBN 978-84-9121-543-1

Sinopse

Esta é a segunda historia de Leopolda Diéguez na que lle relata un conto ao seu compañeiro e amigo Gran Gogol. Coñecemos estes dous personaxes na anterior entrega da serie. quen non lera ese primeiro libro (*Fred Quincalla, o nómade do mar*) descubrirá nesta obra a narradora e o escoitador de historias, perseguidos polo poder baixo a acusación de contarlle mentiras á xente.

Leopolda porque o rei non diferenciaba entre un conto e unha mentira. O seu amigo por contarlle á duquesa catro verdades que non foron do seu gusto.

Gran Gogol está prisioneiro nunha torre inexpugnable e Leopolda vai levar comida e contarlle unha historia sobre os sentimentos e a memoria das pedras.

Este, que conta Leopolda, é o relato dunha viaxe de construción da identidade. Pero o libro desvela tamén a irresponsabilidade e o egoísmo da xente, no mundo capitalista.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Formación da identidade
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura dos estereotipos tradicionais
- A muller contadora de historias

Temática e xéneros

- Novela fantástica
- Relato de aventuras
- Formación da identidade
- Historia dentro da historia

Pequenos fragmentos significativos

“Os habitantes da vila coñecían moi ben o matrimonio que fabricaba lámpadas, e ninguén dubidou das súas palabras. Así que se xuntaron para buscar o neno. O gobernador, que xa o tiña todo pensado, empezou a gastar gran parte da súa fortuna e a ofrecerlla a todo o mundo. Así, todas as familias, que normalmente tiñan que traballar moito para ter cartos cos que poder vivir, atopáronse cunha pequena fortuna. Con eses cartos comezaron a construír casas enormes e ter barcos tamén enormes. Pouco a pouco foron esquecendo a familia dos facedores de luz e cadaquén pechouse nas súas novas propiedades. Ninguén tiña gana de escoitar as desgrazas de ninguén. Tampouco precisaban as súas pequenas lámpadas, xa que agora podían mercar outras moito máis grandes e luxosas que viñan de lugares afastados.

(...)

A xente decatouse do erro que cometera aceptando a conduta e máis os cartos do gobernador, pero xa era demasiado tarde. E cando todos foron onda el para pedirlle explicacións, só obtiveron o seu desprezo.

–Vós sodes os verdadeiros responsables de que os pais do Tala marchasen de aquí –espetoulles o gobernador–. Eran os vosos veciños e por unhas cantas moedas vós abandonásteos.

Actividades

1. Este libro ten tres historias: unha historia dentro doutra historia e dentro doutra historia.

Quen conta a historia da nena, o monstro e o mar? _____

A quen lla conta? _____

Por que está preso Gran Gogol? _____

De que trata a historia que lle conta? _____

Pero dentro desa historia, aínda hai outra historia. Onde aparece esa terceira historia e que conta? _____

Quen protagoniza esta última historia? _____

Que conta? _____

2. As protagonistas deste libro son dúas personaxes femininos: Leopolda e a nena.

Anotar 3 características destacables de cada unha delas.

LEOPOLDA			
NENA			

Contrastar as opinións do grupo e elaborar unha táboa común que poda valer para definir as dúas protagonistas. Escribir tres adxectivos para cada unha.

Que teñen en común? _____

Escoller entre os adxectivos desta caixa aqueles que lles acaian ben ás dúas.

estrambótica, decidida, independente, responsable, preguiceira, teimuda, imaxinativa, taravela, ruín, xenerosa, garatuxeira, arroutada, divertida, mentireira, capaz, amable, mexericas, celosa, parva.

3. Buscar en dicionarios ou enciclopedias, en papel ou en rede, a palabra ESTEREOTIPO.

Posta en común: falar desta palabra ata chegar a comprender o concepto, antes de continuar coa seguinte actividade.

Explicar, coa maior claridade posible, que é un estereotipo e que significa estereotipo de xénero:

4. Cubrir esta táboa

PROFESIÓN	MULLER	HOME
Xudicatura	Xuíza	Xuíz
Funcionario de Correos		
Profesional da educación		
Profesional da costura		
Traballo co metal		
Gandería		
Maxia		

5. En base aos estereotipos de xénero asígnanse os roles de xénero, que son os papeis sociais que lle corresponden a cada sexo segundo estes estereotipos. Reflexionar en grupo sobre se a repartición de profesións do libro responde a estereotipos de xénero

6. Encher esta táboa poñendo profesións de homes e de mulleres:

PROFESIÓN	HOME OU MULLER	RAZÓNS

7. Que requisitos hai que cumprir para cada un destes traballos?

Correos: _____

Costura: _____

Metal: _____

Taxis: _____

Condución de camións: _____

Ebanistería: _____

Cociña: _____

Construción: _____

Medicina: _____

Fontanería: _____

Debater sobre se hai algunha profesión que non poidan desempeñar as mulleres.

8. Leopolda e mais a nena acadan os seus obxectivos:

Que conseguiu Leopolda? _____

Que conseguiu a nena? _____

Que habilidades ou capacidades precisaron para resolver os seus problemas e acadar os seus obxectivos? _____

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Teresa_Gonz%C3%A1lez_Costa

Ilustrador:

<https://agpi.es/ilustradores/martin-romero/>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5861649>

Outras ligazóns relacionadas coas actividades propostas:

<https://osbolechas.gal/igualdade/downloads/unidaddidactica.pdf>

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1551102879/contido/ODE/tema1/estereotipos.html>

https://www.politecnicodesantiago.es/anuncio_video_igualdade/

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xogar-ser-maior-descubrir-vocacions-profesionais>

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/comba-ter-os-estereotipos-xenero-aulas>

<http://www.edu.xunta.gal/eduga/1368/investigacion/presenza-estereotipos-xenero-nunha-mostra-estudantes-formacion-profesional-da>

A porta dourada



Texto: Xelís de Toro

Ilustracións: Pablo Rosendo

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Sopa de Libros

ISBN 978-84-9121-416-8

Sinopse

Tina cóntanos a historia. Ela é unha nena que adora ir ao río con seu pai. Ben é certo que, a pesar da roupa e das canas, nunca pescan nada (nin teñen maior interese en facelo) pero ela sempre apaña as historias que lle conta o pai. Ese pai que é escritor coa cabeza, mecánico coas mans e pescador co corazón.

Entre a preocupación pola perda de traballo do pai e a historia dunha serea á que quere salvar, unha noite Tina decide baixar ao río soa; cae, móllase, acatárrase, arde en febre e cando a atopan teñen que hospitalizala.

O que non saben é que esa noite ela conseguiu atopar a serea e contarlle que rematou o maleficio e os seus cantos xa non van tolear o mariñeiro que ama, falar cos peixes e cumprir as tres probas que lle impoñen: a primeira é convencer a Serea Saudosa para que volva á gran lagoa, a segunda é contarlles un conto aos peixes que os faga escachar coa risa e a terceira é aprender galego mollado (que é o que falan os peixes).

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Nena empoderada
- Solidariedade cos demais
- Activismo
- Ecofeminismo

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela infantil
- Nena activa
- Defensa dos/as outros/as
- Narrador en primeira persoa

Pequeno fragmento significativo

“Contar o que vou contar non é doado sabendo de entrada que me encontro con caras incrédulas e con ollos abraiados, pero a fin de contas, que me importa unha proba máis! Se algo aprendín esta noite é que, se unha quere conseguir algo, debe facer todo o que estea nas súas aletas. Pero será mellor que comece polo principio...”

(...)

“Fun para a cama mentres eles quedaban trasfegando e arranxando cousas na cociña. Para facer oír os meus dereitos, subín ao meu cuarto batendo forte coa pés nas escaleiras. Ademais de filósofa, son un pouco revolucionaria, non moito, un chisquiño.”

Actividades

9. Contestar:

Por que di Tina que seu pai é “escritor coa cabeza, mecánico coas mans e pescador co corazón”?

Por que quere ser filósofa? Ou por que di que xa o é?

Por que se declara Tina revolucionaria? Que é ser revolucionario ou revolucionaria para ti?

De quen coida Tina? Argumentar a resposta.

Cando o pai lle conta a Tina o maleficio polo que os mariños e as sereas non poden estar xuntos, aínda que se amen, a súa resposta é "Hai que amañalo". Como o vai facer?

Cal é a porta dourada?

- 10.** Está claro que Tina se cabrea ante a inxustiza e está disposta a actuar para cambiar a situación. Esa postura activa ante a realidade é moi destacable pois a maioría da poboación asiste pasivamente ás arbitrariedades.

Comentar situacións próximas e persoas que actúan dunha ou doutra maneira. Deterse no propio comportamento e reflexionar sobre cando se toma unha postura ou outra.

- 11.** O acoso escolar prodúcese porque hai rapaces e rapazas que maltratan (en calquera das súas formas) un compañeiro ou compañeira, pero tamén porque o resto da rapazada o consente, é dicir, non reaccionan ante ese atropelo, observa sen actuar, fai que non ve, mira para outro lado, non se mete no que non vai directamente con el ou con ela... sen caer na conta de que lle pode pasar o mesmo en calquera momento. Realizar un debate acerca desta temática e das posibilidades de intervención, ou non.
- 12.** A discriminación da muller é algo que se leva producindo dende o principio dos tempos e aínda continúa. Indagar sobre os aspectos nos que esta se nota: a chamada invisibilidade (non se dá a coñecer o que algunhas mulleres fixeron, non se lle dá importancia aos labores que realizaron –coidado, atención á casa...–), non aparecen na linguaxe (considérase que o masculino engloba a todos e todas), non ocupan tantos postos de poder coma os homes (presidencias de Goberno, membros da Real Academia Galega...). Continuar buscando outros campos nos que tamén se observe a desigualdade.
- 13.** A violencia contra a muller é outra situación de grande inxustiza. Investigar o número de mulleres asasinadas nun período de tempo determinado.
- 14.** Ler o álbum ilustrado *E que podo facer eu?* de José Campanari e Jesús Cisneros, publicado por OQO. Preséntase así: "O señor Xe le as noticias do xornal e o corpo écheselle de preocupacións. A cada momento preguntase: E que podo facer eu? Un día atopa unha resposta; outro día, outra; e outra máis... Extraer algunha conclusión e elaborar un conto ilustrado que pode responder a ir repetindo e completando a seguinte frase "Eu colaboro cando..."
- 15.** "Eu non podo seguir loitando contra todo e contra todos, contra ese par de lunáticos que non pensan máis ca en conseguir foto-

grafías, contra os peixes que queren escapar pola porta dourada, contra remuíños e contra sereas que non queren encontrarse con quen máis desexan. Vin ata tan lonxe e atrevínme a desafiar toda clase de perigos, pero non penso seguir enfrontándome a todo." Semella que está farta e vai abandonar, pero non se trata máis ca dunha estratexia para obrigá-la a actuar alguén. Explicar esa situación.

Ligazóns

Libro:

<https://blog.xerais.es/un-fermoso-remuino-feito-de-cores-e-letras-a-porta-dourada-de-xelis-de-toro-anotacion-en-el-correo-gallego/>

Autor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xel%C3%ADs_de_Toro

Ilustrador:

<http://www.pablorosendo.com/ilustracion/>

Editorial:

https://www.xerais.gal/catalogo.php?titulo=&autor=&isbn=&codigo_comercial=&coleccion=37271%23%C2%A0%C2%A0%C2%A0SOPA%-C2%A0DE%C2%A0LIBROS

As peripecias de Extravaganza Pérez



Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Óscar Villán

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Sopa de Libros

ISBN 978-84-9121-312-3

Sinopse

Escrito, pola autora, con motivo do XVII Salón do Libro de Pontevedra, *Canta bichería!* presenta dende o comezo unha familia algo afastada dos canons máis habituais: nai bióloga e apaixonada pola mecánica, pai biólogo e unha pequena que nace xa con lentes. Na casa amoréanse unha chea de bichos –insectos pau, flamengos, ras, tartarugas, barban-tesas, peixes...– cos que a pequena irá medrando, aprendendo e sentíndose acompañada naquelas ocasións nas que as investigacións da nai e o pai a deixan soa na casa.

A historia ten lugar en Vila Soño, cando, no Ano do Pelícano, Extravaganza ten 11 anos. É unha nena valente, observadora, intelixente, intrépida, curiosa, peculiar, independente, aventureira, cunha forte personalidade

e as ideas moi claras. As súas amizades máis notables son unha parella de flamengos e as súas crías.

Nai e pai marchan nunha nova expedición no furgón anfíbio (construído pola nai), deixándolle en custodia unha caixiña de lata por se non regresan, avisándoa moito de que faga vida normal, para que na escola non sospeiten que queda soa na casa e denuncien o caso en servizos sociais. Ao non regresaren preto do prazo establecido, Extravaganzza, coa axuda dos flamengos, constrúe un globo Flamengostático no que acudir na súa busca.

Comeza así unha aventura na que, a xeito de conto clásico, irá superando probas e obtendo obxectos supostamente necesarios. Percorre diferentes ecosistemas, con distintas especies en perigo de extinción; sentirase soa, encabuxada, perdida, asustada, pero chea de bravura irá superando, por si mesma ou coa axuda de diferentes animais, cada paso da viaxe co obxectivo de chegar á Illa das Esculturas e atopar a súa familia.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Conciliación familiar e profesional. Modelos igualitarios. Distribución do traballo doméstico
- Empoderamento da muller. Muller e ciencia / tecnoloxía
- Linguaxe non sexista
- Novas masculinidades
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura de estereotipos sexistas. Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Novela
- Ecoloxía. Animais en perigo de extinción. Cambio climático. Contaminación. Natureza. Sustentabilidade. Bichos
- Aventura. Fantasía. Humor
- Convivencia familiar. Relacións familiares
- Defensa do propio
- Educación emocional e en valores. Empatía e solidariedade. Autoestima. Sentimentos. Superación. Xenerosidade. Valentía

Pequeno fragmento significativo

“Polo día, Extravaganza sentíase protexida. Os flamengos encargábanse diso. Acolléranas coma se fose unha flamenguiña máis. Unha flamenguiña peculiar, iso si, con insectos habitando na súa cabeza, unhas lentes que eran unha auténtica prolongación do seu corpo, un xenio do demo e unha matogueira de cabelo onde podería aninñar unha cegoña. Mais todo iso carecía de importancia. Peccata minuta, como dicían os seus pais. Eles queríanas tal como era. Cando as cousas mudaban era polas noites no intre en que a escuridade apagaba as cores dos flamengos e todo se volvía negro. Nese instante, Extravaganza estrañaba tanto a Cocó e Sebastián que non había nada capaz de consolala. E, a medida que pasaban os días, a tristura medraba exponencialmente.

–Valor, Extravaganza! Nada de renderse! –repetíase acotío, sacando forzas de todas as células do seu corpo miúdo–. Os teus pais non che ensinaron a ser unha mexericas, ensináronche a ser forte, valente e decidida.

Tanto medo sentía que ás veces nin sequera esas palabras lograban reconfortala. E o medo paraliza. Por fortuna, a súa particular familia de aves non tiña pensado deterse ata chegar ao destino final: a Illa das Esculturas.”

Actividades

1. Ao longo desta historia faise referencia en máis dunha ocasión ao xeito de vestir de Extravaganza e ao que opina sobre pasar o ferro á roupa. Debuxar a protagonista así vestida. Comentar e argumentar os motivos polos que cren que esa maneira de vestir ou conxuntar as pezas de roupa é extravagante; quen decide que é ou non excéntrico; quen ou que determina os canons da moda; se afecta igualmente a rapaces e rapazas; se pola forma de vestir pódese definir, sinalar ou enmarcar a alguén; se o xeito de vestir pode empregarse coma unha forma de rebeldía.
2. Buscar e seleccionar en grupo contos tradicionais e/ou clásicos nos que a protagonista sexa unha nena / rapaza / muller que deba superar varias probas para axudar, auxiliar ou socorrer outras persoas. Comparar coa cantidade destes contos nos que o protagonista é masculino.
3. Redactar individualmente unha listaxe do que se faría de quedar na casa só ou soa durante un par de semanas. Comparar, en grupo, as respostas de cadaquén. Valorar se hai grandes diferenzas entre respostas de rapazas e rapaces.

4. Moitos dos libros desta autora presentan protagonistas femininas. Facer unha escolla por equipos, seleccionando as características de cada unha delas. A mosar en que se parecen e diferencian, calidades e chatas, carácter, emocións e valores.
 - *A señorita Bubble.*
 - *Escarlatina, a cociñeira defunta.*
 - *Esmeraldina, a pequena defunta.*
 - *Conexión Macarrón.*
 - *Inspectora Nola. Ouro Negro.*
 - *Inmundicia e Roñoso.*
 - *Vampira de biblioteca.*
 - *Pepa a Loba.*
5. Nalgúns deses mesmos textos, amósase tamén a relación coas familias. Valorar como son esas familias, cal é a relación, en que se parecen / diferencian da propia familia.
6. O libro foi realizado para o Salón do Libro de Pontevedra que, naquel ano, levaba o nome de *Canta bichería!* e xiraba arredor dos animais. Houbo un ano en que o seu nome era *Mulleres de conto*. Realizar un faladoiro acerca disto. De que podía tratar? Cales son as mulleres de conto?

Ligazóns

Autora:

<http://lediciacostas.com/es/sobre-min/>

Ilustrador:


<https://ovillan.com/>

<http://www.kalandraka.com/ga/autores/detalle/ficha/villan/>

Obra:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4675372>

Astérix. A filla de Vercinxeorix



Texto: Jean-Ives Ferri (René Goscinny)

Ilustracións: Didier Conrad (Albert Uderzo)

Tradución: Xavier Senín, Isabel Soto e Alejandro Tobar

Edicións Xerais, 2019

Astérix

ISBN 978-84-9121-563-9

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Traducido de LIX, 2019

Sinopse

Logo de que o xefe averno Vercinxeorix é derrotado polo César en Alesia, dous fiéis lugartenentes procuran refuxio na aldea gala para a súa filla adolescente, Adrenalina, portadora do torque do pai, quen llo entregou coa consigna de que resistise e fose libre, namentras buscan o medio de enviala a Londinium.

Temendo que o torque alente outras revoltas contra eles e pretendendo romanizala, Xulio César envía lexionarios á busca da filla de Vercinxeorix.

No seu descontento polo que sucede e farta de que a vixien e mangooneen, a moza desexa fuxir e chegar á illa de Thule, coa idea de axudar a nenos e nenas orfas coma ela, lonxe de romanos.

A rapaza, na súa teima de escapar de quen a vixía, atopa amizades entre a prole da xente da aldea –Sélfix, Surimix, Filloix– que van axudala no seu empeño, con dubidoso éxito.

Unha adolescente rebelde, que non gusta de que a coiden, nin de vestir coma rapaza, independente, afouta, antiimperialista, antisistema, anti-consumista, con conciencia ecoloxista e forte carácter.

Presentes, ao longo das imaxes e diálogos, o humor e temas de actualidade: consumo excesivo de xabaríns que pode levar á desaparición da especie, o mar cheo de envases ánfora que a xente tira despois de usalos...

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A muller no pasado. Muller e historia. Mulleres senlleiras
- A muller noutras culturas
- Empoderamento da muller. Visibilidade da muller
- Feminismo
- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Patriarcado
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura de estereotipos sexistas. Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Banda Deseñada
- Adolescencia. Afectividade e emocións. Sentimentos. Autoestima
- Defensa do propio
- Didáctica. Divulgación
- Educación en valores. Ecoloxía. Empatía e solidariedade. Natureza
- Imperio romano. Outras civilizacións / culturas. Historia. Galos / Galia
- Loitas de poder
- Parodia. Retranca. Humor
- Traizón. Valentía. Piratas

Pequeno fragmento significativo

Abraracúrcix: A ver, Adrenalina! Toda a aldea está preocupada! Non está nada ben escapar!

Adrenalina: Oh, piedade! Son máis pesados ca una rella! Decidín singrar coa miña tripulación a Thule!

Abraracúrcix: A túa tripulación?

[...]

Pirata 1: Daquela, singremos cara a Thule!

Pirata 2: A que agardamos para singrar?

-[...]

Abraracúrcix: Polos cornos dun godallo! Isto é un motín!

Obélix: A estes piratas fáltalles unha singradura...

Astérix: Secasí, no que se refire aos dotes de mando, non hai dúbida de que Adrenalina é unha Vercinxetórix..."

Actividades

1. Cando Adrenalina acompaña a Caralinda ao mercado, asegura que vestirse de rapaza é patético. Comentade as vosas opinións ao respecto da diferenciación na vestimenta ao longo do tempo. E agora, na actualidade, considerades que hai diferenzas? Hai vestimenta só masculina ou só feminina? Que valores aportan ou negan estas diferenciacións? Que ocorre noutras culturas, noutros países? Pode ser a vestimenta unha maneira de estigmatizar/ controlar a poboación?
2. Nos libros da serie Astérix adoitan mesturarse personaxes e feitos históricos reais cos imaxinarios. Neste sucede o mesmo. A primeira viñeta ou cadradiño da última páxina está ilustrada nun estilo diferente ao resto; na cartela, o narrador asegura: *O nome da filla de Vercinxetórix non pasou aos anais da historia...*
3. Formular preguntas e respostas para o debate sobre a ausencia de mulleres reais que foran protagonistas ao longo da historia da humanidade.
4. Imaxinar como continúa o relato para Adrenalina tomando como referencia os últimos datos aportados neste libro; o seu desenvolvemento, a súa madurez, os seus feitos e accións, nunha choiva de ideas. Repartir en equipos as tarefas para desenvolver as ideas seleccionadas e elaborar con elas o relato en banda deseñada

(guión, diálogos, *storyboard*, deseño páxinas, deseño de personaxes, ilustracións...).

5. Anotar nunha listaxe as características que definen a personalidade, as actuacións, as actitudes de Adrenalina, tanto as que aparecen no texto como nas ilustracións. Coa base desta listaxe, idear novos textos que incidan nesta personaxe adolescente: biografía, autobiografía, texto teatral, descrición, monólogo, entrevista...
6. A partir dos textos elaborados, crear un produto final que inclúa o emprego de tecnoloxía: presentación de diapositivas con imaxes, representación e gravacións de curtas, *stopmotion*, vídeo...
7. Adrenalina amosa preocupacións moi presentes no día de hoxe, cales son? Ten a mocidade actual estas preocupacións? Hai diferenzas neste tipo de temas entre rapazas e rapaces? Pódese atopar información sobre estas diferenzas, de habelas? Achegar cuestións para unha enquisa a realizar no contorno próximo. Tirar conclusións dos resultados incluíndo gráficas de idade e xénero.
8. A banda deseñada é un xénero que adoece de certas doses de machismo, especialmente na presentación das personaxes femininas, con connotacións sexuais moi claras. Realizar un faladoiro acerca das series de cómic que coñecedes e a súa visión de xénero.

Ligazóns

Autores:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ren%C3%A9_Goscinnny

<https://web.archive.org/web/20080516014331/http://www.goscinnny.net/>

https://es.wikipedia.org/wiki/Jean-Yves_Ferri

Ilustradores:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Albert_Uderzo

https://es.wikipedia.org/wiki/Didier_Conrad

Tradución:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/xavier-senin>

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/isabel-soto>

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/alejandrotobar>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xavier_Sen%C3%ADn


https://gl.wikipedia.org/wiki/Isabel_Soto

https://gl.wikipedia.org/wiki/Alejandro_Tobar

Obra:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5618128>

Kusuma



Texto: Héctor Cajaraville

Ilustracións: María Lires

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Merlín

ISBN 978-84-9121-410-6

Premio Merlín de Literatura
Infantil 2018

Sinopse

Kusuma é unha faisán de Kaltim. Chega a Galicia porque a selva na que vivía é substituída por unha plantación de palmeiras que ameaza con destruír a vida. Despois da travesía en barco, onde viaxa de polisón xunto cun orangután, a ave dá chegada a unha fraga para poñer os trece ovos da súa primeira niñada.

As cousas tampouco van ser doadas aquí. A desconfianza dos animais veciños, o medo e animadversión aos que veñen de fóra, obrígana a deixar o niño, xa construído, e marchar coa súa rodada a un eucaliptal onde semella que non estorban. Pero Kusuma daralles unha lección cando despois de perder unha das súas crías a mans das avespas decíde-loitar contra elas, coa axuda dos novos veciños.

Aínda así, ese non é o seu lugar, así que comeza unha nova viaxe (agora coas crías) ata dar cunha gran fraga onde son ben recibidas e coa axuda dos outros animais montan a casa, é dicir, o seu niño.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Asertividade
- Empoderamento
- Solidariedade
- Maternidade. Coidado das crías
- Familia monoparental

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela infantil
- Fauna silvestre
- Fábula
- O medo e animadversión ao outro e á outra
- Emigración. Refuxiados

Pequeno fragmento significativo

“–Diso nada! –interrómpeo Kusuma–. Hoxe tócanos falar a nós, creo que ganamos o dereito a facelo –a faisán garda silencio durante uns intres, mais ninguén se atreve a contradicila–. A min e mais aos meus compañeiros, aquí presentes, obrigástesnos a vivir lonxe de vós. No meu caso, polo simple feito de vir de fóra. E por culpa da vosa decisión quedei sen unha das miñas crías, a maior perda que pode sufrir unha nai. Talvez pensades que para min tanto ten unha máis ou unha menos, porque teño tantas... Pero os meus sentimentos son igual ca os vosos, por moito que veña do outro lado do mundo. Nin sequer me destes a oportunidade de demostravos se eu era merecente de convivir convosco, a rixidez das vosas normas estaba por riba de todo. (...) E ao resto simplemente os marxinateis porque non eran do voso agrado. Arriscamos a vida por acabar co perigo ao que vós non tivestes o valor de enfrontarvos, aínda sendo máis e mellor organizados. (...) O mundo é moito máis do que vós, que

nunca saístes de aquí, podedes imaxinar. Eu mesma viaxei durante semanas para chegar desde a miña terra deica esta fraga, co único obxectivo de garantirles un futuro aos meus fillos. E o que atopei á miña chegada foi desconfianza e rancor. O único que vos pido é que cambiades as normas que impiden que todos sexamos iguais, os nados aquí e os vidos de fóra, e tamén os que fan ruído, teñen pulgas ou andan amodo porque así o ditamina a súa natureza..."

Actividades

1. Contestar:

Por que marcha Kusuma de Kaltim?

Puido influír na decisión o feito de ser femia? Ou algunha outra característica de Kusuma?

Cales son as razóns polas que se van da súa terra as persoas que ti coñeces?

Nas nosas cidades hai lugares determinados para os nativos e os foráneos?

Por que cres que os animais da fraga lle botan en cara a súa beleza a Kusuma? Pode ter algo que ver con que sempre nos describan fermosas as princesas?

Kusuma decide marchar da selva de Kaltim ante unha situación de opresión, podería haber algunha outra maneira de enfrontarse ao problema? Cales?

Poden cambiarse as leis? Cámbianse na fraga?

Cando se cumpre o soño de Kusuma?

Cales son as diferenzas entre a fraga Sombriza e a que atopa ao final do relato?

2. Compara a selva co palmeiral en Kaltim ou a fraga co eucaliptal. Investigar sobre as consecuencias dos monocultivos.
3. Recoller as razóns polas que, normalmente, a xente é tan contraria a acoller a xente que vén de fóra. Contrapoñede esas argumentacións coas que defenden a inmigración.
4. Explicálle Kusuma a Guntur: "Agardo unha rolada para moi pronteño. Ese foi o motivo polo que me decidín a marchar. En Kaltim non hai futuro para min, e moito menos para os que veñen detrás. Quero que os meus pitiños nazan nun lugar seguro onde poidan medrar felices e en paz, como eu vivín todos estes anos ata que o andazo

do óleo acabou con todo..." Reflexionemos acerca das súas palabras e vexamos a que tipo de óleo se está a referir.

5. As aves viven en niños cando teñen as súas roladas. Buscar información sobre diferentes tipos de niños e realizar unha presentación para os compañeiros e compañeiras. Buscar información acerca de quen (como o pai e a nai) coida dos pitiños.
6. No caso de Kusuma é ela soa a que se vai ocupar da crianza dos pitos porque en ningún momento nos fala do macho que tendo a mesma responsabilidade ca ela podería ou debería compartir os coidados. Ela vai facer de nai e pai. Pensemos cales poden ser as razóns polas que non apareza na historia o faisán macho.
7. Asegura a cóbrega: "Eu non pedín ter os dentes afiados e ser velenosa, pero si podo elixir como empregar os cairos e chantar o meu veneno. E elixín non facelo nunca. Pero iso ninguén mo pregunta." Opinemos acerca desta decisión e da relación que pode ter con algunha das nosas decisións como non aproveitarse ou rir dos máis débiles, non ter prexuízos...
8. A conversa entre a bubela e Kusuma da páxina 58 pode dar que pensar. Estaría ben lela en voz alta e comentala.
9. Na páxina 79 berra alguén desde o aire: "Nesta nosa terra a lei ten que estar por riba de todo!" Iso está ben pero, pode haber algunha circunstancia na que a lei sexa inxusta? Argumentémolo!
10. "Son moi valentes cos que non temos modo de defendernos, pero con quen lles pode facer fronte...", di Ispa. Valente cos débiles e covarde ante os fortes, seguro que podemos lembrar ocasións nas que vimos actuar así alguén.
11. Na páxina 90 fálase da discriminación que sofren os que chegan de fóra, pero non só. O grupo clase pode falar da discriminación que sofre a muller ou outros /as por diferentes razón.
12. Ispa di: "Non busques lóxica nas decisións dos que viven na fraga; só é o xeito que teñen os que mandan de demostraren o seu poder. E de paso, de conservalo..." Comentar o acordo ou desacordo con esa afirmación.
13. Son os que viven fóra da fraga, os marxinais, os que libran a todos e todas do perigo das avespas. Seguramente isto pode lembrar algunha noticia de prensa na que se comenta algunha fazaña dunha persoa inmigrante.
14. Conclúe a escritora: "A partir de hoxe quedan derogadas aquelas normas que vaian contra a igualdade entre todos os animais desta fraga. Todos, repito, os que vivimos nela e os que poi-

dan vir de fóra." Hai algunha maneira de conseguir que esta lei sexa máis inclusiva a nivel de linguaxe? Pódese probar unha nova redacción.

15. Ao final, non todas as bubeas son iguais, nin todas as fragas. A beleza de Kusuma pola que fora atacada é agora admirada e o que era perigoso nun lugar non o é noutro tal como pode extraerse do texto.

Ligazóns

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5155583>

Autor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/H%C3%A9ctor_Cajaraville

Ilustradora:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100006992>

Premio:

<https://www.xerais.gal/premios.php?premio=merlin>

Mamá, quero ser Ziggy Stardust



Texto: Iria Misa Peralba

Ilustracións: Alba Barreiro Baliño

Edicións Xerais, 2018

Colección Sopa de Libros

ISBN: 978-84-9121-415-1

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro infantil, 2018

Finalista do Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade, 2017

Sinopse

Historia narrada en primeira persoa por Thomas, o amigo invisible de Aine.

A Aine, que vai facer dez anos, encántalle xogar a cantar, bailar e preparar actuacións musicais cos instrumentos da Wii; disfrázase coa roupa da nai e píntase cos seus cosméticos, para desgusto do pai. É bastante traste, ten carácter e sentido da xustiza, polo que na escola ten problemas cos matóns do patio.

Con nove anos, viaxou por primeira vez de vacacións co pai e a nai; na visita a unha exposición, coñece a Ziggy Stardust: andróxina estrela de rock. O seu xeito camaleónico de vestir, peitearse, maquillarse; a súa música (especialmente a canción Starman), o seu pelo roxo coma o de

Aine... todo isto supón un descubrimento que lle axuda a comprender o que sente e a recoñecerse nesa figura. Naceu con corpo de nena pero é un neno. A partir desta viaxe, fará todo o posible por reafirmarse no que sente e no seu desexo de tocar a guitarra e actuar, o que lle creará problemas tanto na familia como na escola ou coas amizades. Serán a súa nai e tía as primeiras en comprendelo e axudarlle, e as nenas e nenos do seu contorno, as primeiras/os en aceptalo.

Ao longo da historia atópanse situacións conflitivas ou violentas na familia, na vaciñanza, na escola, polo rexeitamento social e emocional ante o que Aine desexa ser, a reprobación ao supostamente diferente. Só Thomas, o amigo imaxinario, reflicte o apoio incondicional que Aine precisa, o seu desexo de aceptación.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Identidade de xénero. Socialización de xénero
- Identidades sexuais non predominantes. Transxénero/transsexualidade
- Visibilización da diversidade
- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Patriarcado

Temática e xéneros

- Novela de corte realista
- Amizades imaxinarias
- Androxinia
- Autoestima
- Educación emocional e en valores
- Relacións familiares

Pequeno fragmento significativo

"Ata que atopou unha foto que lle chamou moito a atención: nela, o rapaz levaba un longo vestido floreado. Ao decatarse, Aine quedou de pedra. Pero se era un home! Por que, de súpeto, aquel artista extraño levaba roupa de muller? Estudouno con moita atención mentres seus pais seguían camiñando. Ían cantaruxando polo baixo ao son da melodía que saía polos auriculares. Volveu mirar a foto.

Reparou no debuxo do vestido, na expresión da cara do cantante. Semellaba seguro de si, coma se non se decatase de que levaba unha roupa que non lle correspondía. Aine sentía unha gran confusión. Era iso posible? Había homes que podían ser mulleres? Buscou coa mirada os seus pais. Estaban parados diante dun extravagante traxe, pero só o seu pai semellaba prestarlle atención a aquela roupa. Fran deixara de cantar e non lle quitaba ollo a Aine, que arroubou de inmediato. Ás veces sentía coma se a súa nai puidese meterse na súa cabeza, e iso dáalle medo. Correu canda eles. Aine sabía que quería preguntarlles algo, pero non o que. De maneira que, como non atopou por onde comezar, ao final non dixo nada.

[...] Á fin, cando os seus ollos se afixeron, descubriu que toda aquela luz saía dun vídeo onde o mesmo home de antes cantaba e tocaba a guitarra. Desta volta estaba acompañado polos membros dunha banda. O seu pulso púxose a latexar a vinte mil por hora. Como se movía! Que xeito de bailar! Ademais, o que era aínda máis alucinante: o seu cabelo agora era roxo. Roxo coma o de Aine! Sentiu un arreguizo moi estraño por todo o corpo, parecido á sensación que só coñecía de cando espertaba a mañá de Reis ou cando entraba no cole o primeiro día de clase: unha emoción intensa moi difícil de conter. A roupa que levaba o cantante nas imaxes, ao contrario do que lle pasara co vestido de antes, pareceulle moi chula. [...] Aine non sabía se aquela roupa era de home ou de muller, pero encantáballe. Nos pés, ademais, o cantante levaba unhas botas de charón vermellas súper chulas. Mentres lle vibraba todo o corpo de emoción, desde as dedas dos pés ata o último pelo da cabeza, Aine decidiu, naquel mesmo instante, que quería ter un conxunto coma aquel. Un traxe tan fantástico coma ese para poñelo os domingos, ir visitar a súa avoa e saír a pasear.

–Mira, mamá! É coma min! –díxolle a súa nai, tirándolle da manga da chaqueta.

Seu pai mirou a Aine algo contrariado mentres sacaba os auriculares das orellas.

–Que queres dicir, Aine? Que quere dicir que é coma ti?

A súa muller deulle un golpiño na perna. Fíxoo de xeito moi disimulado, pero a Aine non lle pasou inadvertido. Deseguida tivo a sensación de que dixerá unha cousa que os incomodara. Pasáballe moitas veces. Ás veces dicía en alto o que pensaba e aos adultos se lles puña a cara dunha cuarta. Algo se encolleu no centro do seu peito e tivo que conter as ganas de chorar que lle rubían polo pescozo arriba coma un exército de formigas de mil patas.

–Ten o pelo igual ca min –dixo nun borboriño, tocando unha guedella do seu cabelo. Aine tiña un fermoso cabelo roxo que lle chegaba á altura das orellas.

Os seus pais ollaron cara ao manequín en silencio. Agardou uns segundos, contendo a respiración, pero eles non dixeron nada. Colocou ben os auriculares e centrouse en escoitar a música, para así esquecer o que acababa de pasar.

[...]

Xa estaba! Iso era, pensou Aine de súpeto. Como non se decatara antes? Cando medrase, sería así de xenial. Esa era a solución! De maior dedicaríase á música. Montaría a súa propia banda e tocaría a guitarra sen parar. Tería un traxe como aquel e ninguén, nin tan sequera seus pais, lle podería dicir nada. Porque xa non lle importaría o que pensasen os demais. Algún día, no futuro, Aine sería igual que Ziggy Stardust: un ser que podía ser todo o que lle dese a gana. Ata un home que puña saia."

Actividades

1. Logo de ler o primeiro capítulo *–Aine toca a guitarra–* con atención, poderíase dicir que Aine é un neno ou unha nena? Argumentar a resposta con expresións tiradas do texto.
2. Ao longo de toda a novela tócase en varias ocasións o tema da roupa, o xeito de vestir. A sorpresa que lle causa a Aine a maneira de facelo Ziggy. Como utiliza a roupa da nai ou do pai. Como quere ir á escola. Conversade en grupo, razoando as vosas ideas, e investigade, de ser preciso:
 - a. Credes que a forma de vestir identifica necesariamente o xénero?
 - b. Hai un xeito de vestir exclusivamente masculino, exclusivamente feminino?
 - c. Hai/houbo culturas nas que saias ou túnicas sexan vestimenta masculina?
 - d. Aporta algún tipo de valor a diferenciación na vestimenta?
 - e. Pode ser a vestimenta un xeito de condicionar as persoas segundo o seu xénero?
 - f. Como vestides cada un, cada unha de vós? Credes que vos identifica? Por que? Como vos sentiríades se vos obrigasen a vestir doutro xeito co que non vos identificarades?

Formular preguntas e respostas para o debate.

3. Tamén en varias ocasións aprécianse as dúbidas e as dificultades que lle causaba a Aine ir ao baño na escola. Cal pensades que era o motivo? Por que credes que era un problema? Teríades algún atranco, no voso caso, se vos ocorrese o mesmo?
4. Ziggy Stardust, ao igual que Thomas, é unha das moitas personaxes creadas por David Bowie, vangardista e versátil estrela do pop-rock que escandalizou a sociedade británica na década dos 70. Buscade imaxes na rede deste artista e seleccionádeas en dous grupos segundo identifiquedes a roupa, aparencia, peiteado, como feminina ou masculina. Reflexionade sobre as eleccións feitas.
5. Aine sorpréndese ao ver na exposición o vestido de Ziggy. Buscade imaxes reais de David Bowie con este vestido, que empregaba en moitas entrevistas. Comentade as impresións que vos producen as imaxes. Pensade nesa situación no caso de que David Bowie tivese outra profesión: empregado nun banco, caixeiro nun supermercado, mestre, avogado, enfermeiro, policía, xuíz, porteiro, limpador...
6. A avoa de Aine regálalle unha boneca, pero a Aine non lle gustan as bonecas.
7. Cando Aine regresa á escola, hai un parágrafo no que sinala que algúns nenos e nenas procuraban non ollar a Aine coma se ao neno que mirase a Aine máis tempo do necesario lle fosen deixar de gustar o fútbol e as películas de coches de súpeto; ou coma se unha nena que se fixase demasiado no seu aspecto fose deixar de pedir bonecas polo Nadal e traxes de princesa polo Entroido.

Falade en grupo sobre a diferenciación por xénero dos xoguetes. Como a roupa, o gusto por un xoguete ou outro, pode definir o xénero? Non poden os nenos gustar das bonecas sen deixar de sentirse nenos? E ás nenas encantarlles o balompé ou os coches sen deixar de sentirse nenas? Que gustos tendes cada unha, cada un de vós para os xoguetes e os xogos?
8. Elaborade unha listaxe de motivos polos que credes que é discriminada unha persoa na sociedade actual, na vosa contorna e na vosa escola. Hai xustificacións para esa discriminación? Por que credes que se produce? Ten que ver coa liberdade persoal?
9. Ponte no lugar de Aine. Se es neno, pensa que pasaría sentíndote nena. Se es nena, sentíndote neno. Que diferenzas habería no teu día a día? No teu contorno? Coa túa familia? Coas túas amizades? Quen te aceptaría? Quen non? Cambiaría algo na túa vida, nos teus xogos, nos teus gustos, nos teus estudos?

10. Buscamos outros libros que tratan a temática das sexualidades non predominantes.

Ligazóns

Autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/iria-misa>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Iria_Misa

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2017/01/12/cuestionario-proust-iria-misa/>

Ilustradora:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100120873>

Obra:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5493241>

Mulleres bravas da nosa historia



Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Eva Agra (Komorevi)

Urco Editora, 2018

Mulleres bravas da nosa historia

ISBN 978-84-9487-559-5

Sinopse

Contra a opinión da súa nai, a pequena Xela ten claro que que de maior quere ser bandoleira, alentada pola súa avoa, quen lle narra a vida, as aventuras e vida de Pepa a Loba.

A voz da avoa, con pequenas interferencias de Xela, é quen dá conta da biografía desta bandoleira galega do século XIX. Unha muller valorosa e afouta que dende a súa infancia tivo que loitar contra a violencia e o abuso pola supervivencia. Fuxida do cárcere, onde fora fechada injustamente, convértese en capitá dun fato de homes, asaltando camiñantes por moitos lugares galegos.

O texto engade matices humorísticos nas reflexións de Xela, no seu xeito de percibir as relacións coa nai e a avoa.

As ilustracións, con trazos do debuxo manga, cheas de cor, aportan expresividade e acción ao texto.

Ao remate do libro atópanse actividades.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Empoderamento da muller. Visibilidade da muller
- Linguaxe non sexista
- A muller no pasado. Muller e historia. Mulleres senlleiras
- Patriarcado
- Ruptura de roles tradicionais
- Símbolos e mitos femininos

Temática e xéneros

- Afectividade e emocións. Amor. Sentimentos
- Aventura
- Biografía
- Didáctica. Divulgación
- Empatía e solidariedade
- Historia. Memoria
- Relacións interxeracionais (avoa/nai/neta)
- Traizón

Pequeno fragmento significativo

“Nese momento non son unha lentella insignificante e marrón. Son unha nena rabuda e valente que asalta os camiñantes. Unha bandoleira, igual que Pepa a Loba.

–Hai quen se atreve a afirmar que Pepa a Loba non existiu –explica a avoa, con expresión seria–. Que é unha personaxe inventada. Pola contra, outras persoas aseguran que viviu durante a segunda metade do século XIX e que lideraba unha importante cuadrilla de bandoleiros que asaltaban os camiños. A única verdade é que Pepa a Loba é unha personaxe moi poderosa. Unha muller afouta e destemida –remata ela, baixando a voz para darlle maior énfase á historia.

–Pero existiu ou non existiu? –pregúntolle eu, coa esperanza de que me asegure que si, que existiu. Que foi tan de verdade coma nós as dúas.

–Iso non o sei con seguridade, Xela. Mais o importante non é iso. O importante é que a lenda de Pepa a Loba segue resultando engaiolante nos nosos días.

Eu non quero conformarme con esa versión, mais non me queda outra. –Cóntame cousas de cando Pepiña era pequena –pídolle, poñendo cara de boa.”

Actividades

1. Algo clásico, no imaxinario de xente bandoleira, son os carteis de busca e captura. Diseñar un cartel de busca e captura de Pepa a Loba no que, pola contra do habitual, se incida nas súas características positivas.
2. Volvendo ler sobre a infancia e mocidade de Pepa a Loba, reflexionar sobre se a súa vida adulta sería outra, de ter unha infancia menos dura ou non ter sufrido inxustizas nela.
3. No Carballiño, en setembro, celébranse unha festa e unha feira que conmemoran a figura de Pepa a Loba. Cales son os aspectos que máis destacan dela?
4. Investigar na rede ou na biblioteca sobre mulleres reais, mitos ou lendas femininas da cultura galega e as súas calidades. Cantas delas poderían clasificarse como mulleres díscolas, rebeldes contra normas impostas? Hai algunha máis que faga referencia ao lobo ou loba no seu nome?
5. Atopar que outra muller galega de importancia na nosa historia tivo relación con Pepa a Loba nunha das súas estadias no cárcere, deixando constancia por escrito dese encontro.
6. En equipo, imaxinar, escribir e recrear un encontro dialogado entre Pepa a Loba e a Peeira dos Lobos, no que conversen sobre a súa infancia, o desenvolvemento da súa vida, as súas dificultades, actividades, motivacións, emocións, no que son semellantes e no que se diferencian.
7. Imaxinar como sería na actualidade a vida de Pepa a Loba. Como sería a súa resposta e cal sería o seu xeito de rebeldía contra a inxustiza e o maltrato. Argallar con esas ideas un breve relato en banda deseñada ao modo de superheroínas.
8. Lede os outros libros desta colección (*Mulleres bravas da nosa historia*) e ver que teñen en común as mulleres que os protagonizan.
9. Hai un libro, para maiores, que novela a vida desta muller. Trátase de *Pepa A Loba* de Carlos G. Reigosa, publicado por Xerais na colección Narrativa. Se vos gustou esta historia poderedes recomendarlle a novela aos adultos da casa; desa maneira poderedes comentar as vosas lecturas.

Ligazóns

Autora:

<http://lediciacostas.com/es/sobre-min/>

Ilustradora:

<https://komorebiart.wordpress.com/about/>


Obra:

<https://lecturafilia.com/2018/12/19/mulleres-bravas-da-nosa-historia-5-pepa-a-loba/>

Canción: *A Banda da Loba - Pepa*

<https://www.youtube.com/watch?v=990llOqwj34>

Novo Mundo. Isabel Zendal na Expedición da Vacina



Texto e ilustracións: El primo Ramón (Borja Ramón López Cotelo, María Olmo Béjar)

Documentación: Antonio López Mariño

Tradución: Maruxa Zahera Landeira

Bululú, 2018

ISBN 978-84-9495-491-7

SINOPSE

En primeira persoa, Benito, o fillo de Isabel Zendal, vainos contando a vida desta muller e da Real Expedición Filantrópica da Vacina. Non o fai de maneira lineal senón a modo dun ir e vir no tempo.

Vinte e un nenos recollidos nas casas de expósitos portan no seu corpo a vacina que debe acabar coa varíola nas colonias españolas de América e Filipinas.

Isabel Zendal é a enfermeira que os coida ao longo da travesía.

Ela, que nacera nunha humilde familia de labregos, fora enviada a traballar á Coruña, onde ten un fillo que ha de criar sen axuda de ninguén. Alí dirixe o Hospicio coa Casa dos Expósitos e como enfermeira acompañaos na expedición transoceánica que supón un fito na historia da medicina.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Muller pioneira
- Familia monoparental
- Muller cuidadora
- Traballo fóra do fogar
- A muller no pasado

Temática e xéneros

- Narrativa
- Realismo
- Viaxe transoceánico a principios do século XX
- Hospicio
- Vacinas

Pequeno fragmento significativo

“Desdobrei aquela carta, datada en Macau en xaneiro de 1806.

–... A miserable reitora que, co excesivo traballo e rigor dos diferentes climas que percorremos, perdeu enteiraamente a súa saúde; infatigable noite e día derramou todas as tenruras da máis sensible nai sobre aqueles anxiños que ten ao seu coidado... asistiunos enteiraamente nas súas continuadas doenzas.

–Escribiuno Balmis –dixo Francisco Antonio–. Mesmo el soubo ver que túa nai era unha muller insubstituíble. Todos nós debémoslle o que somos hoxe.

Abraceino, agradecido. Sabía que el, coma os demais, apreciaba sinceramente a miña nai.

–Cando acadei a miña licenciatura en leis pola Universidade Real Pontificia lembreime de pouca xente. Dona Isabel foi unha delas –continuou.”

Actividades

1. Despois de ler o libro podemos realizar unha liña cronolóxica recollendo a vida de Isabel Zendal e o seu fillo, desde a primeira información que aparece na narración ata a última.

2. Elaboramos unha pequena biografía de Isabel Zendal. Se consideramos que necesitamos máis datos pode_ podemos buscar noutros libros da biblioteca ou na rede.
3. Argumentamos as razóns polas que a consideramos unha muller senlleira.
4. Animámonos a contestar as seguintes preguntas:
Considerámola unha muller valente?
E solidaria?
Expoñemos as razóns.
5. Distribuídos por grupos, mentres un elabora a biografía outro pode investigar sobre a expedición e o seu director, o doutor Balmis, outro sobre a varíola e outro sobre o contexto histórico no que se desenvolve.
6. Ser nai solteira a principios do XIX non debía ser tarefa doada. Comparemos esa situación daquela e na actualidade, tanto a nivel de consideración social como de axudas para o coidado e a conciliación. Realizar un listado de persoas que estiveron ou están nestas condicións.
7. Se traballamos con alumnado do curso final de primaria, podemos realizar a seguinte actividade:
As mulleres poden quedar embarazadas, os homes non.
Esta diferenciación biolóxica leva consigo unhas consecuencias distintas nas relacións sexuais. Realizar un coloquio arredor desta problemática, dos embarazos en adolescentes, dos embarazos non desexados...
8. Investigar acerca das casas de expósitos ou inclusas e relacionar esta circunstancia coa actividade anterior.
9. Hai homes que se chaman Expósito, cal pode ser a orixe dese nome?
Outras veces, Expósito funciona como apelido. Buscar algún caso.
10. Deste a outros libros que tratan esta mesma temática: *Os nenos da varíola*, *Pioneiras*,... a outras páxinas: *GCiencia 21 científicas galegas*, *Álbum de Mulleres* do Consello da Cultura Galega...
Ler, navegar e ampliar o listado.

Ligazóns

Libro:

<https://www.editorialbululu.com/producto/novo-mundo-isabel-zendal-na-expedicion-da-vacina/>

Autoría:

<https://elprimoramon.com/>

<http://corunagrafica.com/artista/es/47>

<https://www.dibujosporsonrisas.org/producto/el-primo-ramon/>

Editorial:

<https://www.editorialbululu.com/>

Asociación Isabel Zendal:

<https://vacunasaep.org/profesionales/noticias/isabel-zendal-y-expedicion-balmis>

O valor das ideas: a precursora do libro electrónico. Pequena biografía de Ángela Ruiz Robles



Texto: Arantxa Serantes

Ilustracións: Tania Solla

Lela Edicións, 2018

Mulleres galegas

ISBN 978-84-9460-433-1

Sinopse

Biografía ilustrada de Ángela Ruiz Robles, mestra nada nunha vila de León que, dende o seu primeiro destino en Mandiá (aldea próxima a Ferrol) en 1918, puxo o seu enxeño, emprendemento e creatividade ao servizo do ensino e a pedagogía. Quedou a vivir en Galicia, onde investigou para mellorar os métodos de ensino e aprendizaxe, participando na vida cultural da cidade de Ferrol e atrevéndose a romper as normas sociais impostas daquela ás mulleres. Seguidora do método de ensino da ILE (Institución Libre de Enseñanza), preocupouse do acceso ao coñecemento das persoas sen recursos. Escribiu varios libros novidosos sobre ortografía, mecanografía, taquigrafía e gramática. Ese seu esforzo por mellorar a aprendizaxe levouna a inventar o libro mecánico, resumo do saber humano, invento precursor do libro electrónico e os conceptos de

hipertexto e metadatos, chegando a realizar exposicións co seu invento no estranxeiro.

Narrada dun xeito ameno, directo e áxil, a biografía está acompañada de ilustracións que aportan dinamismo ao texto, dando a imaxe dunha muller emprendedora, activa e afouta.

O libro inclúe un e-mail da súa bisneta e acceso a través de códigos QR a contidos adicionais e páxina web do mesmo con mapa colaborativo, infografía...

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A muller no pasado
- Conciliación familiar e profesional
- Linguaxe non sexista
- Muller e tecnoloxía
- Muller no espazo público. Visibilidade da muller
- Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Biografía. Divulgación. Didáctica
- Dinamización cultural
- Empatía e solidariedade
- Ensino. Escola
- Inventos. Tecnoloxía. Investigación
- Valores (xenerosidade, solidariedade, emprendemento...)

Pequeno fragmento significativo

“A súa enerxía vital leváballe a afrontar desafíos. Nas festas de Santa Uxía de Mandiá uns mozos preguntáronlle se lle gustaba montar a cabalo e aínda que iso supoñía contrariar a norma, decidiu tomar as rendas e pasear pola vila desfrutando da natureza.

Mesmo cando chegou o automóbil ao lugar, adquiriu un e era ela quen conducía.”

Actividades

1. Elaborar con axuda dunha ferramenta dixital unha liña temporal sobre Ángela Ruiz, ampliando a información con datos que non estean incluídos neste libro.
2. En equipos, escribir un breve guión (dependendo da idade, podería realizarse tamén o *storyboard*) para dramatizar e gravar curtas sobre algún dos desafíos que Ángela Ruiz superou, ou algún aspecto da súa traxectoria que lles chame a atención: anécdota do cabalo, conducir o seu propio automóbil, faladoiros de poesía ou actualidade no seu domicilio, exposicións no estranxeiro, preocupación polo alumnado mal alimentado...
3. Con eses mesmos guións, deseñar láminas para a realización dun *kamishibai*.
4. Investigar a cantas mulleres lles foi concedida a Cruz de Afonso X o Sabio e os motivos do dito recoñecemento. Seleccionar unha franxa temporal de varios anos para representar nunha táboa a porcentaxe de homes e mulleres que a recibiron.
5. Recoller nunha listaxe os feitos e actividades que levou a termo Ángeles Ruiz que supuñan un beneficio para a sociedade na que vivía. Coñecen algún home contemporáneo a ela que tivese a mesma repercusión social na súa contorna?
6. Reflexionar sobre dita listaxe: que era o que impulsaba a Ángela para actuar como o facía? Que dificultades puido atopar?
7. Nas últimas páxinas inclúese o e-mail dunha bisneta de Ángela. Imaxinar a contestación que podería enviarlle Ángela e redactar con ela un correo electrónico, inventando tamén a dirección do mesmo.
8. Ler outros libros desta mesma colección (*Mulleres Galegas*) e ver que teñen esas mulleres en común.
9. Indagar sobre o que son as patentes.

Observar o número de profesores e profesoras que coñecen. Facer os mesmo coa xente que se dedica á tecnoloxía. Comparar.

Determinados campos como a educación e a sanidade están sendo ocupados maioritariamente por mulleres. Esculcar sobre a relación que isto pode ter co que se denomina a "ética do coidado" que tradicionalmente foi competencia das mulleres.

Escribir unha pequena biografía de Concepción Arenal, Xoana de Vega, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán para poder coloca-

la nun blog do centro, biblioteca, aula... onde poidades introducir os hipervínculos, propios dos textos electrónicos.

O libro trata sobre unha muller e está escrito por outra. Por grupos, localizade un grupo de obras que cumpran este requisito.

Ligazóns

Autora:

<https://arantxaserantes.wordpress.com/about/>

Ilustradora:

<https://www.instagram.com/taniasolla/>

Obra:

<http://lelaedicions.blogspot.com/p/mulleres-galegas.html>

Os camiños do vento



Texto: Xavier Estévez

Ilustracións: Xosé Cobas

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Merlín

ISBN 978-84-9121-609-4

Sinopse

Os dous amigos, Lucas e Sara, aos que coñecemos en *Avións de papel*, continúan a contarnos o seu día a día. Faino cada un polo seu lado aínda que o que están a vivir sexa común.

Na casa de Lucas agora tamén está a avoa; na de Sara continúan ela e súa nai, pero aparecerá na escena un mariñeiro que navega soidades despois de perder a muller e o fillo.

Un mozo sirio e a súa irmá da idade dos nosos amigos aparecerán na súa vila e isto fará que cambien as súas prioridades. A solidariedade presentase con toda a forza.

Ademais desta historia de refuxiados que se cruza nas súas vidas, continuaremos a ver os movementos de Sara na cadeira de rodas axudada por Lucas ou súa nai, ou o humor de Lucas e as dificultades para aprobar Xeografía e Historia ata que cae na conta de que Historia é o que está a suceder agora mesmo, cando as historias son minúsculas e van formando a maiúscula da que se falarán dentro duns anos. A presenza da arte, igual que na entrega anterior, será un fío condutor que atravesará a realidade de todos eles.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles e estereotipos de xénero
- Empatía e solidariedade
- O coidado dos/as outros/as
- A muller transmisora da tradición
- Distribución do traballo doméstico
- Modelos igualitarios
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade...
- A capacidade de actuar sobre a realidade
- Novas masculinidades: rapaz sensible

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela de corte realista
- Afectividade e emocións
- Amizade
- Guerra e persoas refuxiadas
- A presenza da arte
- O outro ou a outra
- Relacións familiares e interxeracionais
- Humor

Pequeno fragmento significativo

"Mamá, tan forte e tan fráxil asemade. Cos seus tenis brancos, o seu pantalón frouxo

e aquela vella chaqueta de chándal azul; coa súa coleta e cos seus ollos xuvenís. Semellaba tan nova...

Agachouse e doume un bico. Peiteoume coa man.

Todo está ben.

(...)

E se algo sabe facer mamá é tenderlles pontes aos demais. Só fixo falta un intre. O vello púxose preto de nós, e non sei como foi que

cando me decatei mamá lle estaba preguntando, coma quen non quere a cousa:

–Que se pesca por aquí?

O home levantou a mirada, pousou a cana no soporte e sorriu.

–O que se pode.

E desa forma comezamos a conversar con el.”

Actividades

1. Sara reflexiona sobre o que lle pasou, o accidente no que perdeu a mobilidade e como asumiu esa dificultade que non a vai abandonar nunca. “Comprendín que a vida ten estas cousas. Momentos felices e momentos tristes. (...) E podes vivir amargada ata a fin dos días ou repoñerte e decidir ser feliz. Mamá axudoume a tomar esa decisión. Ser feliz, felices, mesmo se era difícil. E máis tarde chegou Lucas e, coa amizade, os risos multiplicáronse e os malos momentos quedaron atrás.” Estaría ben darse un tempo de diálogo sobre a necesidade de aceptar as dificultades que van aparecendo e recoñecer que a vida é unha sucesión de momentos bos e malos.
2. Na páxina 84 conversan Lucas e Sara acerca das condicións nas que semella vivir a nena que viron roubar peixe e pensan nas obriga do concello con esas persoas, algo moito máis importante que prender luces de Nadal. Opinemos acerca disto, do compromiso das institucións públicas e nas palabras de Concepción Arenal cando afirmaba que a onde non chegan ou non poden chegar as institucións é necesario que o fagan os cidadáns e cidadás.
3. Pode ser normal que asistencia social teña como norma colocar os irmáns dependendo da súa idade en institucións distintas, pero o certo é que sería inxusto, como di Lucas, que o fixesen neste caso. Separalos é continuar a cadea de dor que os acompaña dende a guerra. Concepción Arenal, a gran pensadora do século XIX dicía que a guerra era un feito sen dereito, un feito de forza co que se debía rematar. Falemos sobre a guerra, o seu sentido, a maneira de resolver as diferenzas sen chegar ás mans, quen vai á guerra e quen a declara...
4. Na páxina 145 escribe Sara: “Velos ben é pago suficiente á nosa acción”, porque a solidariedade exerceuse sen pedir nada a cambio. Estudar a diferenza, de habela, entre solidariedade, beneficencia, filantropía, caridade...
5. Vexamos como distribúen o traballo doméstico na casa de Lucas.

6. Contestar:

Cal cres que é a achega da avoa de Lucas á familia?

Estará namorada?

Quen transmite a tradición? Como o fai?

En que se nota que os personaxes non cumpren cos roles e estereotipos tradicionais?

Quen coida dos demais? En que casos?

7. Definir con menos de dez palabras a Sara e Lucas, deténdose nas características que máis os diferencian dos demais.
8. No libro anterior, *Avións de papel* (2017), a arte podía verse a través das pintadas que lembraban os cadros de Edward Hoper e eses avión de papel que envía Sara. Revisa como aparece nesta entrega.
9. A música tamén ten o seu papel na obra, música ligada a momentos determinados da vida que volven cando se escoita de novo. Sucede aquí, en que situación? E seguramente vos sucede a vós con determinadas pezas, lembrade cales son e a que recordos vai unida.
10. O sensacionalismo dos xornalistas pode crear problemas, tal como se albisca neste relato e tal como se ten observado, en que casos?
11. “Os catro descubrimos que hai outros mundos neste mesmo planeta, e porén, os lazos que nos unen son moitos: vidas diferentes mais os mesmos sentimentos movendo os nosos corazóns”. En que momento se pode dicir que algún ou algunha de vós descubriu o mesmo?
12. “Era ese momento en que as nais se pechan nas cociñas a preparar a cea e os homes buscan, algunha escusa para non estorbar. Na miña casa, mamá e papá adoitaban cociñar xuntos, en equipo. Vaia, era meter alimentos conxelados no microondas, pero facían en equipo. “Nunca penses que o traballo da casa é cousa de mulleres”, repetían ambos á menor oportunidade. Non querían que me convertese nun inútil, así que á mínima xa me estaban encargando traballos no fogar.” Como funciona da distribución do traballo doméstico na casa de cada un ou cada unha de vós?
13. Aisha con todo o que leva vivido dille a Lucas ante os suspensos: “Tranquilo, todo ten arranxo”. E a avoa: “Agora os mozos queixádesvos por todo. Na miña época, sen nada, sempre tirabamos cara a diante cun sorriso”, porque non se trata tanto das circuns-

O xeito das froitas



Texto: María Reimóndez
Ilustracións: Alicia Varela

Oqueleo 2019

Serie Morada

ISBN: 978-84-1683-419-8

Sinopse

Unha familia cun adolescente e unha nena, en tempos da crise económica. O pai anda a voltas coa tese pero traballa como repoñedor, a nai é profesora na universidade, pero primeiro un e logo a outra van quedar no paro. Daquela, toca facer números e enfrontarse a unha sociedade inxusta.

A autora crea unha personaxe feminina moi especial, coas características propias da súa idade que provocan hilaridade e humor, pero tamén cunha autoestima e un carácter forte para facer valer as súas opcións. Ela, que recolle unha mazá de peluche no colector, comezará a soñar con froitas e a entender outras realidades que lle eran alleas.

En épocas difíciles hai que tomar decisións que poden resultar moi beneficiosas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Muller protagonista: autora, ilustradora, personaxe principal
- Visibilidade da muller
- Modelos igualitarios
- Ruptura de estereotipos
- Valentía da muller
- Nenas resistentes

Temática e xéneros

- Novela
- Autoestima
- Convivencia
- Empatía
- Solidariedade
- Valores e sentimentos
- Ruptura de estereotipos tradicionais

Pequeno fragmento significativo

“Máis ca nada porque andaba amolada ao non poder ir máis a clases de natación porque fora un dos gastos que acordaran recortar. A cambio, seu pai ofrecérase a ensinarlle a xogar ao fútbol e levala cada sábado a un dos moitos campos abertos que había na cidade. A cousa non estaba mal pero para xogar ao fútbol facían falta máis de dúas persoas e máis ou menos do mesmo tamaño, así que as máis das veces Iris ficaba mirando como xogaban os maiores tras dar unhas patadas ao balón e facer o que seu pai denominaba «aquecemento» (que basicamente consistía en correr e algunha que outra trangallada).

(...)

Iris espreitaba de cando en vez a Narciso falar por teléfono cunha amiga que tiña de ir a patinaxe había tempo e que era doutro colexio (se ben o teléfono era un deses gastos que sen dúbida había que recortar). —Cando sexa rico vestirei só de Gucci e Oscar de la Renta... Non sei, se fai falta métome a Gran Hermano.”

Actividades

1. A dedicatoria dá para pensar e comentar: "Para as familias das que vimos, as que imos creando sen decatarnos, as que imos atopando no camiño e se volven nosas, teñan a pel que teñan, porque o sangue é sempre vermello."

Con que se pode relacionar a última parte da dedicatoria?

2. Iria é teimuda, ese pode ser o primeiro trazo do seu carácter que descubrimos; cando toma unha decisión deféndea con todos os argumentos posibles, pois non se conforma cun non. Tamén asume o seu malhumor e vaise á despesa a estar soa mentres non lle pasa. Este pode ser un bo xeito de evitar discusións e pelexas cando non estamos tranquilos/as. Ademais, observaremos como, no caso da infancia, algo que tiña moita importancia nun momento pasa a esquecerse no seguinte.

Neste caso, quere ter outro nome e cabréase cos pais por terlle posto Iria. Ela máis que nome de flor quéreo de froito. Tanto ela como seu irmán, Narciso, teñen nome de flor. Mentres un grupo busca outros nomes de flores que leven as persoas, outro buscará nomes de podan servir para nenas e nenos indistintamente.

3. Nun dos capítulos cóntasenos o mito de Narciso, o nome do seu irmán, que semella ter relación co primeiro Narciso. Busquemos algún outro nome que responda ás mitoloxías grega e romana. Analicemos o papel que nese mito asumen as mulleres e os homes, por exemplo Ulises e Penélope.
4. Na casa de Iria semella que as tarefas domésticas están distribuídas dun xeito racional e non respondendo a estereotipos de xénero. En que se nota?
5. Tampouco os educan, a seu irmán e a ela, atendendo a roles ou prexuízos tradicionais. En que o demostran?

6. Contestamos:

Cales son as diferenzas entre Iria e Narciso?

En que se nota que Iria conta cunha boa autoestima?

Cales son as preferencias de Iria?

Por que son especiais Narciso e Iria?

Que lle pide Iria aos Reis? Resúltache estraño? Por que?

No soño coas castañas Iria aprende que as cousas cambian segundo a óptica dende a que se miran, por que?

Narciso fala coas rapazas de moda e modistos, semella estar disposto a facer calquera cousa por conseguir vestir de Gucci e Oscar de la Renta, incluso ir a *Gran Hermano*. Conviría un debate acerca deste programa e das marcas de moda.

7. Súa nai dille que Narciso ten un problema de nome, como se chamándose así non lle quedara máis remedio que ser presumido. Indaguemos acerca dos nomes de cada un dos compañeiros e compañeiras e vexamos se realmente o seu carácter ten algo que ver con eles ou non.

Parécese Eva á do paraíso? E Helena á da *Ilíada*?...

8. Comentar as seguintes frases:

"Pero a Iris moitas veces non lle gusta falar demasiado na clase porque ser especial está ben, pero tamén cansa."

"A relación de Iris coa comida non se cinguía só a que fose de bo dente. Iris tiña dende sempre a teima de que a comida «lle falaba»"

"Iso de mirarse ela mesma no espello cada día, cunha vez xa lle chega, ou vai cambiar unha tanto da mañá á noite?"

"Debería de ser de balde porque todas as nenas e nenos teñen que comer."

"-Ao final, os únicos que teñen casa son os bancos."

"Narciso bailando cal Cinsenta pola cociña co abrigo do avó posto e ao pai de Iris preguntándolle á avoa polas cousas do avó."

"As mazás teñen o seu orgullo, con iso de aparecer na Biblia... —... e en Brancaneves"

"Só poden facer cartos quen xa os teñen!"

9. O humor conséguese mediante aquelas palabras ou frases feitas que non poden ser tomadas ao pé da letra pero que a rapazada con controla e produce malentendidos, por exemplo "altivo", "capital", "paro", "dar gases", "comerlle a lingua o gato", "descubrir a fórmula da penicilina", "non está o forno para bolos"... Pero ao lado do humor está a reflexión, o traballo persoal por ser mellor. Engadamos algún outro exemplo de frases que provocan humor e enumeremos os momentos nos que os personaxes, e nós mesmas, aprendemos algo.
10. A verdade é que Iria, de forma natural, ten uns valores moi interesantes:

Fala galego e mantense na defensa da súa lingua facendo valer o propio.

Gústalle aproveitar as cousas e non andar a despilfarrar.

É solidaria, por exemplo, coa compañeira que ten problemas económicos.

É valente, pois fala coa mestra para demostrarlle o seu desacordo co que fixo con esa compañeira.

É empática e pode entender as inxustizas que se dan en calquera lugar do mundo, se llo explican.

Non entende que algúns non podan comer o que cultivan.

Comentade estas e outras consideracións que aparecen no libro.

- 11.** Este libro recolle a discriminación que sofren as alumnas ou alumnos que falan galego como idioma vehicular, no seu país. Coñeces outras obras que traten esta situación?
- 12.** Os materiais que hai que mercar para a clase de Ciencias da Natureza crean un problema para o alumnado que ten problemas económicos. O profesorado non pensa nesta dificultade cando os piden nin está disposto a ter en conta a diferenza das economías familiares. É isto xusto?
- 13.** Os pais de Iria só poden vender os libros e fano para poder mercarlle os materiais de ciencias da natureza. Pensan que mentres haxa bibliotecas sempre poderán seguir lendo. Cal é o papel das bibliotecas escolares e públicas? Opínade ao respecto.
- 14.** “En calquera caso, non ter diñeiro ou cousas non é algo polo que sentirse avergoñada. Vergoña é ser mala persoa ou sentirse superior ou facer unha sociedade na que só quen ten diñeiro pode ir á escola ou ao hospital. Iso é vergoña. Non ter cartos para materiais ou ter que vender os libros para poder mercalos, non., di o pai de Iria... Agora tócanos a nós comentalo ata poder entendelo de todo.
- 15.** Unha pódese cabrear con quen sexa, coas compañeiras, coa profesora... cando é inxusta. Iso semella querer dicirnos Iria, ou non?
- 16.** Ás veces podemos facer da necesidade virtude. Iso é o que fan os pais de Iria cando marchan á aldea, reabrir a xastrería do avó, atender os deseños de Narciso, que Iria e Narciso vaian a un novo centro educativo... e non permitir que a poboación no rural diminúa.

Ligazóns

Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_Reim%C3%B3ndez

Ilustradora:

<http://www.aliciavarela.com/>

Libro:

<http://delibroseoutros.blogspot.com/2018/12/libros-e-mais-libros.html>

<https://www.facebook.com/watch/?v=232748334494841>

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-12-11-2018-3956363>

Editorial:

<https://www.oqueleo.com/libro/o-xeito-das-froitas>

tancias adversas como da maneira nas que as tomamos. Falemos acerca disto.

14. A avoa de Lucas adopta a Aisha, e isto pode levarnos a un libro de Fina Casalderrey que se titula *Quen me quere adoptar?* Un libro que se le en moi pouco tempo pero que nos pode dar moito para falar.
15. “–Mamá –supliquei un día–, dime un feito histórico.
–O día que teu pai puxo el só unha lavadora.
Distribución do traballo doméstico e humor, quen dá máis?
Inventade un chiste con este tema.
16. “Diante de nós tiñamos unha heroína”, di Sara a respecto de Aisha. “Ela é Historia”, di Lucas.
Hai xente así entre nós. Recoñezámola e compartamos a súa historia, igual que se fai nas bibliotecas coas persoas-libro.
17. Este libro é un alegato a favor da intervención de cada unha e cada un de nós para transformar o mundo facéndoo menos inxusto. Agora trátase de observar e decidir que queremos cambiar na vida real e como o faremos.

Ligazóns

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=6056325>

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4696332>

Autor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xavier_Est%C3%A9vez_Ferreiro

Ilustrador:

<http://www.xosecobas.es/>

Editorial:

<https://www.xerais.gal/>

Os ecos do lume



Texto: Anxo Fariña

Ilustracións: Anxo Fariña

Xerais, 2019

ISBN 978-84-9121-503-5

Sinopse

Noa é unha adolescente actual, preocupada unicamente pola aceptación social, os "gústame" e as zapatillas de moda.

Con ocasión dun grande incendio ten que separarse dos pais e queda ao cargo do seu irmán pequeno, Antón. Pero, concentrada no seu móbil, non pon atención ao neno que desaparece dentro dunha mámoa.

Na procura de Antón penetra na mámoa e emprende unha viaxe iniciática na busca do seu irmán perdido. A viaxe é un proceso de maduración na que aprende a coñecerse e aceptarse a si mesma; a responsabilizarse, a empatizar, descubrir que ela pode ser a diferente para outros. Comprende que no mundo todo todo está relacionado e que todos somos responsables da saúde do planeta.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- A muller transmisora da tradición
- A muller e coidados.
- Viaxe iniciática en feminino

Temática e xéneros

- Novela de iniciación
- Novela de xénero fantástico
- Formación da identidade
- Medio ambiente

Pequenos fragmentos significativos

“Debía ser forte. “Forte e lista coma un allo”, dicía sempre a súa avoa. Lembrou daquela como xogaba con ela cando era unha meniña, uns tempos en que non asistía ao “insti”, que non había “likes”, e que os únicos zapatos que lle importaban eran aqueles que servían para subir polos castiñeiros e cerdeiras. cando ía coa súa avoa ata o teixo centenario e ela lle contaba historias sobre a maxia que estaba oculta nas pedras, na auga e nas plantas. Sen dúbida, a avoa estaría encantada de viaxar por este mundo introterrestre.

(...)

No soño, estaba ela de pequena coa súa avoa. As dúas camiñaban cara o vello teixo, unha árbore que, segundo a anciá, era milenaria. Á pequena Noa encantáballe o cheiro do teixo e pasar as mans pola àspera cortiza. Sentíase reconfortada ao seu carón.

(...)

A Noa encantábanlle os contos da avoa. Neles sempre había unha chea de criaturas máxicas que vivían nos ríos, que coidaban das plantas, que posuían tesouros escondidos en covas e coidados por unhas misteriosas “mouras”.

(...)

A visión acontecía no seu mundo, na superficie. Mais non recoñecía o lugar. Estaba todo negro, cheiraba a fume e había lapas alí onde pousase a ollada. Apenas quedaban en pé algunhas árbores, e entre elas... estaba o teixo! O teixo milenario! E debaixo del, abrazada ao seu tronco, a avoa!”

Actividades

1. Explica por que Antón ten que quedar ao coidado da súa irmá Noa:

2. Noa descubriu, polas mensaxes que recibira no móbil, que prenderan moitos lumes no mesmo día por diferentes partes do país. A xente falaba de que foran provocados. O ser humano, coa súa avaricia, atentaba mesmo contra el mesmo.

Como xa vimos nas primeiras páxinas do libro, algunhas persoas non lles dan importancia aos incendios forestais.

Na nosa época, para que algo sexa importante ten que saír na televisión e nas redes sociais. Para que todas as persoas tomen conciencia do grave que é o problema dos incendios, preparar un anuncio por grupos.

Antes de facer a vosa propia publicidade imos analizar algún dos que podemos atopar en revistas e televisión.

Buscade en revistas ou xornais, anuncios de produtos diferentes e escollede un por grupo.

- Que produto anuncia?
- Descrición:
 - Escenario (en que lugar se representa, como é).
 - Sons e música (voz en off, conversas, cancións, música de fondo).
 - Que obxectos aparecen? Personaxes que aparecen (idade, xénero, personalidade/comportamento).
 - Cal é o lema? e Como define/describe o produto?
- A que tipo de público se dirixe: masculino ou feminino?
- Que estratexias utiliza para dirixirse ao seu público?
- Que papel representa a muller?
- Por que?
- Que valores representa a muller?

Despois de facer esta análise, cada grupo fará unha presentación explicando as súas observacións..

3. Na seguinte sesión xa podemos crear a nosa mensaxe publicitaria.

Para facer un anuncio o primeiro que hai que facer é coñecer ben o produto, neste caso os incendios forestais, as causas, consecuencias, prevención etc. Na biblioteca atoparedes información en libros ou na rede, sempre coa colaboración da persoa que organiza a actividade.

Outra cousa: lembrade, para deseñar a vosa publicidade, que a protagonista do libro é unha rapaza.

- a. Cómpre dedicar uns 15 minutos a falar do tema dos incendios e a organizar a información que atopastes.
- b. Decidide que queredes transmitir. Evitade caer en anuncios sexistas.
- c. Formade os grupos por sorteo.
- d. Cada grupo preparará a súa publicidade con:
 - Unha imaxe
 - Un lema
 - Breve texto explicativo

Algúns estratexias para interesar o público

Para interesar o destinatario e provocar emocións	Utilizar expresións populares, da fala cotiá Dirixirvos directamente á persoa que le Utilizar posesivos: a túa vida, o teu coche etc.
Para dar unha mensaxe atractiva e orixinal	Facer xogos de palabras Utilizar palabras con dobre sentido
Para darlle valor á idea	Usar adxectivos que describan as características e bondades da nosa proposta Usar Imperativos que marquen a necesidade de facer o que lles indicamos A imaxe ou opinión de persoas importantes Tamén hai quen usa palabras en idiomas estranxeiros, palabras pseudocientíficas...
Imaxe	Clara e orixinal Que se relacione co que queremos anunciar Debe deixar espazo para o lema e para un texto explicativo, breve e claro.

E logo haberá que presentalo á clase para a súa aprobación e publicación.

4. Noa entrou nunha mámoa seguindo o seu irmán. Informarse sobre o que é unha mámoa.

Definición:

Debuxo:

5. As mámoas e os petróglifos son parte do noso patrimonio material, vestixio dunha cultura que, noutro tempo, foi a nosa, a dos nosos antergos. Investigade algunha mostra de patrimonio material hai no voso concello.

Cada un pode traer unha foto e/ou unha ficha dalgunha destas producións indicando que é, de que época, onde está e outros datos sobre o seu significado, uso etc.

Ligazóns

Autor:

<http://www.anxofarina.com/gl/>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5856374>

Outras ligazóns relacionadas coas actividades que se propoñen:

<https://aturuxofilms.wordpress.com/about/unidades-didacticas/>

<https://aturuxofilms.files.wordpress.com/2015/02/ud-publicidade.pdf>

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/observatorio-da-publicidade>

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/indicacions_para_detectar_o_sexismo_na_publicidade.pdf

<http://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/mamoas-e-antastas-de-galiza.html> <http://patrimoniogalego.net/?s=M%C3%A1moa>

https://www.turismo.gal/que-facer/bosques-de-galicia?langId=gl_ES

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/67473-especies-autoc-tonas-galicia-crean-riqueza-comarca-vigo>

<http://blog.turismo.gal/natureza/galicia-presume-de-arbores-senlleiras/>

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=445351&name=DLFE-51319.pdfhttp://www.ceida.org/sites/default/files/adxuntos-publicaciones/invasoraspublicacion_0.pdf<https://sghn.org/defendemos/incendios-forestais/>

<https://www.gciencia.com/perspectivas/un-documental-e-un-debate-abordan-as-causas-dos-incendios-forestais-en-galicia/>

Os Peloteiros



Texto: Patricia Mallo

Ilustracións: Dani Padrón

Galaxia, 2019

ISBN 978-84-9151-344-5

Sinopse

Esta é a historia, contada por un neno, dun máis que singular equipo de fútbol e dun campionato, o Torneo das Comarcas, no que xogan equipos formados por nenos e nenas.

Cando os maiores marchan ao enterro dun familiar, a Xurxo encoméndanlle o coidado dos seus sobriños; pero o rapaz é un fedello que deixa sós os pequenos e se mete nunha chea de complicacións. Para que os da casa non descubran o seu descoído ten que comprometerse con Lázaro o Guindastres, a formar un equipo de fútbol e xogar as semifinais do Torneo.

Xurxo, o narrador, os seus sobriños Lois e Brais, Telmo, o fillo da alcaldesa, e Amadeo, o mangallón, non sabían nada, nadiña de fútbol; tampouco Emilia, a única con algo de sentidiño neste fato de moixantes. Só Branca sabe xogar ao fútbol e entende de estratexias. Claro que ninguén conta con que poidan gañar.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Muller no deporte
- Modelos igualitarios
- Ruptura de estereotipos

Temática e xéneros

- Amizade
- Autoestima
- Relato de aventuras
- Deporte

Pequenos fragmentos significativos

“De pronto, alguén me petou no ombro. Dei volta e vin unha rapaza un pouco máis nova ca min. Era alta, co cabelo castaño. Levaba unha camiseta laranxa, un pantalón curto e unhas botas de fútbol.

–Es Xurxo? –preguntou comendo goma de mascar e movendo co pé dereito unha brillante pelota de coiro.

–Son.

–Veño xogar o partido –afirmou a rapaza, moi decidida.

Saber que media vila coñecía os nosos plans de xogar a semifinal do Trofeo Comarcas deixábame intranquilo.

–A ti quen te invitou? –respondín enfadado.

–Inviteina eu –berrou Emilia, correndo cara a rapaza–. Benvida, Branca!

Mentres eu estaba entretido con Telmo e Amadeo, ela chamara por teléfono a Branca para pedirlle o favor. Unha vez máis, miña sobriña salvárame a vida. Pero non llo dicía, para que non lle subise á cabeza.

–É a miña mellor amiga –explicou Emilia–; estudamos xuntas no colexio de Castronovo. E, ademais, é a mellor futbolista da escola!

(...)

A verdade é que cada vez que se aproximaban ao centro do campo, Branca comezaba correr coma unha tola e lles sacaba o balón dos pés. Estaba visto que ela si levaba o fútbol no sangue.”

Actividades

1. O fútbol moderno ten a súa orixe en Inglaterra no século XIX. A día de hoxe é o deporte por equipos máis popular do mundo. Xogan milleiros de persoas; ten millóns de espectadores e move miles de millóns de euros.

Cal era a aliñación dos Peloteiros? _____

E de todos eles, quen entendía máis de fútbol? _____

2. Escribir o nome de 6 deportes de equipo:

3. Escribe o nome de 10 deportistas que admires, cal é o seu deporte e 3 razóns desta admiración.

NOME		DEPORTE	RAZÓNS DA ADMIRACIÓN		
1			1		
			2		
			3		
2			1		
			2		
			3		
3			1		
			2		
			3		
4			1		
			2		
			3		
5			1		
			2		
			3		
6			1		
			2		
			3		
7			1		
			2		
			3		

8			1	
			2	
			3	
9			1	
			2	
			3	
10			1	
			2	
			3	

4. Comprobar cantos homes e mulleres hai na táboa anterior.

Mulleres		Homes	
----------	--	-------	--

5. Poñer en común as táboas, comprobando que nomes se repiten, que deportes se repiten, cantas veces. A ver que sae...

Exemplo: Repítese 5 veces Vero Boquete e 6 veces Halterofilia

5 v	Vero Boquete
6 v	Halterofilia

6. Reflexionemos sobre os resultados. Na táboa común hai máis mulleres ou máis homes? Que razóns pode haber para ese resultado? Que deportes se repiten máis veces? Por que motivo?

7. Escribe o nome de tres deportistas mulleres que coñezas e que deporte practican.

1 _____

2 _____

3 _____

8. Relacionar cada nome co deporte que practica:

DEPORTISTA	
a	Vero Boquete
b	Ana Peleteiro
c	Vanessa Rial
d	Marta Brañas
e	Begoña Fernández
f	Irene Blanco
g	Uxía Castro

DEPORTE	
	Fútbol Gaélico
	Boxeo
	Balonmán
	Halterofilia
	Fútbol
	Atletismo
	Rugbi

9. Na biblioteca, buscar en enciclopedias, en monografías ou na rede información sobre estas deportistas e preparar unha presentación sobre elas:

Vero Boquete, Gertrude Ederle, Lydia Valentín, Cloharte Cooper, Ana Peleteiro, Nadia Comăneci, Lili Álvarez, Marta Vieira da Silva, Jutta Kleinschmidt, Hassiba Boulmerka, Teresa Perales, Florence Griffith, Carolina Marín, Kathrine Switzer, Ánxela Estévez.

Ligazóns

Autora:

<https://patriciamallo.com/>

Ilustrador:

<http://www.danipadron.com/>

Libro:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/os-peloteiros/>

Outras ligazóns relacionadas coas actividades que se propoñen:

<https://gl.wikipedia.org/wiki/F%C3%BAtbol>

Documental *Campeonas invisibles*:

<https://www.youtube.com/watch?v=US82Qi4wQHE>

El poder de las mujeres en el deporte y en la vida | Amaya Valdemoro | TEDxBarcelonaWomen:

<https://www.youtube.com/watch?v=vEHP3LTKfag>

Mulleres Deportistas Galegas:

<http://mudega.net/>


https://www.coruna.gal/descarga/1382491128326/PUBLICIDADE_SE-XISMO.pdf

<https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

<https://www.pinterest.es/galixbiblioteca/gu%C3%ADas-lix-non-discriminatoria/>

<http://delibroseoutros.blogspot.com/2018/04/recursos-para-igualdade-na-literatura.html>

Pioneiras. Galegas que abriron camiño



Texto: Anaí Rodríguez

Ilustracións: Nuria Díaz

Edicións Xerais de Galicia, 2018

ISBN 978-84-9121-310-9

Pioneiras 2. Galegas que abriron camiño (2)



Texto: Anaí Rodríguez

Ilustracións: Abi Castillo

Edicións Xerais de Galicia, 2019

ISBN 978-84-9121-464-9

Sinopse

Pioneiras. Galegas que abriron camiño

Unha pequena biografía dunha ducia de mulleres galegas que foron pioneiras nos seus respectivos campos. Unha achega que ofrece referentes femininos valorados socialmente e que poidan servir de modelo ás nenas.

Exeria, a primeira escritora. Isabel Barreto, a primeira almiranta. Marcela e Elisa, a primeira voda entre mulleres. M.^a Luz Morales, a primeira directora dun xornal. Olimpia Valencia, a primeira doutora. Isabel Zandal, a primeira enfermeira en misión internacional. Sofía Casanova, a primeira correspondente de guerra. Irene González, a primeira futbolista nun equipo masculino. Áurea González, a primeira gaitreira. Celia Rivas, a primeira condutora de camións. Ángeles Alvariño, a primeira científica nun buque de investigación internacional.

Pioneiras 2. Galegas que abriron camiño

Preséntanse as biografías de Antonia Ferrín, a primeira astrónoma; Rita F. Queimadelos, a primeira arquitecta; Antonia Sanjurjo, precursora de hóquei sobre herba; Mercedes Mariño, a primeira actriz en escenarios americanos; Ángela Ruiz Robles, creadora do primeiro libro electrónico; Elisa Patiño, a primeira aeronauta; Concepción Pérez Iglesias, a primeira alcaldesa; María Barbeiro, pioneira da renovación pedagóxica; Joaquina García, inventora dun dos primeiros traxes de auga; María Barreiro, a primeira licenciada e María Cardarely, a primeira fotógrafa con estudio propio.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A muller no pasado
- Muller no espazo público
- Mulleres senlleiras
- Opcións sexuais diferentes
- Visibilización das mulleres
- Muller e ciencia
- Ruptura dos estereotipos tradicionais
- Ruptura de roles tradicionais

Temática e xéneros

- Biografía
- Ensaio

- As primeiras galegas en diferentes campos: escritora, xornalista, almiranta, enfermeira en misión internacional, correspondente de guerra, futbolista, gaiteira, directora dun xornal, médica, condutora de camións e oceanógrafa; astrónoma, arquitecta, xogadora de hóquei sobre herba, actriz en escenarios americanos, creadora do primeiro libro electrónico, aeronauta, alcaldesa, pioneira da renovación pedagóxica, inventora do traxe de augas, licenciada e fotógrafa con estudio propio.
- Voda entre mulleres.

Pequeno fragmento significativo

Pioneiras. Galegas que abriron camiño:

"Exeria foi a primeira muller escritora de toda a Hispania romana, nome con que se denominaba na época o conxunto da Península Ibérica. Naceu no século IV na antiga Gallaecia, "na costa máis afastada do océano occidental", e escribía en latín, a lingua do Imperio. Pero antes ca escritora foi viaxeira, e pódese dicir que foi tamén a primeira autora dun libro de viaxes."

Do prólogo "Para construír a nosa propia imaxe, as persoas necesitamos espellos nos que mirarnos, que nos permitan crer en nós mesmas, que nos fagan voar. Coñecer parte da vida destas doce mulleres oxalá contribúa a manter despregadas as ás."

Pioneiras 2. Galegas que abriron camiño:

Do prólogo: "(...) foron das primeiras en ocupar espazos que ata ese momento lles estiveran negados ás mulleres. Persoas todas elas con biografías tremendamente meritorias e, porén, descoñecidas para o gran público, porque aínda son poucas as mulleres que se fan cun oco no relato oficial da historia, escrito tradicionalmente baixo a ollada masculina que as excluíu, invisibilizou ou minusvalorou as contribucións feitas polos demais xéneros. (...) Mulleres donas de si que foron capaces de desviarse do vieiro que a sociedade do momento lles reservaba e faceren grandes contribucións sociais e conquistas de dereitos que legan ás novas xeracións."

Actividades

1. No prólogo aparece citado o *Álbum de mulleres* do Consello da Cultura Galega, unha páxina con entradas referidas a moitas mulleres que noutros tempos foron invisibilizadas.

Navegar por esa páxina daranos idea de todo o que se perdeu en épocas pasadas.

2. Podemos buscar a biografía doutras mulleres que non aparecen neste libro pero si no prólogo, como Rosalía de Castro, Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán. Pero antes de facelo, podemos realizar unha posta en común para ver o noso grao de coñecemento acerca delas.
3. Agora, por grupos, podemos recoller os nomes doutras mulleres que nos parezan importantes e non aparezan neste volume. A continuación elaboraremos unha presentación cos datos que nos resulten máis interesantes de cada unha delas.
4. Realizaremos unha investigación con medios orais, preguntaremos ás persoas coñecidas polos nomes e as vidas de mulleres que consideren pioneiras. Recolleremos esa documentación.
5. Ampliaremos no posible o listado das mulleres destacables que traballaron en cada un dos campos en Galicia:

Campo	Mulleres destacables
Escritura	Exeria,
Escritura de viaxes	Exeria,
Almirantado	Isabel Barreto,
Homosexualidade feminina	Marcela e Elisa,
Dirección de xornal	Luz Morales,
Medicina. Médicas	Olimpia Valencia
Medicina. Enfermeiras	Isabel Zandal
Correspondencia de guerra	Sofía Casanova
Música. Gaiteira	Áurea Rodríguez
Futbolista	Irene González
Condución de camións	Celia Rivas
Oceanógrafa	Ángeles Alvariño

6. Realizaremos unha banda deseñada dedicada a cada unha destas mulleres, de forma que divulguemos máis o que elas fixeron.
7. Sairemos a pé de rúa para preguntarlles aos nosos veciños e veciñas se coñecen ou non estas mulleres. A modo de documental, iremos gravando as súas respostas.

8. Buscaremos outras publicacións onde se mostre o traballo de mulleres ás que non coñecemos a pesar do seu valor, por exemplo en *GCiencia 21 científicas galegas que tes que coñecer...*
9. Un grupo pode realizar unha presentación e audición de música de mulleres galegas para demostrar que son moitas máis das que en principio poderíamos pensar.
10. Outro grupo pode facer o mesmo coas mulleres do cine recollendo carteis ou pequenos fragmentos de películas.
11. Buscaremos información sobre Zaza Ceballos, unha produtora de cine que realizou películas sobre grandes mulleres galegas (Juana de Vega, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro). Veremos a posibilidade de visionar algunha delas.
12. Realizar unha fotografía con nenas adoptando a imaxe de cada unha das mulleres que aparecen no libro.
13. Entrevistar algunha muller que nos semelle destacable para o revista do centro.
14. Realizar unha exposición de libros escritos por mulleres cos que se conte na biblioteca escolar. E outra con libros sobre mulleres.
15. Poñer en marcha iniciativas para demostrar o valor das mulleres que nos precederon ou están entre nós.
16. Deste a outros libros. *Pioneiras*, ten continuidade en *Pioneiras 2*, da mesma autora e editorial.

Un par de coleccións recollen biografías doutras mulleres destacadas: *Mulleres bravas da nosa historia* (María Victoria Moreno, Maruja Mallo, Pepa a loba, Rosalía de Castro, Xulía Minguillón...) de Urco editora e *Mulleres Galegas* de Lela edicións (Ángeles Alvariño, Maruja Mallo, María Victoria Moreno, Ernestina Otero, Ángela Ruíz Robles...)

Dependendo da idade das lectoras e lectores podemos acceder a libros como *Mulleres que (nos) dan que pensar* de África López e outros.

Páxinas como *Álbum de mulleres* do Consello da Cultura Galega e *GCiencia 21 científicas galegas*, continúan achegando información sobre esas mulleres que foron invisibilizadas ao longo da Historia.

Lede, navegade e descubride cal é a muller que vos resulta máis interesante.

Ligazóns

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5139515>

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5628694>

Autora:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=100006621>

Ilustradora:


<https://www.nuriadiaz.es/>

<https://www.abicastillo.com/>

Editorial:

<https://www.xerais.gal/>

Quokka Moka



Texto: María Solar

Ilustracións: Víctor Rivas

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Merlín

ISBN 978-84-9121-483-0

Sinopse

Quokka Moka é unha quokka nova, argalleira e egoísta que, pola súa irresponsabilidade e malia os avisos do espírito do seu amigo sapo, causa a destrución da súa familia e de toda a súa especie.

Para resolver o problema que ela mesma causara, Quokka Moka, a súa avoa e o espírito do sapo Roco teñen que pasar ao Antiuniverso, un mundo onde todo é igual pero diferente, para atopar aos quokkos, e así poder casar cun deles e ter moitos fillos para evitar a desaparición da especie.

É un ser tan egoísta e intratable que todos se poñen de acordo para darlle unha boa lección e que se decate do mal que fai e das consecuencias dos seus actos.

Aínda que o que máis ama é a liberdade, Quokka Moka vai ter que aprender a ser respectuosa, a responsabilizarse dos seus actos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de prexuízos
- Ruptura de roles tradicionais
- Muller coidadora
- Avoas coidadoras

Temática e xéneros

- Novela
- Aceptación e pertenza ao grupo
- Afectividade e emocións
- Educación emocional e en valores
- Medio ambiente

Pequenos fragmentos significativos

“Benqueridos quokkos. A miña neta e máis eu somos as únicas representantes da raza das quokkas despois de que ela mesma nos exterminase.

(...)

–O caso é que despois de irles mexar ás lontras e de esmagarlles as saídas de aire ás toupas, tiroulle unha pedriña á cabeza dunha galiña, con tan mala sorte que derrubou o tobo con toda a especie dentro menos ela, só eu me salvei do derrubamento. Houbo corenta e catro vítimas mortais.

(...)

–Xusto aquel día estabamos todos reunidos dentro para decidir botala do tobo por insoportable, rabuda e egoísta, pero xa non nos deu tempo. Exterminounos antes.

(...)

–Por iso pensei que sería boa idea vir aquí buscar o do revés da miña neta Moka, e xa que ela nos extinguiu, que case con Moko e teñan corenta ou cincuenta fillos para repoboar a especie.”

Actividades

- Os quokkas son animais marsupiais australianos do tamaño dun gato que están en perigo de extinción e moito máis despois dos terribles incendios que sufriu Australia no ano 2019. Australia, pola contra, non é terra de sapos; o sapo de caña (*Rhinella marina*), o único tipo de sapo que vive en Australia, é unha especie de orixe americana que foi introducida alí en 1935 e que actualmente é unha praga que está poñendo en perigo algunhas especies autóctonas.

Os wombats son tamén marsupiais australianos, os únicos animais do mundo que cagan cúbico.

- Localiza na sopa de letras os nomes de oito animais propios de Australia.



- Busca información na biblioteca (en papel ou en rede) e escribe os datos esenciais de cada un destes animais autóctonos de Australia.

Quoll: _____

Emú: _____

Koala: _____

Kuokka: _____

Equidna: _____

Wombat: _____

Canguro: _____

Moloch: _____

2. A introdución de animais ou vexetais de fóra pode poñer en perigo o hábitat propio e as especies autóctonas. Iso pasou en Australia coa introdución dos coellos ou o sapo. Pero tamén en Galicia co eucalipto e outras especies invasivas.

Outra sopa de letras. Nesta deberás atopar de animais e plantas en perigo de extinción en Galicia.

Galicia Especies en perigo												
T	W	Q	H	A	C	I	V	R	O			
P	O	R	Ñ	A	D	L	K	W	D			
L	O	B	O	N	Z	E	D	U	M			
C	Y	S	C	P	A	I	N	X	P			
S	O	E	A	A	N	T	V	L	V			
A	Ñ	S	a	X	D	E	A	A	H			
R	H	C	Ñ	A	U	I	C	L	O			
N	O	O	I	R	R	A	L	L				
I	T	R	M	I	I	L	E	L				
C	N	N	A	Ñ	Ñ	O	B	E				
A	E	A	R	a	a	a	U	A	O			
Q	F	B	A	O	A	A	R	O	C			
C	J	O	C	S	R	U	A	P	V			
R	J	I	Y	A	H	Ñ	G	X	T			
Z	U	R	O	N	S	K	X	R	Z			

koko1ikoko.com

caramiña, abella, anduriña, leiteiriña, oso, lobo, fento real, escornabois, vacaloura, árnica, paxariños, acivro, arao



- Formade grupos de 4 ou 5 persoas e cada grupo investigará na biblioteca sobre unha especie autóctona, animais ou vexetas, en perigo de extinción. Preparade unha presentación común de todas as especies estudadas con imaxes, nome común e nome científico. Hábitat. Calidades e razóns da extinción. Podedes facer vídeo, croma, presentación con voz, con música, con efectos...
- As nais, e as nais das nais (as avoas), son, moitas veces, as que manteñen unido o grupo familiar. Organizan as vacacións en familia, as festas, coidan das netas, cociñan... A casa da avoa é a casa de toda a familia. Elas transmiten as tradicións familiares e grazas a elas se conservan as familias e se manteñen unidas.

No tobo da avoa de Quokka Moka vivía toda a familia e, para conservala unida, a avoa houbo de tomar decisións difíciles, pero necesarias.

Enumerade as cousas que fan as avoas para a familia.

Que aprendestes das vosas avoas?

Que decisións tomou a avoa quokka?

Que pretendía conseguir?

5. A avoa considera que Quokka Moka vai ter que casar e ter moitos fillos para resolver a traxedia que ela mesma causou, pero a pequena marsupial non está de acordo.

Cal era a proposta de Moka para recuperar a especie? _____

Na festa da súa voda, sentíase coma se a condenasen a morte. Porque para Moka a liberdade era o máis importante, e aquela decisión non fora libre, obrigárona.

Neste caso sabemos que era todo unha montaxe para facer madurar a Moka, pero en moitas sociedades (e aquí mesmo hai tempo) as mulleres, as mozas, teñen que casar con quen lles manden.

Proposta para debate:

Pensades que todas as mozas deben casar? Que pasa se unha muller non quere ter fillos? Parécevos normal que unha muller deixe o seu traballo para atender aos fillos ou aos avós? Por que non se ocupan os homes de atendelos? Quen debería ocuparse?

Antes de debater recollede información na biblioteca, anotade os vosos argumentos, marcade un tempo para o debate, como se organizarán as quendas de palabra, canto pode durar cada intervención etc.

Ligazóns

Autora:

<https://mariasolar.com/>

Ilustrador:

<http://vriustracion.blogspot.com/>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5798160>

Outras ligazóns relacionadas coas actividades propostas:

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Quokka>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Sapo>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Vomb%C3%A1tidos>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Cat%C3%A1logo_galego_de_especies_ameazadas

<http://biodiversidade.eu/especie/armeria-merinoi-bernis-nieto-fel-a-silva-pando/?lang=gl>

<http://www.fragasdomandeo.org/habitats/as-especies-ameazadas/>

<https://www.gciencia.com/tag/perigo-de-extincion/>

Ama de casa:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ama_de_casa

Corresponsabilidade:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/corresponsabilidade>

Maternidade e vida laboral:

<https://praza.gal/economia/pode-o-coidado-dos-fillos-ser-un-obstaculo-a-vida-laboral-si-se-es-muller>

Conciliación en Europa:

<https://conciliacionrealya.org/conciliacion-laboral-espana-vs-europa/>

Coidado dos maiores:

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/118595-mulleres-desempenan-rol-coidadoras-oito-dez-fogares-galegos>

Imaxes libres de dereitos de [Pixabay](#), [Flickr](#) e [Wikipedia](#)

Unha misión para Clara



Texto: Marica Campo

Edicións Obradoiro, 2018

oqueleo

ISBN 978-84-1683-423-5

Sinopse

Clara ten dez anos. Vive cos seus pais e a súa irmá nun contorno respectuoso co medio ambiente. A familia está sensibilizada ata o punto de levalas a camiñar polo monte na busca de cogomelos, recoñecer o canto ou as pegadas dos animais, apreciar as fragas,...

Un día, tanto Clara como seu pai reciben unha estraña visita, un ser que adopta diferentes idades e que carga cunha maleta. Cando se presenta a Clara dille que é un elfo, que de vez en cando o acompaña un trasno e que traen a encomenda de encargarlle unha misión: salvar a fraga de Pedrasirtas. Para iso vai contar co don de comunicarse coas vellas árbores.

O misterio entra na súa vida. A partir de agora vivirá nunha realidade paralela onde elfos e trasnos se mesturan con casualidades que lles fan soñar ou lembrar –a toda a familia– determinada canción dos Beatles.

Amor á natureza e defensa da muller son notas destacadas da personalidade de Clara.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Autora
- Ruptura de roles
- Ecofeminismo
- Empoderamento
- Amor romántico

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela infantil
- Nena cunha misión
- Defensa da natureza

Pequeno fragmento significativo

“–Moi ben! –alporizouse a pequena–. As aventuras, para os homes. As mulleres a agardar por eles. Como Penélope e Ulises..., sabes quen eran, Nimo?”

E sen máis, fíxolle un breve resumo da Odisea no tocante á longa agarda de Penélope, a que tecía e destecía na espera do home.

–Solveig era unha parva, coma Penélope –concluíu.

–Por que dís iso? –preguntou Nimo sorrindo.

–Razoámolo a miña nai, a miña irmá e máis eu. Papá tamén estaba de acordo.

–A ver, razónao agora comigo. Por que eran parvas? –insistiu o máximo amigo.

–Porque quen te quere non te fai sufrir. Ulises marchou polo mundo e volveu cando lle petou ou lle conviña, porque o certo é que se entretivo no camiño de volta, e ela a agardar...

Mentres a rapaza falaba, Nimo asentía coa cabeza e non deixaba de sorrir. Aquela era, sen dúbida a persoa que podía arranxar as cousas.”

Actividades

1. Contestar:

En que consiste a misión?

Por que escollen a Clara para a misión?

Que don se lle concede a Clara para poder cumprir a súa misión?

A quen lle chaman o Avó na fraga?

Por que se queima con máis facilidade o eucaliptal que a fraga?

Por que non lle gusta, a Clara, o amor romántico?

2. Cando Nimo lle di "Terás que ser a raíña da fraga para protexela", Clara non está de acordo e dálle un par de alternativas a ese título. Lembrar cales son.

3. Un dos títulos que lle dan a Clara é o de valedora, cal é o seu significado?

4. Clara é unha activista na defensa da muller, ata o punto de insultar a quen a ataca, tal como se ve no seguinte texto:

"-Mulleres..., non son capaces de gardar un segredo -dixo displacente o trasno.

-Machista! Porco! Mentireiro! Fervellasverzas! Zalapastrán! Remendafoles! Langrán! Lacazán! Baldreu...! -estalou en insultos Clara. E seguiría se Nimo non lle chamase a atención.

Nimo, entre outras cousas, dille "As descualificacións non levan a ningures."

Opinar ao respecto.

5. Informar acerca das obras literarias que aparecen nomeadas, documentándose, se é necesario:

O Señor dos Aneis

Alicia no País das Marabillas

O bosque encantado

A Odisea

A carta do xefe Seattle

Follas novas

...

Facer o mesmo con personaxes coma o Quixote ou autores como Ponal e Rosalía de Castro.

6. Pondal non aparece citado directamente pero recoñecémolo pola referencia que se fai ao himno galego, do que é autor da letra. Localizar esa alusión.
7. Opinar acerca das palabras do carballo: "Por moito que saibades os seres humanos, nós sabemos máis porque chegamos antes e, sobre todo, porque entendemos que somos parte da terra e que, se non a coidamos, desapareceremos con ela."
8. Clara é unha rapaza decidida e capaz de realizar a misión que lle encomendan. "Misión cumprida!" berra satisfeita, pero o trasno apunta algo co que igual non contábamnos... Cales son as súas palabras?
9. Indagar acerca do ecofeminismo
10. Clara ama a natureza. A fraga de Pedrasirtas é o seu paraíso. Recoñece o canto dos paxaros, as pegadas do animais... incluso vai aos cogomelos con seus pais. Con ela pódese afirmar que é certa esa afirmación de que só se ama o que se coñece e só se defende o que se ama. Explicar este argumento con exemplos.
11. Os pais de Clara están preocupados pola fraga de Pedrasirtas e falan do problema na mesa. Comentar as razóns polas que se plantan eucaliptos e o problema que supoñen esas plantacións.
12. Hai situacións nas que debemos actuar ante os problemas e non quedar mirando, pasivamente, vendo como suceden. Contar algún caso no que se actuou individualmente ou en grupo.

Ligazóns

Libro:

<https://www.oqueleo.com/libro/unha-mision-para-clara>

Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Marica_Campo

Editorial:

<http://www.editorasgalegas.gal/editoriais-age/edicions-obradoiro/>

<https://www.oqueleo.com/>

Lecturas
expertas

A balada dos unicornios



Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Mónica Armiño

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Infantil e xuvenil. Camaleón

ISBN 978-84-9121-405-2

Premio Lazarillo, 2017

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil, 2018

Premio Fervenzas Literarias á Mellor capa de LIX, 2018

Premio Kelvin 505 do Festival Celsius 232 á mellor novela xuvenil orixinal, 2019

Sipnose

Ágata McLeod, alumna destacada da Escola de Artefactos e Oficios, emprende unha viaxe acompañada de Nuno e do seu robot na busca do ermitán que habita na Caverna dos Escaravellos, co fin de salvarlle a vida ao seu amigo León, atrapado pola directora da Escola. Para iso tense que afrontar a un mundo cheo de seres fantásticos e misteriosos e de lugares sorprendentes. Unha viaxe, que ao mesmo tempo a levará ás súas raíces e a esclarecer algúns acontecementos escuros do seu pasado.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Afouteza da muller

- Ruptura de estereotipos sexistas
- Muller e ciencia
- Heroínas
- Feminismo

Temática e xénero

- Novela fantástica, *steampunk*
- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Amizade. Amor
- Orfandade
- Referencias históricas e culturais
- Enfrontamento ben/mal
- Viaxe exterior/ interior
- Aventuras
- Maxia. Misterio. Intriga

Fragmento significativo

“Entón o unicornio achegóuselle ao oído e empezoulle a falar. A súa voz era múltiple, coma se falasen moitos unicornios ao mesmo tempo.

–Non te podes render, Ágata. Hai moitas cousas importantes que dependen desta misión. Pronto comprenderás que esta viaxe non te atinxe só a ti e os teus amigos. Confía en ti. Necesítámoste.

Despois de transmitirille a mensaxe, a criatura empezou a cantar baixiño nunha lingua moi antiga. Esa canción, coñecida como a balada dos unicornios, era a proba de que o vínculo coa humana fora realizado con éxito.”

Actividades

1. A historia comeza presentando a súa protagonista feminina como unha rapaza chea de fortaleza. Sinala os verbos empregados e os adxectivos que o demostren.

2. Fai unha descrición de Ágata na que inclúas estes trazos do seu carácter: *afouteza, testana, rabuda, con sentido do humor, segura de si mesma, rebelde, inconformista, loitadora...* Engade aqueles outros referidos ao seu físico ou á súa forma de vestir. Revisa as páxs. 8, 10, 13, 35, 75.
3. A autora, Leticia Costas, como quen non quere a cousa, vai soltando pinceladas claramente feministas ao longo do relato.
 - a. Enumera as distintas personaxes que aparecen na novela e comprobarás que a listaxe de nomes femininos é máis ampla que a dos varóns.
 - b. Sinala a relevancia que teñen na trama as personaxes femininas fronte ás masculinas.
 - c. Hai outras situacións nas que tamén aparecen personaxes femininas sen nome propio. Localízalas nas páxinas 25, 94, 138.
4. Emparella cada definición de carácter co nome e cargo a quen lle corresponda:

Ágata	Gobernanta	<i>Crírase rodeada de odio.</i> (páx. 16)
Cornelia	Raíña albina	<i>Dura por fóra para non sufrir por dentro.</i> (páx. 29)
Ofelia	Humana mecánica	<i>Inaccesible pero xusta.</i> (páx. 58)
Wendy	Directora escola	<i>Incisiva e fría.</i> (páx. 38)
Galería Albina	Meigas	<i>Tiñan moito carácter, actuaban con xustiza.</i> (páx. 143)

5. As cores escollidas para representar a Casa Albina tamén coinciden coas escollidas por Ágata para o seu velocípede (páxs. 8, 91, 171). Hai entre esas cores, algunha que teña un valor simbólico que se poida asociar á loita feminista? Argumenta a túa resposta.
6. Na novela aparecen expresións machistas na boca dun maquinista que interpela a Ágata chamándolle *mocosa* (páx. 9) por non ver, segundo el, por onde vai co seu velocípede. Cal foi a reacción da moza? Elixe a resposta correcta:
 - a. Acelerar e seguir coma se estivese practicando *eslalon* nunha pista de esquí
 - b. Avergonzarse e amourar á marcha
 Como explicas esta actitude por parte do maquinista? Segue vixente na actualidade?

7. Tampouco faltan na novela, reflexións e reivindicacións acerca do comportamento non igualitario para homes e mulleres. É o caso das mulleres prostitutas asasinadas (páx. 25). Comenta esta situación que se daba na Inglaterra vitoriana co que sucede hoxe en día.
8. Na historia enfróntanse dous clans de bruxas que simbolizan o ben fronte ao mal: Emparella os trazos máis salientables que corresponden a cada clan:

Córvidas	Raiñas boas	Cornelia	Unicornios	Xustas, educadas.
Albinas	Raiñas malvadas	Wendy	Corvos e arañas	Sen escrúpulos, frías.

9. A obra está ambientada en Londres. Mestura realidade e ficción. Busca os topónimos e antropónimos do relato que se correspondan a lugares e nomes propios reais e pescuda sobre eles. (páxs. 9, 24, 25, 60).
10. En moitos momentos os personaxes fantásticos da historia posúen máis humanidade que os propios humanos. Tic Tac, por exemplo, ou os habitantes da Cidade dos Cans. Busca algunhas frases que o exemplifiquen.
11. No capítulo no que Ágata visita a Cidade dos Cans hai unha escena na que se denuncia o mal trato animal por parte dos humanos. Fíxate que ademais está personificado nunha cadela, unha cadela que nola presentan totalmente personificada coma un humano lendo a Shakespeare. Que pensas que quere transmitirnos a autora?
12. Poderíase afirmar que *A balada dos unicornios* é unha historia de amor? Xustifica a túa resposta. Localiza algunha expresión no relato que defina o amor. Indica a páxina.
13. Imaxina a Ágata no teu instituto como compañeira de clase. Narra unha situación discriminatoria ou inxusta que vos puidese acontecer. Como cres que actuaría ela? De que maneira resolvería ese conflito? (10-15 liñas)

Ligazóns

Sobre a autora:

<http://lediciacostas.com/es/sobre-min/>

Sobre a ilustradora:

<https://monicaarmino.com/>

<https://www.facebook.com/monica.armino>

Sobre a obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2018/10/05/a-balada-dos-unicornios-de-ledicia-costas/>

<https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2018/12/Balada-Tempos-Novos.pdf>

<https://blog.xerais.gal/ledicia-costas-defendo-que-dende-o-galego-se-pode-chegar-plenamente-a-calquera-sistema-literario-do-mundo-conversa-co-editor-manuel-bragado-na-revista-luzes-60/>

<https://blog.xerais.gal/tag/a-balada-dos-unicornios/>

A filla do minotauro



Marilar Aleixandre
Editorial Galaxia, 2018

Costa Oeste

978-84-9151-189-2

Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2017

Sipnose

Sicilia. Década anos 40 do século XX. Protagonista Miranda, unha rapaza de quince anos. Ela axuda os seus pais na taberna do Minotauro e vaise comprometer como membro activo na Liga das Górgonas. A finalidade deste grupo é recuperar as obras do patrimonio das mans da mafia.

Miranda, acompañada de Antelmo, vai vivir historias arriscadas e será coñecedora doutras moitas que rememoran o pasado da mitoloxía clásica, o que lle permitirá descubrir ante ela o segredo da súa orixe.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina. Afouteza da muller
- Ruptura de estereotipos
- Papel da muller na sociedade

- Muller e ciencia
- Violacións
- Feminismo

Temática e xénero

- Novela de iniciación, aprendizaxe
- Mitoloxía clásica
- Arqueoloxía. Patrimonio
- Historia
- Reivindicación social
- Narración oral
- Ciencia
- Familia
- Amor
- Aventuras

Fragmento significativo

“A vida de Miranda transcorría entre a súa casa, a escola e as rúas de Siracusa. Non tiña outra familia, avós, tíos nin curmáns, porque os seus pais chegaran a Sicilia desde Grecia, pouco antes de ela nacer, fuxindo dunha ameaza da que non adoitaban falar. Ás veces envexaba os compañeiros da escola que ían comer o domingo á casa dunha avoa que atendía todos os seus caprichos. Ou as rapazas que tiñan curmáns da mesma idade ás que visitaban noutras vilas de Sicilia. Nin sequera sabía se vivía algún dos seus avós ou outros familiares na illa da que procedían, porque nunca falaban deles e as poucas veces que preguntara a única resposta era “outro día”.”

Actividades

1. A protagonista da novela é Miranda, unha moza de 15 anos, que xa dende o prólogo aparece caracterizada pola súa valentía ao tratar de superar o medo que lle supón atravesar de noite as rúas de Siracusa, perseguida polas pisadas dun home (páx. 16). De quen se trata? Enumera os trazos máis significativos dese personaxe e trata de tipificalo. Revisa as páxs. 23, 26, 60, 67.

2. *Valente non é quen non ten medo, senón quen actúa a pesar do medo* (páx. 71). Comenta esta expresión e relacióna coa educación recibida como muller.
3. Miranda pon de manifesto de forma explícita o poder de atracción que exerce sobre ela a presenza dos mozos. Non esconde o seu fervor ante a mirada de Antelmo (páx. 30). É unha moza que empeza a descubrir o seu corpo e a experimentar sensacións novas. Busca algún exemplo máis no texto e contrástao coa sensación de desacougo que lle produce a ollada de Oliseus cando ela o serve na taberna dos seus pais (páxs. 49-52).
4. Miranda afirma que o profesor de matemáticas, Archimedo sabía cociñar, cousa que non é frecuente entre os homes que ela coñece (páx. 29). Que percepción tes desta cuestión na túa contorna? Axúdате para argumentar a túa resposta da expresión machista *Ti ocúpate da cociña, que de falar xa nos ocupamos os homes*, que se cita nas páxs. 124 -125.
5. Outra personaxe feminina que aparece no relato é Escilia, a avoa de Antelmo, unha muller viúva, nada convencional da que estivo “namorado” Oliseus. Escilia explícalle a Miranda os pormenores desa relación e as diferenzas entre estar namorado, sentir unha atracción física ou querer simplemente sexo. Comenta esta reflexión e aporta o teu punto de vista (páxs. 60-67)
6. A beleza é algo importante en xeral para todas as mulleres. Así nolo fixeron sentir culturalmente. A este respecto, Miranda ten unha conversa co doutor Tomasso Rizzo, do Museo de Arqueoloxía, sobre os diferentes conceptos de beleza (páx. 76). Cal é a túa opinión?
7. Miranda tamén representa valores de xustiza. Xa de nena na escola defendera un rapaz tunisiano (páx.86). Agora vai formar parte da Liga Clandestina das Górgonas. Con que obxectivo? Explica o seu significado (páx. 78).
8. Na páxina 79 aparece a expresión *Un milhomes coma tantos*. A que personaxe da novela se refire? Por extensión, a quen se lle pode aplicar?
9. No relato faise referencia en dúas ocasións ao pranto de dous personaxes masculinos: o de Asterio, pai de Miranda, na páxina 104; e o de Antelmo, na páxina 156. Sinala as circunstancias polas que estes dos homes choran. Está xustificado? Cres que o feito de chorar os fai máis débiles? Xustifica o teu punto de vista.
10. Os pais de Miranda son moi novos, segundo di a propia protagonista. Que relación manteñen coa súa filla? Relé as páxinas 64 e 114 e trata de argumentar a túa resposta. Cres que esta relación

entre os pais, e sobre todo con respecto ás fillas, é habitual na túa contorna? En caso de ser negativa a túa resposta, que aspectos deberían cambiar na educación recibida na casa?

11. A literatura oral e os relatos mitolóxicos están presentes ao longo de todo o relato. Sinala o papel da muller neles. Presentan características comúns? En que patrón está baseado?
12. O coñecemento é poder (páx. 39); O coñecemento é unha poderosa ferramenta (páx. 83). Relaciona estas frases coa prohibición de estudar as mulleres noutras épocas.
13. Na novela cítase o libro *Las aventuras de Huckleberry Finn* (páx. 61) e a película *Foixe co vento* (páx. 75). Relaciona a temática de ambas as dúas co contido desta novela.
14. Sitúa nun mapa de Europa a Sicilia, Siracusa, Grecia, Creta e Galicia. Sinala algúns trazos coincidentes entre a cultura grecolatina e a nosa. Fíxate en especial na gastronomía que se vai citando ao longo do relato. Enumera as receitas das que se fala e os alimentos que aparecen (páxs. 28, 29, 34, 44, 52, 63, 103,124...)
15. Imaxina que es director/a de cine e queres converter a historia da *Filla do Minotauro* en imaxes. Indica o nome da actriz que mellor encarnaría o papel de Miranda. Argumenta brevemente a túa elección. Deseña un cartel para a película que inclúa algunha frase do propio relato que convida a vela.

Ligazóns

Sobre a autora:

<http://marilar.gal/sobre-min/>

Sobre a obra:

<http://www.asega-critica.net/2019/04/aquilo-que-as-odes-nao-lembram-por.html>

<http://redelectura.blogspot.com/2018/12/a-filla-do-minotauro-un-novo-titulo-de.html>

<http://garciateijeiro.blogspot.com/2019/11/a-butaca-do-lector-7-filla-do-minotauro.html>

<http://www.crtvg.es/informativos/marilar-alexandre-presenta-a-filla-do-minotauro-3968157>

A peregrina gastronoma



Texto: María Canosa

Ilustracións: Miguel Cerro

Somos libros, 2019

Guías

ISBN 978-84-120115-8-6

Edición especial para o
Xacobeo 2021

Sinopse

Desde hai máis de mil anos, peregrinos de todo o mundo cruzan as distintas rutas para chegaren a Santiago. Algúns comezan o Camiño atraídos pola natureza, a arte, a arquitectura, a gastronomía... A outros móveos a espiritualidade. Sexa como for, todos camiñan coa "súa vida na mochila" durante duras xornadas, vaia frío ou calor, nas que mesturan esforzo e emoción.

Tara, a peregrina protagonista desta guía, elixe o Camiño Inglés. Ao baixar do barco na Coruña non ten previsto facer o Camiño, mais unha decisión fortuíta cambia os seus plans. Paso a paso, sacia a curiosidade e o apetito, descobre os lugares máis emblemáticos do Camiño e tamén os recunchos que saen das rutas convencionais.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller
- Ruptura de roles tradicionais

- Ecofeminismo
- Independencia da muller
- Viaxe en solitario: modelo igualitario
- Empoderamento
- Autora e protagonisma femininas

Temática e xéneros

- Narrativa
- Guía de viaxes
- Lendas e tradicións
- Aventuras
- Cultura popular, patrimonio natural e climatoloxía galegas
- Gastronomía galega
- Modernización das tradicións

Pequeno fragmento significativo

“Galicia é o país de la chuvia, mais tamén o dos brillos, dos reflexos. A Dársena da Mariña, que nos dá a benvida aos que chegamos por mar, é coma unha tarxeta postal, coas súas fachadas de cristal sobre ferro e madeira, de finais do século XIX, con trazados artísticos deseñados, moitos deles, por Juan de Ciórraga, baseados nos ce-r-ramentos de popa dos navíos.

Descúbrome parada, observando aquela marabilla, cando alguén me fala:

–E non lle fas fotos? Debes de ser a única! Dinlle “a cidade de cristal”, pero ser é un pouco esaxerado...

A señora sorrí. Non me dera tempo nin a desenfundar a cámara. Apúrome a collela e volve falar-me.

–Non, nena. Deixa estar. Mellor mirar e vivir!

–Escoite... –acerto a dicir antes de que marche do meu carón–. A praia con forma de cuncha?

–Riazor e Orzán? Si, si. Pero antes vai á Torre de Hércules e á praia que tes ao seu pé, que é moi pequerrecha, pero hache gustar máis. Aquí somos de cousas cativas, pero xeitosas. Bordea o paseo... o

camiño faise só, xa verás. É coma quen peregrina, aínda que aos que vides nos transatlánticos non sabedes diso...

Nin tempo me dá a agradecerlle nada. Dáme as costas e ergue unha man, sen volverse, para despedirse. Botou a brinca e pico á primeira. Cando quero decatarme xa estou avanzando no empedrado. É curioso o contraste. Á esquerda, a cidade en total ebulición. Á dereita, olor a sal, auga... mar."

Actividades

1. Tara é unha muller que viaxa soa nun cruceiro. Busca información sobre outras mulleres viaxeiras ao longo da Historia.
2. Investigar arredor da historia de Exeria e a súa viaxe.
3. Pescudar sobre a historia de Isabel Barreto e matinar sobre a fortaleza do seu carácter. Cres que era sinxelo para unha muller da súa época aproveitar dese xeito as oportunidades que lle puxo a vida diante?
4. Tara fala da estirpe, de ser a primeira das mulleres da súa familia en portar o seu nome. Reflexionar sobre esta metáfora, de ser a primeira da "estirpe".
5. Fai unha listaxe de adxectivos cos que definirías o carácter de Tara.
6. Tara viaxa soa. Pensas que é algo habitual nunha muller? E nun home? Argumenta a resposta.
7. Que porcentaxe de peregrinos homes e mulleres fan o Camiño de maneira individual? Buscar información ao respecto e argumentar as posibles causas.
8. Ao longo da historia relatada, Tara vai atopando con distintas mulleres. Estuda as súas condutas, e relaciónaos coa súa idade.
9. Na obra fálase das meigas. Que se conta sobre elas? Que imaxe tiñas delas e cal tes agora? Por que cres que na tradición galega se fala de meigas e non meigos?
10. A tradición asegura que procedemos dos celtas. Estudar acerca da figura das druidesas.
11. Coñecías os druídas? E as druidesas? Despois do que aprendiches, por que cres que non se fala máis delas?
12. Contestar:
Que diferenzas atopas entre o comportamento de Tara e o das demais mulleres que lle saen ao paso na historia? Cal cres que é o motivo?

De onde cres que sae o nome de Tara?

Con que o relacionastes antes de ler a obra?

Como pensas que a ven os veciños dos lugares polos que pasa?

Pensas que as mulleres poden voar libres, tal como se pide derivar da expresión “dar ás”?

13. Reflexionar sobre esta expresión: “dar ás”.
14. Cres que as ilustracións se adaptan ao prototipo feminino? Por que?
15. Comentar sobre o que pode influír a ilustración na concepción da imaxe feminina.
16. Elaborar un listado con outros libros de viaxes protagonizados por mulleres.
17. Coñeces a historia de Elisa Patiño? Investigar sobre ela.
18. Indagar acerca da galega Antonia Martínez, coñecida como Tinia.
19. Escíbelle unha carta á autora, comentándolle a túa opinión sobre a protagonista da obra.
20. Describir un pequeno roteiro no que se recollan feitos relacionados coas mulleres que viviron ou viven na túa zona.

Ligazóns

Sobre a autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/maria-canosa>

<https://www.facebook.com/seareirosde.mariacanosa>

https://twitter.com/_MariaCanosa

<https://www.instagram.com/mariacanosa/>

Sobre o ilustrador:

<https://miguelcerrocreacion.com/>

https://www.instagram.com/miguel_cerro_ilustracion/

Sobre o libro:

<https://somoslibros.es/producto/a-peregrina-gastronomia/>

<https://somoslibros.es/la-peregrina-gastronomia-personalizada-para-el-xacobeo-2021-y-la-xunta-de-galicia/>

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/10/22/a-peregrina-gastronoma-de-maria-canosa/>

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/galicia-por-diante-galicia-por-diante-do-dia-16-09-2019-4183829>

<https://somoslibros.es/>

A rapaza de tinta e estrelas



Autora: Kiran Millwood Hargrave

Tradución: Moisés Barcia

Sushi Books, 2019

Avanzado

ISBN 978-84-1688-419-3

Sinopse

Isabel perdeu a nai e o irmá, e vive só co pai. El é cartógrafo e ela adora ese oficio; de feito, garda o vello mapa que herdou de súa nai, onde está debuxada Joya, a illa en que viven. Ese é un mapa especial, incompleto e enigmático, pois mostra imaxes diferentes dependendo do grao de humidade.

A súa amiga, Lupe é a filla do Gobernador, un ditador que non permite nin saír da illa nin entrar nos chamados Territorios Esquecidos (onde tiveron que marchar os expulsados), mantendo a poboación recluída na cidade de Gromera. Unha serie de sucesos levan a Lupe a marchar á zona inexpugnable, a Isabel a seguila disfrazada de neno, acompañando o Gobernador e o seu séquito para facer o traballo de cartógrafo no lugar do pai, que permanece preso no labirinto.

O encontro cos tibicenas e co gran demo de lume fainos enfrontarse ao mal no sentido máis arcano pero poderán volver a casa a través do labirinto e lembrar a amiga que quedou atrás redimindo a familia e salvándoos. A través desta viaxe as rapazas lembran o mito de Arinta.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Autora
- Ruptura de roles
- Empoderamento
- Modelos femininos

Temática e xénero

- Narrativa fantástica
- Novela xuvenil
- Amizade
- Valentía

Pequeno fragmento significativo

“Arinta era unha rapaza moi valente. Vivía no centro de Joya, hai mil anos, cando a illa era libre e navegaba polo océano coma un barco vivente. Non había fronteira no bosque, nin Territorios Esquecidos, e os paxaros cantaban en todas as árbores.

Pero un día, un demo de lume que burbullaba baixo o fondo mariño fixouse na fermosa illa flotante e quixo apoderarse dela. Chamábase Yote. Era tan longo coma un río e tan ardente coma o sol. Construíu unha parede de rocha para ascender ata a illa, capturou Joya e atouna ó fondo mariño. Os habitantes de Joya tiñan medo. Sabían que intentaría conquistar a illa para o Reino de Lume e que entón terían que abandonar os seus fogares.

Arinta estaba triste, porque amaba Joya, cos seus bosques, o seu mar e os seus paxaros. Así que esa noite lle roubou a espada ó seu pai e saíu da casa en silencio para dirixirse ó lugar onde Yote estaba abrindo a terra, disposto a tragar Joya. Arinta penetrou nas profundidades da terra por unha ferverza, empapándose de auga para protexerse das chamas, e camiñou ata chegar á gorida de Yote. Chamouno, e Yote oíuna, pero non deixou de abrir a terra.

Arinta non se deu por vencida. Atacou as paredes de rocha coa súa espada, para botarlle o mar encima. Yote asustouse. Podía vencer os ríos, pero o mar devoraría. Aceptou non conquistar a illa se Arinta se detiña. Xuraron respectar este acordo e ela deixou

a espada cravada na rocha, para que o demo soubese que mantería a súa promesa."

Actividades

1. Contestar:

En que consistiu o xuramento de Arinta?

Por que corre perigo Joya no tempo de Isabel e Lupe?

Cal foi a humillación que sufriu Yote?

Son ou non valentes as mulleres deste relato? Argumentar a resposta.

A quen e que quere salvar Isabel?

2. Unha rapaza é quen de vencer o maior perigo que se cerniu sobre a illa. Pasados mil anos... sucede algo semellante. Explicar as semellanzas.

3. Isabel corta o pelo e viste coas roupas do irmán para que pensen que é un rapaz. Por que corre menos perigo –e ten máis posibilidades de acompañar o Gobernador na busca de Lupe– sendo un neno?

4. Hai unha serie de historias que tratan o tema da doncela guerreira. Un romance, historias de mozas disfrazadas de home para ir á guerra no cine ou ao longo da Historia... Localizalas non ha ser demasiado difícil.

5. As mulleres non só se teñen que disfrazar de home para ir á guerra. En pleno século XIX, Concepción Arenal tivo que vestirse de home para poder asistir a clases na universidade española. Recoller máis casos nos que as mulleres tiveran que "travestirse", como pode ser o das escritoras que utilizan un pseudónimo con nome de home.

6. Lectura atenta do seguinte diálogo entre Pablo e Isabel no palacio do Gobernador:

"-Por que cortaches o pelo?

-Para vir aquí.

Sorbeu polo nariz e dixo:

-Quédache ben.

-Tanto me ten como me quede. Como está o meu pai?

(...)

O teu pai está ben, Isabel. Deberías preocuparte máis por ti mesma."

Del pódense extraer –como mínimo– un par de pensamentos de interese en relación coa igualdade.

7. Realicemos o mesmo exercicio dúas páxinas máis adiante:

“-En fin... –encolleu os ombreiros-. O teu pai nunca te perdoaría se soubese o que estás facendo.

-Xa o sei.

(...)

Ti irías no lugar de túa nai, verdade?

-Non é o mesmo...

-É o mesmo. O mesmo que cando a substitúes nos campos.

-Si. Pero eu son un home.

-Es un rapaz. Pero que importa iso? As rapazas tamén podemos vivir aventuras.

-Oíches falar dalgunha rapaza que fose vivir unha aventura?

Ruboriceime na escuridade. Só oíra falar de unha.

-Arinta.”

No texto anterior, ademais de observar como funcionan os estereotipos masculinos e femininos, atopamos esa necesidade de modelos que as mulleres non tiveron ao longo da Historia por ser poucas as que destacaron e, por riba, seren invisibilizadas. Isto nótese incluso en determinadas frases, como nesta de Isabel: “Non podía deixalo alí. Arinta non o faría. Levanteime e volvíñ á praza”. Localizar biografías de mulleres aventureiras, desas que nin Pablo nin Isabel coñecían.

- 8.** No parágrafo citado anteriormente dise textualmente “rapaza que fose vivir unha aventura” como se rapaza e aventura fosen conceptos contrapostos. Busquemos o poema de Xohana “Penélope” e vexamos o que propón a autora.
- 9.** A relación entre a valentía e o medo dá para elaborar un texto ou para realizar unha posta en común.
- 10.** Diferenciar entre lenda, mito, conto, parábola, fábula...
- 11.** Recoller o mito das amazonas.

Ligazóns

Libro:

<http://rinoceronte.gal/sushibooks/tenda.php?op=ver&id=1427>

Autora:


https://en.wikipedia.org/wiki/Kiran_Millwood_Hargrave

Editorial:

<http://rinoceronte.gal/sushibooks/tenda.php>

<http://rinoceronte.gal/sushibooks/colecciones.php?op=categorias&id=2>

A viaxe de Burhan



Texto: Xoán C. Riobó

Ilustracións: Julia Abal

Edicións Fervenza, 2019

A Pinguela. Teatro para ler e representar

ISBN 978-84-17094-74-4

Sinopse

Burhan é sirio. O seu país está en guerra. Mentres Hilâl (a amiga á que ensina cando a escola se pecha) decide quedar no país coidando as raíces, Burhan marcha cara á utopía europea. Busca un lugar de paz onde vivir e cumprir os seus soños.

A travesía é unha carreira de obstáculos, desde o peche de fronteiras ata o roubo de todas as súas pertenzas e a condena a pedir esmola na rúa. Daquela coñece a Nadima (a que lía e contaba contos á rapazada no seu poboado), que vén de Iraq e tamén vai a Europa; ela axúdalle a pagar a súa viaxe.

Coñecen un traficante da morte que os explota e cando ve chegar a policía os bota ao mar e leva a Nadima con el para escravizala. Chega Burhan á costa e case o dan por morto, alguén lle rouba os zapatos e lévano ao campo de refuxiados. Alí sabe que Nadima apareceu morta nas costas de Italia con outras mulleres suramericanas que ían destinadas ao mercado negro.

Burhan volve a Siria e atopa a Hilâl, que sobrevive grazas a ir armada.

As anotacións están feitas para unha posta en escena na que podan participar actores, actrices e bonecos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Mulleres con soños propios
- Mulleres que coidan as raíces
- Xenerosidade da muller
- Os versos de Rosalía sobre a emigración
- Ser muller en determinados países

Temática e xéneros

- Peza teatral
- O soño europeo
- A guerra
- Emigración
- Refuxiados/as
- Rosalía de Castro e a súa poesía
- Trata de mulleres

Pequeno fragmento significativo

“Escóitase o motor dunha lancha.

RUFÍÁN.- Rápido, saltade da lancha! Vén a policía.

VOCES.- No sabemos nadar.

RUFÍÁN.- Os humanitarios estarán esperando na costa para salvarvos.

VOCES.- Preferimos que nos colla a policía.

RUFÍÁN.- Como? E perder eu a embarcación? Vós estades mal. (Bate a man na auga) Veña, a nadar.

Todos caen ao mar.

RUFÍÁN.- E ti, Nadima, virás comigo! Serás a miña escrava. Ha, ha, ha!

RUFÍÁN vaise coa lancha pneumática e con NADIMA boneco na man. Os refuxiados, xunto con Burhan, vense afundir detrás da vela en sombras.

RESCATE

BURHAN está inconsciente tombado na área da praia. Chega un refuxiado e pálpalle os petos. Non atopa nada e róuballe os zapatos. Ao lonxe vén a policía.

POLICÍA 1.- Eh, desgraciado!

O refuxiado, ao ver a policía, escapa. A policía achégase a BURHAN.

POLICÍA 1.- Maldita escoura, nin entre eles se respectan.

POLICÍA 2.- Outro máis. Non aprenden. Mira se ten algo de valor."

Actividades

1. Lemos a obra, primeiro en silencio e despois en voz alta, repartindo os papeis.
2. Completamos a información sobre Siria e Iraq. Tentamos ver cal é alí a situación da muller.
3. Analizamos os personaxes femininos da obra: Hilâl e Nadima.
4. Dicia Concepción Arenal que as mulleres eran as escravas dos escravos; sempre estaban un banzo máis abaixo ca os seus compañeiros. Opinade acerca disto, tendo en conta os dous personaxes femininos da obra.
5. Gardar a tradición, coidar as raíces, ler, contar contos á rapazada, aforrar, axudar aos demais, aprender... son actividades que aparecen na obra ligadas ás mulleres. Confirmádeo e opinade ao respecto.
6. A rapazada e mais as mulleres son quen máis sofren as consecuencias dunha guerra. Cal é a razón?
7. Contestar:
 - En que se manifesta a maldade humana?
 - Que poder teñen as mafias?
 - Que redes mafiosas coñeces?
 - A que se refiren cando falan de mercado negro?
 - Rufián trátaos como mercadorías?
 - Cal é o papel de Turquía nese paso a Europa?
 - En que se nota a xenerosidade dos personaxes femininos?
8. Explicar o que hai detrás deste diálogo
 - "HILÂL.- Non o podo crer. Es ti. Que delgado estás!*
 - BURHAN.- Ti tamén estás cambiada. Que fas con esas armas?*
 - HILÂL.- É difícil sobrevivir sendo muller. Aquí todo segue igual."*

9. Deteñámonos na poesía de Rosalía. O poema sobre a emigración "Corre o vento, o río pasa" pódoo ler coa mesma emoción unha persoa galega, africana ou de calquera outro lugar do mundo, ou non? A que poema pertencen os versos que se poñen a continuación na boca de Burhan?
10. Buscamos outros poemas que podan acaerlle a esta historia.
11. Escribir a continuación da obra.
12. Representar a obra. Aquel alumnado que non interprete os personaxes poderá encargarse dos decorados, *atrezzo*, son, caracterización, vestuario...
13. Buscamos outras historias relacionadas coa viaxe de África a Europa, na busca do paraíso, como *Eu son Suleimán*.

Ligazóns

Libro:

<https://www.edicionsfervenza.es/home/239-a-viaxe-de-burhan-exodo.html>

Autor:

https://www.edicionsfervenza.es/126_xoan-c-riobo

Ilustradora:


<https://www.edicionsfervenza.es/smartblog/9/Presentaci%C3%B3n-de-varias-escenas-de-obras-de-te.html>

Editorial:

<https://www.edicionsfervenza.es/>

<https://www.edicionsfervenza.es/16-teatro>

Acariñando os desexos



Texto: Xoán C. Rioboó

Ilustracións: Julia Abal

Edicións Fervenza, 2019

A Pinguela. Teatro para ler e representar

978-84-1709-473-7

Sipnose

Eli está no paso da infancia á mocidade; de feito, está xogando cunha boneca cando descobre que lle chegou a menstruación por primeira vez. Comeza a fantasear co sexo e o namoro. Vese guapa e experimenta sensacións que antes non sentira.

Semella que é o pai quen coída da avoa enferma. Unha noite quere ir de caza e pídelle á muller que envíe a Eli para que quede atendéndoa mentres el sae.

Eli ten que atravesar un parque para ir á casa da avoa. Alí atopa a súa amiga Mar. Conversan acerca dos desexos, do amor, dos medos e das ilusións que as asaltan neste momento.

Aparece Pucho, o típico chulo, drogadicto e seguramente tamén "carmelo" que quere conquistar a pequena Eli. Esta escóitao con atención ao principio, ata que el mostra a súa verdadeira cara: machista e violenta. Eli consegue que a solte e marcha para a casa da avoa.

Coma no conto de Carapuchiña, Pucho mata a avoa e disfrazase dela para enganar a Eli. Menos mal que Mar se arrepiñe de deixar a Eli soa

no parque con Pucho e acode á casa da avoa para axudarlle a tomar a decisión de denunciálo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Estereotipos sexistas
- Violencia de xénero
- Violencia sexual
- Menstruación
- Sororidade
- Machismo e drogas
- Amor romántico

Temática e xénero

- Teatro
- Reescritura de *Carapuchiña vermella*
- Amizade
- O despertar da sexualidade
- Literatura xuvenil
- Drogas

Fragmento significativo

“ELI.- Aí non se toca!

PUCHO.- Non te fagas a estreita, anda. Ven aquí!

ELI.- Así non, por favor!

*PUCHO.- Pero se é un baile moi romántico. Ten que haber contacto.
(Agárraa.)*

ELI.- Sóltame! Non quero!

PUCHO.- Suavízate, nena. Déixate levar. (Intenta bicala.)

ELI.- Non!

*ELI pégalle a PUCHO co xeonllo na entreperna á vez que o empurra.
PUCHO cae de costas. A CRIS failla graza a situación e rise. PUCHO*

enfurécese. Ameaza a CRIS e vai onde ELI. Cóllea da melena e tíraa ao chan.

PUCHO.- *Nenaza de merda, vaste arrepentir! Ninguén rexeita a Pucho.*

CRIS.- *Que fas, Pucho? Deixa a rapaza!*

PUCHO.- *Cago na hostia! Esta tía non se ri de min.*

CRIS.- *Estás tolo ou que? Sóltaa.*

PUCHO.- *Ti non te metas.*

CRIS.- *Por aquí pasa xente.*

PUCHO.- *Cala!*

CRIS.- *Vas buscar a ruína. Non merece a pena, tío.*

PUCHO.- *(Pensa e solta a ELI.) Isto non vai quedar así."*

Actividades

1. Observemos a relación entre o conto de *Carapuchiña vermella* e *Acariñando os desexos*. Cal é a ensinanza do primeiro? De que quere advertir as nenas? E esta peza de teatro?
2. Non é doado atopar obras nas que se fale directamente da menstruación. Expliquemos en que consiste a nivel biolóxico. As rapazas poden escribir a súa experiencia coa primeira regra. Lembremos algunhas outras obras literarias nas que apareza este tema.
3. O paso de nena a moza ou de neno a mozo implica unha serie de cambios.
4. Recollámoslos, en ambos os casos, lembrando aqueles polos que pasaron os lectores e as lectoras e buscando esa documentación na biblioteca.
5. A Eli (unha rapaza máis ben inocente) gústalle Pucho, o que se chama "un malote". Comentemos esta circunstancia, que é máis común do que se podería pensar, e busquemos as razóns que poñen explicalo.
6. Moitas fantasías sexuais ou amorosas das adolescentes teñen relación co amor romántico. Tentemos indagar todo o posible sobre ese modelo de relación, as maneiras nas que chega á rapazada e os perigos que supón.
7. O que Cris considera machista é visto por Eli como romántico, por exemplo o *reggaeton*. Leamos detidamente os clarificadores diálogo das páxinas 26 e 27 entre Eli, Mar e Pucho:

“PUCHO: Gústache o reggaeton?”

ELI.- Encántame bailalo.

PUCHO.- É un baile moi, moi...

ELI.- Moi romántico.

PUCHO.- Exacto!

MAR.- E sobre todo machista. (A ELI.) Escoitaches o que din as letras? E viches como saen as tías nos vídeos?

ELI.- Guapísimas.

MAR.- Si cunhas tetas así de grandes, bailando... As mulleres non somos obxectos sexuais!

ELI.- Non te poñas así! A min gústanme eses vestidos de festa que levan postos. Poñerse guapa é algo propio da muller.

PUCHO.- A muller ponse guapa para conquistar o home. Así é o amor.

MAR.- Así é o sexo! Ese é o amor que buscan tíos coma ti.”

Analicemos as letras dalgunha desas músicas ou a imaxe da muller que aparece nos videoclips e extraíamos conclusións.

8. Falemos sobre a imaxe da muller na publicidade. Busquemos anuncios que poidan achegar diferentes visións e comparemos.
9. Cando Mar di “Deixei que volvese suceder” quere dar a entender que a violencia sexual se repite, que é unha praga social ante a que hai que actuar. Unhas mulleres deben axudar a outras ou, mellor, a sociedade debe poñer os medios para que isto non suceda. Cales son as medidas que se toman?
10. Ao final da obra, cando Mar fala de ir á policía a denunciar e Eli lle contesta “Botaranme a min a culpa”, estase a referir aos problemas que as mulleres teñen cando denuncian. “Non podemos permanecer caladas”, “Isto non pode volver pasar” son afirmacións que denotan a decisión de acabar co silencio consentidor e a indiferenza ante estas situacións. Escribir a continuación desta obra.
11. Buscar outros libros nos que se trata esta temática de violencia sexual ou violación como *A cabeza de Medusa*.

Ligazóns

Autor:

https://www.edicionsfervenza.es/126_xoan-c-riobo

<https://erreguete.gal/2019/10/24/xoan-carlos-riobo-faise-teatro-non-crea-publico-amador-desde-teatro/>

Ilustradora:

<https://www.edicionsfervenza.es/smartblog/9/Presentaci%C3%B3n-de-varias-escenas-de-obras-de-te.html>

Obra:


<https://www.edicionsfervenza.es/home/240-acarinando-os-desexos.html>

Editorial:

<https://www.edicionsfervenza.es/>

<https://www.edicionsfervenza.es/16-teatro>

Amor amargo



Texto: Xosé A. Perozo

Ilustracións: Victoria Riveiro Currais

Auga Editora , 2019

Xuvenil

ISBN 978-84-1203-080-8

O libro inclúe orientacións e actividades.

Sinopse

O mozo de Ana é maior ca ela; un universitario de boa familia, o que se di un bo partido; aínda que mal estudante e badulaque.

Ana, pola contra, remata este ano o instituto e é unha moi boa estudante. Ou érao.

Uxío controla todos os seus movementos, o que debe facer, como debe vestir ou peitearse, con quen pode verse, saír ou falar; onde pode ir e cando.

A irmá e os amigos de Ana perciben o seu afastamento; están convencidos de que Uxío exerce unha mala influencia, pero non saben que facer. Ana non admite que lle digan nada malo do seu mozo.

Despois do divorcio, á nai de Ana e Marta costoulle moito esforzo recuperarse e este verán decidiu coller vacacións e facer unha viaxe a Italia canda unhas amigas. As súas fillas Ana e Marta, pasarán o verán na casa dos avós, na praia e co grupo de toda a vida. Pero Uxío non está de acordo e convence a Ana de que, se verdadeiramente o quere, non

sairá co grupo; agardará a que el a vaia visitar para estar os dous sós, coma namorados. Canto máis baixa a autoestima de Ana, máis se em-
bravecía Uxío; canto máis insegura estaba ela, máis violento se poñía el.

É un libro narrado en primeira persoa desde varias perspectivas distintas: Ana, Marta, a súa irmá, Amanda, a mellor amiga de Ana, e Miguel, ami-
go da panda e namorado de Ana.

A obra complétase con:

- Dez consellos para unha relación saudable.
- Vinte síntomas de que unha relación é perigosa.
- Test do amor verdadeiro.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Prevención da violencia de xénero
- Violencia machista
- Estereotipos tradicionais
- Amor romántico
- Empoderamento
- Roles

Temática e xéneros

- Banda deseñada
- Novela de aprendizaxe
- Novela realista
- Libro didáctico, con actividades

Pequenos fragmentos significativos

“Uxío veu amodo, coma un gato montés traizoeiro, e colleu a Ana pola cintura. Pegándose ás súas costas mordeulle o colo por debaixo da melena morena nunha actitude moi posesiva. A mesma que non nos gusta ao resto. Aínda que se fai a interesante e esco-regadiza, a ela agrádanlle esas sorpresas do noivo. El exhibeas coa mesma forza do macho alfa da manda.

(...)

Uxío non apareceu nin aquel día nin outros. Nin cremos que dese explicacións das súas ausencias. Cando sucedía isto, a miña irmá entraba no remuíño do malhumor contra todo. Algo forte pasaba entre eles. Algo que Ana non conta. Estaba segura de que o noivo levaba unha dobre vida. Imaxinei que sacrificaba as mañás con Ana para tela amarrada e reservaba as tardes e noites para os amigos e para as festas de verán en Antela. Uxío ten sona de noctámbulo e de pechar todos os pubs. Pola contra, Ana decidira entregarlle toda a súa vida.

(...)

Foi imposible conseguir unha explicación de Uxío. Nunca resulta fácil chegar ao fondo dos seus enfados, dos seus cambios de humor. El é unha persoa madura e con experiencia mentres que eu aínda non teño o criterio necesario para valorar correctamente as situacións de parella. Debo actuar con moito tacto e tratar de adiviñar os seus pensamentos. É o único modo de aprender a convivir xuntos. De manter a unidade. Impóñome a obriga de compracelo porque desexo velo contento e feliz ao meu lado. Se el é feliz, eu tamén o son. E o certo é que cando pasa a tormenta, cando chega a calma, a felicidade é completa. Incluso parece máis felicidade."

Actividades

1. Despois da lectura trata de dar resposta a estas cuestións:

Por que Ana cala, achanta e non deixa a Uxío?

Como xustifica Uxío o seu comportamento?

Na opinión de Ana, que motiva o comportamento do seu mozo?

Que opinan as persoas da contorna de Ana sobre a súa relación?

Que deberían ter feito as amigas de Ana, se eran conscientes do problema?

2. Infórmate e responde:

Que significa "Gardar ausencias"?

Deben as mulleres "gardar ausencias"? _____

Por que? _____

Por que os homes non teñen que "gardar ausencias"? _____

Pódese abrir un debate de 15 minutos sobre as "ausencias".

- 3.** Falamos de roles sexuais en referencia aos comportamentos que están determinados polo sexo biolóxico de cada individuo: menstruación, erección, lactancia etc.

Os roles de xénero fan referencia a expectativas socialmente creadas sobre o comportamento masculino e feminino: os homes non choran – As mulleres son máis sensibles. A muller é débil - O home é forte. Os home son seguros - As mulleres inseguras...

Estes últimos tradúcense en estereotipos e funcións socialmente marcadas en cada cultura.

A quen lle corresponde facer cada unha destas tarefas, segundo os roles tradicionais: home, muller ou ambos?:

- Amañar enchufes:
- Tender a roupa:
- Facer as camas:
- Cociñar:
- Fregar a louza:
- Levar as contas:
- Fregar o váter:
- Ir ás compras:
- Asistir ás reunións da escola ou instituto:
- Conducir:

4. Visionado do vídeo:

<https://tn.com.ar/tecnof5/los-milagros-del-photoshop-como-crear-una-supermodelo-en-38-segundos-419516>.

Posta en común e debate sobre a manipulación da figura da muller en publicidade.

5. En 1993 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a *Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller*, nela pode lerse que a violencia contra a muller é "todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada".

Repartidos en grupos, escoller e visionar cadansúa curta e preparar unha presentación para toda a clase explicando o significado

do vídeo, aportando informacións complementarias sobre o tema e alternativas.

Selección de posibles vídeos:

- Doll Face. A autodestrutiva busca da beleza estereotipada: <https://www.pinterest.es/pin/427842033323978612/>
- Sexualidade e adolescencia: <https://www.youtube.com/watch?v=l-wgB2r6l4c&feature=youtu.be>
- Non co meu móbil (violencia de xénero na adolescencia): <https://www.youtube.com/watch?v=htl32U1yDi4>
- Grupo: MBCP (Máis boas cás patacas) Canción: Son muller Primeiro premio na categoría xuvenil do II Certame de música infantil e xuvenil Quero Cantar: <https://www.youtube.com/watch?v=9O1bFgDdH3s>
- Publicidade e violencia de xénero: <https://youtu.be/QqXzpTOjW6A>
- Violencia de xénero: https://www.youtube.com/watch?time_continue=5&v=z-0GJMmEY9U&feature=emb_logo
- Violencia psicolóxica: <https://www.youtube.com/watch?v=g6l-j5CkW69E>
- https://www.youtube.com/watch?v=n_5vaz1dehQ
- El orden de las cosas. Unha historia de maltrato: <https://www.pinterest.es/pin/427842033346213049/>

Ligazóns

Editorial

<https://augaeditora.gal/publicacion/amor-amargo-de-auga-editora/>

Canle YouTube:

https://www.youtube.com/channel/UCFncDLm7xEkDZfpn_xK3cRg

Manipulación da figura da muller:

https://tn.com.ar/tecnof5/los-milagros-del-photoshop-como-crear-una-supermodelo-en-38-segundos_419516

Doll Face. A persecución autodestrutiva da beleza estereotipada:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033323978612/>

El orden de las cosas. Unha historia de maltrato:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033346213049/>

Publicidade e violencia de xénero:

<https://youtu.be/QqXzpTOjW6A>

Aplicación instantánea



Texto: Carlos Negro

Ilustracións: SMT Solucións Gráficas

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9121-413-7

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2018

Autor: Premio Clubs de Lectura de Galicia 2018

Sinopse

Cunha receita que mestura linguaxe poética e unha alta dose de vocabulario tics (sistema operativo, selfie, menú, descarga de programas, avatar, hagstag...), ofrécenos Carlos Negro este novo menú de poemas para – como asegura na contracapa– conectar co sistema operativo das emocións (non só da rapazada); empregando os versos como catalizadores e canle de comunicación sobre o cotián e a problemática que pode atoparse na adolescencia. Versos curtos de gran forza significativa e expresiva que xoga con eses significados, baixo a aparencia de palabras sinxelas, de uso común e habitual entre a rapazada. Poesías que xeran tantos interrogantes e dúbidas coma respostas, que empuxan á identificación e a botar unha ollada ao redor, a como senten compañeiros e compañeiras.

Distribuído en seis apartados: Instrucións de uso, Catro avatares e Desconexión. Cada un dos avatares conta con quince poesías; as catro primeiras de cada avatar co mesmo título: *Selfie*, *Adolescencia*, *Que é para ti un poema?* e *Cal é a túa situación sentimental?*.

Cada avatar representa unha personalidade propia, descuberta en parte polo que reflicten os hagstags e nome de usuaria ou pola cantidade de likes nos perfís de cada un deles.

Avatares que tratan en poemas moitos dos temas que preocupan ou inflúen na etapa da adolescencia actual, dende catro puntos de vista diferentes, todos recoñecibles. Rebeldía, banalidade, adicións, antisistema, suburbio, intimismo, tribos urbanas, activismo social, inconformismo, amizade, lingua, busca do lugar propio, afecto, sexualidade, cultura, graffiti, moda... Poesía.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A imaxe da muller na publicidade, redes e medios de comunicación
- Descuberta das experiencias sexuais e o amor
- Feminismo
- Empoderamento da muller. Modelos igualitarios. Linguaxe non sexista
- Muller no espazo público
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade
- Ruptura de estereotipos sexistas
- Violencia de xénero

Temática e xéneros

- Activismo. Desobediencia civil. Crítica social. Rebeldía. Resistencia. Valentía
- Afectividade, emocións. Amizade. Amor/desamor. Convivencia. Educación emocional e en valores. Soidade. Perda. Medioambiente. Natureza. Relacións persoais e sociais. Relacións efémeras
- Defensa do propio. Galeguismo. Lingua / idioma. Bilingüismo. Politización
- Autoestima. Aceptación. Autosuficiencia
- Autopoética. Poesía. Escritura. Vocabulario guerrilla urbana
- Moda
- TIC
- Violencia

Pequeno fragmento significativo

*“Devota de ti,
nin por asomo.
Son atea compulsiva,
das que foxen dos altares
onde pretendes instalarme.
Así que debes andar mal de oído:
dixen ben claro de volta de ti,
porque xa non profeso no teu nome.”*

Actividades

1. Crear un perfil sobre cada avatar. A partir dos seus poemas, imaxinar e redactar a biografía –ou na forma autobiográfica- de cada un dos avatares.
2. Elaborar unha listaxe de personaxes coñecidos (música, escritura, política, sociedade, ensino...) que poderían encaixar en cada un dos avatares. Completar a listaxe con persoas coñecidas e próximas: familia, compañeiros e compañeiras, amizades...
3. Facer unha análise de cada un dos avatares. Parécese nalgún aspecto, emoción, sentimento, actitude? En que se distinguen? Poderían conxeniar ou relacionarse entre eles?
4. Reescribir algún dos poemas intercambiando o avatar ao que pertencen; por exemplo, o 3 co 4 ou o 1 co 2. Tratar de evidenciar en que son antagónicos ou en que poden semellarse.
5. Observando as autopresentacións de cada un dos avatares e os seus *hashtags* nos seus perfís, tirar conclusións sobre a cantidade de *likes* que cada avatar obtén.
6. Escribir catro poesías que respondan ao título dos que se repiten nos catro avatares, reflectindo a individualidade de cadaquén: *Selfie*, *Adolescencia*, *Que é para ti un poema?* e *Cal é a túa situación sentimental?*
7. Carlos Negro escribiu varios libros de poesía, entre eles *Penúltimas tendencias* (Xerais, 2014). Buscar neste libro poesías que poidan adxudicarse a cada un dos catro caracteres e explicar o motivo da selección.

8. Ler outros libros do autor (ademais de *Penúltimas tendencias*): *Marinaria*, *Masculino singular*, *As laranxas de Alí Babá...* e opinar sobre eles.
9. Ler *Abelcebú*, outro libro deste autor. Un libro cheo de humor, ironía e sarcasmo que nos dará para rir, pero tamén para crear utilizando a mesma metodoloxía.

Ligazóns

Autor:

http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=CarNegro1&alias=Carlos+Negro

Obra:

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2020/02/09/Carlos-Negro-G%C3%BAstame-a-poes%C3%ADa-contaminada-polo-d%C3%ADa-a-d%C3%ADa-das-cousas-non-perfecta-que-corra-o-risco-de-ser-ef%C3%A9mera-a%C3%ADnda-que-no-fondo-aspire-a-perdurar>

<https://www.galiciae.com/blog/ramon-rozas/a-esperanza-na-poesia/20181225212856049298.html>

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5155227>

Aqueles momentos que perdemos



Texto: Xavier Estévez

Oqueleo 2019

Vermella +14

ISBN 978-84-1683-416-7

Sinopse

Ela e máis Sara camiñan día a día cara unha torre. Nun mundo distópico no que os humanos perderon a memoria e coa memoria desapareceron tamén os sentimentos e as relacións humanas, con cada retallo vaise perdendo o contacto coa realidade ata coa propia identidade. As persoas, deshumanizadas, vagan sen rumbo ata morrer. Unha adolescente trata de manter a cordura, guíase por un caderno que xa non sabe ler e un mapa que indica unha torre que, coida a moza, ten que ser o seu destino.

Canda Ela vai Sara, unha nena de 5 ou 6 anos que non perdeu a memoria. Cada mañá Ela loita contra o esquecemento, cominada por unha voz que, no seu interior, turra por ela. Cada día pregúntase quen é, quen foi, quen é esa nena ao seu carón.

As palabras, que aínda agroman da súa mente, son o elo que mantén unida á realidade e cunha meta.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Sororidade
- Empoderamento da muller
- Risco de ser muller
- Coidados

Temática e xéneros

- Distopía
- Afectividade e emocións
- Amizade
- Memoria

Pequenos fragmentos significativos

"... Un día as persoas comezaron a esquecer.

Esquecérono todo.

Os fillos esqueceron de súpeto o nome dos seus pais; os pais esqueceron que un día tiveran fillos, e todo o mundo quedou só. Sen ninguén.

Sen lembranzas.

(...)

Sara segue o ritmo da marcha cantaruxando melodías descoñecidas; eu, de cando en cando, tento ensinalle as palabras que xermolan na miña cabeza. Esas palabras que non quero que se esquezan. Sei que, se desaparece a lingua, as últimas pegadas da memoria irán tras dela.

Actividades

1. Moitas persoas, ao se facer maiores, chochean. Segundo o dicionario da Real Academia Galega:

CHOCHEAR: Ter as facultades mentais debilitadas, xeralmente por trastornos propios da avanzada idade.

A chocheira fai referencia á deterioración propia da idade e tamén ás diversas patoloxías ou demencias senís e mesmo o Alzheimer. Pero non todas teñen a mesma gravidade.

Neste libro, Xavier Estévez somete a toda a humanidade ao proceso do alzheimer; a humanidade vaise deshumanizando, cada persoa vai perdendo a memoria ata esquecerse de si mesma e deixarse morrer.

A perda de memoria é un dos síntomas da enfermidade que pode comezar por divertidos despistes.

Na biblioteca, organizados por parellas, buscade libros e películas que falen desta doenza. Cada parella escollerá un libro ou unha película e preparará unha ficha cos datos e un comentario.

Nunha sesión posterior pódese facer a presentación dos libros e películas seleccionadas. Escoller un libro e unha película para outra sesión e organizar un debate sobre eles.

Exemplo de fichas posibles:

PELÍCULA	
Título: Ano: Duración: País: Dirección: Guión: Música: Fotografía: Elenco: Produtora: Xénero: Resumo:	IMAXE REPRESENTATIVA
LIBRO	
Autoría: Texto: Ilustracións: Tradución: Título: Editorial: Colección: Nº de páxinas: Ano de edición: Lugar de edición: ISBN Resumo:	IMAXE REPRESENTATIVA

2. Ela loitaba cada mañá, cada intre, contra o esquecemento. Tiña medo de esquecer e perder a súa identidade.

As mulleres son, de sempre, as grandes esquecidas. Os traballos, os descubrimentos, as obras artísticas das mulleres raramente se estudan. Algunhas, mesmo, para triunfar no seu campo puxéronse pseudónimos masculinos.

Na páxina Álbum de Mulleres (<http://culturagalega.gal/album/>), de *culturagalega.com* podedes consultar numerosas biografías de mulleres galegas de todos os tempos.

Escollede unha e completade os datos que recolle:

- Como se chama
 - Cando e onde naceu
 - Que cousas lle sucederon ao longo da súa vida
 - Na infancia
 - Na mocidade
 - De maior
 - Que estudos fixo
 - En que traballa ou traballou...
3. Por parellas, preparade a biografía das vosas avoas ou bisavoaos. O mellor é gravar un vídeo.

Na biografía ten que constar, como en calquera outra:

- Como se chama.
- Cando e onde naceu
- Que cousas lle sucederon ao longo da súa vida
 - Na infancia
 - Na mocidade
 - De maior
- Que estudos fixo
- En que traballa ou traballou
- Outros datos

Posta en común de todas as biografías realizadas. Revisión, modificacións necesarias. Publicación do traballo realizado con xustificación previa, explicando como se prepararon e efectuaron as memorias.

4. Ela xa non é quen de recoñecer moitos dos edificios que atopan nin os lugares ou de lembrar as palabras que corresponden ás melodías que Sara vai cantaruxando seguido. Xa non ten memoria da cultura á que pertence.
- O patrimonio cultural é a creación colectiva dun pobo; o conxunto de elementos materiais e inmateriais.
 - O patrimonio material está constituído polas producións arquitectónicas, arqueolóxicas, artísticas e históricas, industriais...

Poñede algún exemplo de patrimonio material do concello:

- O patrimonio inmaterial é o conxunto de tradicións, saberes, técnicas e costumes que se transmiten dunha xeración a outra.

Cantigas, xogos, ladaíñas, receitas, remedios de medicíñas tradicional, conto, coplas, festas son patrimonio inmaterial.

As avoas son, en boa parte, as persoas que gardan e transmiten ese patrimonio inmaterial.

Repartidos en equipos de 4 persoas, seleccionar as mulleres ás que se pode entrevistar. Gravar un vídeo de cada entrevista no que se recolla o ben cultural que transmite e tamén como se fai, se canta ou se conta.

Ligazóns

<https://www.oqueleo.com/libro/aqueles-momentos-que-perdemos>

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/10/29/aqueles-momentos-que-perdemos-de-xavier-estevez/>

<https://www.faroeduca.es/faro-educacion/suplemento-22102019/libro-memoria-xavier-estevez.html>

<http://www.galix.org/2019/12/na-nosa-biblioteca-193.html>

Biografías de mulleres galegas:

<http://culturagalega.gal/album/>

Alzheimer-Sergas:

<https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/cas/Publicaciones/Docs/SocioSanitario/PDF15-9.pdf>

Afaga - Alzheimer:

<https://afaga.com/gl/el-alzheimer/>

Martín Requero, Ángeles (2014). "A enfermidade de Alzheimer: un problema de todos". *O Noso Lar*. Saúde, 14-15:

<https://onosolar.org/boletin/boletin19.pdf>

Demencias relacionadas coa idade-Sergas:

<https://escolasaude.sergas.gal/Contidos/Documents/436/manual%20para%20cuidadores%20informales%20en%20demencias.pdf>

Arrugas:

http://blog.uclm.es/cepli/files/2016/11/Guia_Arrugas.pdf

As voces da auga



Texto: Ánxela Gracián

Ilustracións: Aynara Pereiro

Baía, 2018

ISBN 978-84-9995-300-7

Meiga Moira

Premio Meiga Moira 2018

Sipnose

Ambientada na China comunista das últimas décadas do século XX, a historia protagonizada por unha moza que vai facer os catorce anos e o seu pai septuaxenario mergúllanos a través da súa vida cotiá nos problemas sociais e xeracionais desa época. Li, seguindo a tradición, deberá asistir á Festa da Alama dos Bois, vestida co quipao, traxe emblemático da súa cultura, para celebrar a súa primeira aparición pública. Entre tanto descubrirá a súa verdadeira orixe e a política seguida por China con respecto ao control de natalidade do fillo único e varón.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Infanticidio feminino
- Patriarcado

- Control da natalidade
- Discriminación da muller
- Sufrimento das mulleres
- Matrimonio non elixido
- Concubinato
- Mercadeo do corpo da muller
- Feminismo

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Novela de fronteira
- Inxustiza social
- Supervivencia
- Familia
- Loita de clases
- Corrupción

Fragmento significativo

“Daquela era así, filla! O namoramento era considerado unha desgraza familiar! En moitos casos as parellas non se coñecían antes da voda. Amosarse publicamente ou relacionarse era algo inmoral e vergonzoso. As mozas non debían expoñerse a situacións nas que o amor puidese ocorrer, debido a que casar era un deber que contribuí a crear unha alianza entre familias. Se os fillos non obedecían, os pais tiñan dereito a lles pegar! Tamén se lles podía pegar ás esposas! O marido tiña dereito a facelo, sobre todo, se non lle daban un fillo home –explicou o ancián.”

Actividades

1. A protagonista da novela é unha rapaza moi nova, que aínda non fixo os 14 anos. A través dos seus ollos inocentes, imos descubrindo verdades crueis que acontecen tanto no momento que lle tocou vivir como no pasado dun país privado de liberdades.
 - a. Fai un retrato de Li. Enumera os trazos máis significativos da súa personalidade e do seu físico (páxs. 96, 99).

b. Li parece preocupada pola súa beleza (páx.16) Por que cres que lle dá tanta importancia?

c. Comenta a simboloxía do nome Li (páx. 35) e relaciónao co título da novela e o seu contido.

2. Relaciona o nome das diferentes personaxes femininas que aparecen no relato; o grao de parentesco que hai entre elas e as características que as definen:

Li	Lü Mai	Xuga	Yushué	Nai de Tao
----	--------	------	--------	------------

Nai	Bisavoa	Filla	Amiga do pai	Nai do seu amigo
-----	---------	-------	--------------	------------------

a. Abandonada no río, vítima da política do *fillo único* (páx. 112).

b. Morreu por ter respirado o grisú da mina (páx. 49).

c. Campesiña da etnia *zhuang*. Morreu no río embarazada de case nove meses (páx. 112).

d. Viviu en concubinato, na China imperial (páx. 23).

e. Muller loitadora, a favor das mulleres campesiñas (páxs. 77-78).

3. Na páxina 25 o pai de Li fala dos afectos das mulleres da súa vida. Anota a frase que recolle a súa reflexión ao respecto e fai a árbore xenealóxica da súa familia.

4. Son moitas as referencias ao longo do relato que poñen de manifesto a submisión da muller ao home nesa sociedade patriarcal na que vive Li. Algúns exemplos son:

- O levar posto o *quipao* na Festa para non contradicir o seu pai e querer agradalo como antes tamén o fixera que outro personaxe? (páx. 16).
- Yushue, a bisavoa de Li, négase a acompañar o seu fillo e o seu neto as terras do Sur porfiando esperar o seu home, co que vive en amancebamento. A poligamia estaba ben vista pola tradición. Busca os argumentos que o seu neto lle dá en contra da poligamia (páx. 23).

5. Os personaxes masculinos rompen os estereotipos establecidos ao preocuparse polas mulleres e a súa educación. Lémosto na páxina 25 e na 81, cando Sima Su, avó de Li e mestre de escola, afirma que a poboación feminina era analfabeta.

a. Que vai facer el por paliar esta inxustiza?

b. Tamén a figura do propio pai de Li, acollendo unha nena *illegal*. Argumenta en que sentido se arrisca e como este feito vai condicionar a súa vida (páx.81).

6. Pola contra, un personaxe masculino, o capataz Thep, personifica a vileza, a corrupción, o machismo máis primario..., aspectos que prevalecen en todas as sociedades e culturas. Selecciona frases do relato que exemplifiquen este argumento (páxs. 38, 39, 57, 61, 66).
7. A China comunista dos anos 80 e 90 estableceu un control de natalidade moi ríxido no que as familias non podían ter máis dun fillo único e varón. Pero o feito de nacer home era considerado xa pola tradición como bendición dos deuses. Así pasou na familia de Li. Coméntao e expresa a túa opinión ao respecto (páx. 88). Cres que iso se dá soamente na sociedade chinesa? Pervive na actualidade?
8. Relé o parágrafo escollido como fragmento significativo da novela (páx.110). Crea etiquetas (#hashtag) para os diferentes temas tratados.
9. As mulleres na China imperial tiñan que vendar os seus pés. Por que razón? Porén, a Revolución prohibiuno. Con que motivo? Cres que iso implicou un paso na liberación da muller? Razo a túa resposta (páxs. 97-99).
10. Sitúa nun mapamundi China e Galicia. Dúas culturas diferentes, pero que despois da lectura da novela podemos atopar máis elementos en común do que nun primeiro momento puideramos imaxinar. Cales serían, segundo a teu punto de vista?
11. Imaxina a Li dez anos despois, con 24 anos e como responsable dunha ONG que loita polos dereitos das nenas na China e ti como unha colaboradora súa. Proponlle un nome para a súa organización e un decálogo que recolla os 10 principios fundamentais polos que se rexe.

Ligazóns

Sobre a autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/axela-gracian>

Sobre a ilustradora:

cargocollective.com/aynara_pereiro

<https://twitter.com/ojodetriton>

<https://www.facebook.com/aynarapereiro/>

<https://www.instagram.com/aynarapereiroilustracion/>

Sobre a obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/07/23/as-voces-da-auga-de-anxela-gracian/>

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.22577.php>

<https://armandorequeixo.wordpress.com/tag/as-voces-da-auga/>

<http://www.diariocultural.gal/diario-cultural/entrevistamos-aos-galardoados-co-premio-meiga-mora-de-literatura-infantil-e-xuvenil-2018/>

Be water



Texto: Antía Yáñez

Cuarto de inverno, 2019

ISBN 978-84-09-15876-8

Finalista do I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil

Sinopse

Catro citas sobre a auga (de autores moi diferentes como El Perich, Paul R. Ehrlich, Ban Ki-moon e Cousteau) introducen cada unha das partes do libro: A Colmea, Utopía, Grandes Esperanzas e A Odisea.

Unha distopía que conta como despois do Gran Cataclismo a humanidade sobrevive soterrada en colmeas porque a vida na superficie xa non é posible.

A través da historia dunha nai adolescente e o seu primo entramos nese universo ditatorial no que a auga é o ben máis prezado nas mans da raíña que manda sobre as vidas de todos e todas.

Unha excursión clandestina, o Día da Auga, fai que Iolanda descubra non só un cadáver senón tamén quen é realmente o pai da súa filla e o cruel experimento que se está a levar a cabo. A partir da agora a vida non vai ser o mesmo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Embarazos en adolescentes
- A regra
- A avoa e as súas ensinanzas
- Discriminación da muller
- Ecofeminismo

Temática e xéneros

- Distopía
- Narrativa
- Novela xuvenil
- Ditadura e democracia
- O valor da auga
- A venda dos bens públicos
- Clases sociais

Pequeno fragmento significativo

“Mentres estaba alí de pé observando a filla, notou de novo un regueiro morno baixarlle pola coxa e tivo que marchar correndo ao baño. Entrou no minúsculo recinto e sentou no váter. Despois, quitou as bragas e lanzounas á bañeira. A roupa interior caeu estendida e a estridencia do sangue escuro sobre o fondo branco fíxolle desviar a vista, molesta. Colleu un anaco de papel hixiénico e intentou limpar as pernas. Aquilo era un desastre. Levantou a cara e observou a pouca auga que lle quedaba no aquaestático. Unha miseria. Non lle quedaba nin para encher unha cunca de café pequena. Suspirou, resignada. Nacer muller era unha penalización.

(...)

A medida que medraban, a asignación diaria de auga crecía tamén con eles: deica os tres anos, un litro escaso; a partir desa idade, aumentaba gradualmente ata acadar os cinco dun obreiro adulto e os catro e medio dunha obreira. Claro que ninguén tivera en conta a menstruación ao dar aquelas malditas cifras, pensou lollanda.

(...)

lolanda tamén o escondera, máis que nada porque non sabía que facer con aquel... imprevisto? Chamáralle cousas peores ao comezo. Lucrecia non fora un bebé desexado, desde logo. Con dezaseis anos?"

Actividades

1. En que se nota a discriminación da muller?
2. As mulleres están discriminadas; porén, quen governa esa ditadura é unha muller. Explicar esa contradición e tentar relacionala con outras dirixentes reais.
3. A avoa cóidaos e ensínalles a través da máxima "ver para entender", para que se fixesen idea de onde vivían realmente. Ela, vindo do pasado, mostráralles a única fuxida, posible, no futuro. As súas historias falábanlles da Era Superficial, cando vivían na superficie do planeta. Extraer conclusións acerca da importancia do saber das persoas maiores.
4. "A democracia estaba totalmente obsoleta: un sistema moi bonito na formulación, pero totalmente corrupto e inútil na práctica". Os magnates mercaran todos os mananciais e eran, polo tanto, donos do que fora un ben común e debora resgardar o Estado. Eles construíran as colmeas e eran donos delas, da auga e das xentes que nelas vivían. Relacionar esta ficción coa realidade.
5. "Na Era Superficial, a democracia durara séculos precisamente polas formas. O goberno do pobo, elixido polo pobo, pero sen o pobo nin para o pobo. Ata que fora imposible manter o engano."

Dixo a Raiña: "Vai haber moito cambios na Colmea. As novas xeracións, xente nova e máis capacitada ca os aquí presentes, están desexando facerse cargo dos postos que ocupades. Preguntádelles aos vosos fillos e fillas que opinan ao respecto."

A Raiña decidiu que vai abolir a lei de castidade dos Abázcaros. Alguén aclara: "No adestramento, aos Abázcaros ensínaselles a esquecer a súa familia e seres queridos para evitar así que os lazos íntimos e persoais interfiran no seu traballo. Se cando están no Sector Inferior pensan que forman parte da masa obreirista, entón corremos o risco de..."

Comentar os textos anteriores.

6. *Machoman*, así é como vía algunha vez lolanda ao seu primo, coma un *machomán*. Recoller opinións arredor deste cualificativo e o acaído ao non a ese personaxe.

7. Os nomes dalgún dos personaxes lémbrennos personaxes mitolóxicos.
8. A obra sitúase no 2484, unha data que pode lembrar a de 1984, a novela de George Orwell de onde saen denominacións como *Gran Hermano*. Lembrar o seu argumento.
9. “–A xente véndese por desesperación –dixo Iolanda. Aquiles ficou abraiado ao escoitala dicir aquilo–. E para poder vender algo, ten que haber quen queira compralo. Xente coma meu curmán...” Estase a referir á prostitución. Pode ser unha boa ocasión para realizar un debate acerca desta problemática.
10. As relacións sexuais, tal como vemos na páxina 73 e 74, non sempre son iguais para homes e mulleres, así o sente Iolanda. De feito, atraíaa Aquiles, non polo seu físico senón porque se ri con el, porque non lle parece mal que lle diga que cheira a flores, por como a mira e se dirixe a ela, con esa voz suave e ademáns tranquilos... Opinar acerca desta declaración de Iolanda e tamén do que se extrae da conversa entre ela e Aquiles na páxina 100 arredor dun embarazo non desexado, das responsabilidades paternas, da diferenza na repercusión das relacións sexuais entre as mulleres e os homes, das decisións que han de tomar...

11. Do seguinte diálogo seguro que se pode extraer algunha conclusión:

“–Sabes? Non necesitas gustarlle a alguén para gustarte a ti mesma. Non deberías nin preguntalo.

(...)

Estaba claro que era moito máis sinxelo dar consellos que aplicalos a un mesmo.

(...)

–Non che digo que non, pero non é cousa túa dicirmo. Teño que decatarme eu. Soa. Non necesito que mo ensines ti.”

12. No discurso da Raíña, o populismo... a demagogía:

“Os membros do Consello e demais familia que non resulten útiles rematarán aquí, porque nesta Colmea ninguén é máis ca vós, meus obreiros e obreiras!”

(...)

–Ti que cres? Por fin un deles ten o que merece!

–O que, unha vida de merda como a que temos nós? Iso vai mellorar algo a nosa situación?

–Seguro que non –respondera Fabián–. Pero polo menos sei que hai alguén peor ca min. Mira como choran!”

(...) Niso se converteran as súas vidas? En desexar que alguén estivese peor ca ti?”

Opinar ao respecto.

13. Esta autora conta xa cun libro, *A reconquista*, no que traballa con valores de igualdade ata o punto de acadar o I Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil para a igualdade, tamén acadou o III Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade con *Plan de rescate*, e o libro *Senlleiras*, que xira arredor da violencia de xénero. Todos eles caracterizados pola defensa dos valores de igualdade e pola denuncia da discriminación da muller. Este é un libro que pode levarnos a ler outros de Antía Yáñez.
14. Buscamos outras distopías nas que tamén se observe a discriminación da muller.

Enlaces

Libro:

<http://www.cuartodeinverno.com/libros/2/be-water>

Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ant%C3%ADa_Y%C3%A1%C3%B1ez

Editorial:

<http://www.cuartodeinverno.com/libros>

Premio:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Premio_Mar%C3%ADa_Victoria_Moreno_de_Literatura_Xuvenil

Berta Mir detective. O caso do papagaio que falaba de máis



Texto: Jordi Sierra i Fabra

Tradución: Xesús Domínguez
Dono

Editorial Galaxia, 2019

Costa Oeste. Berta Mir detective
ISBN 978-84-9151-403-9

Berta Mir detective. O caso do falso accidente



Texto: Jordi Sierra i Fabra

Tradución: Xesús Domínguez
Dono

Editorial Galaxia, 2018

Costa Oeste. Berta Mir detective
ISBN 978-84-9151-192-2

Sinopse

Ambos os libros pertencen á serie Berta Mir detective. No primeiro deles *O caso do falso accidente*, asistimos á transformación da vida desta moza de dezaioito anos cando o seu pai, detective privado, sofre o que semella un accidente e queda case en coma. Ela descubrirá que foi un intento de asasinato, ao tempo que resolve os tres casos nos que o pai estaba a traballar nese momento. A nai vaise da casa e ela, coa axuda da avoa, ha de facerse cargo do pai. Por pura necesidade e supervivencia, non lle queda máis remedio que manter a axencia fingindo ser a axudante e secretaria do detective Mir, para que os clientes continúen encargando casos que ela resolve.

Nunca traballara en nada e menos investigando, e relacionándose con criminais e xente de todo tipo; ela, que unicamente tocaba o baixo e cantaba nunha banda, agora verase obrigada a compaxinar esas dúas realidades e enfrontarse á dureza do mundo tanto na casa como na rúa.

Na segunda entrega, *O caso do papagaio que falaba de máis*, terá que enfrontarse a unha rede mafiosa de tráfico de animais en perigo de extinción. Ao tempo que busca o papagaio da cliente, descobre un asasinato cometido hai unha morea de anos e atopa a un familiar desaparecido desa familia do empresariado industrial barcelonés. Asemade, a súa vida privada sofre verdadeiros terremotos ao sufrir un desengano amoroso, descubrir que súa nai ten cancro e realizar o seu primeiro concerto; a adolescencia vai quedando atrás.

Estes son os dous libros traducidos ao galego pero o autor leva xa publicados cinco con esta valente protagonista.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais
- Moza detective, protagonista da serie. Detective sen licenza
- O coidado dos enfermos
- Relacións interxeneracionais: avoa, nai, filla
- Desengano amoroso
- Mulleres sobrevivindo á violencia: colombiana á que lle matan o home e o fillo, barcelonesa á que lle matan o fillo e o home morre de infarto, Berta e a avoa facéndose cargo do pai...
- Pornografía e abuso de menores
- Ecoloxía

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela negra
- Novela xuvenil
- Investigación policial
- Animais en perigo de extinción
- Mafias

Pequeno fragmento significativo

"Metinme no servizo do restaurante e senteime nun dos inodoros. Había dúas mozas, estaban nunha mesa preto da nosa e fixérame nelas porque levaban uns vestidos mínimos e ían moi maquilladas. Falaban con descaro dos seus acompañantes. Unha dicía que o seu non estaba mal. A outra que pasaba. A primeira comentou que aínda non sabía se se deitaría con el. A segunda desexoulle sorte. A primeira insistiu nas súas dúbidas. "Ti que farías?" A segunda díxolle que dependía das ganas que tivese. Cando acabaron as súas disquisicións marcharon e eu puíden reaparecer tras aliviarme. Regresei á mesa aínda máis frustrada.

Algunhas podían frivolar con iso. Eu non. Sentinme mentalmente vella.

Se tivese unha mellor amiga, quizais me dixese: "Bótalle un casquete e xa está. É un tío, é fácil, así expertas de todo ou descubres que aínda estás máis colgada."

Actividades

1. Describimos con menos de dez palabras cada unha das mulleres que aparecen na novela.
2. Observamos cales, entre os personaxes femininos, cumpren os roles tradicionais e cales non o fan.
3. Seguimos analizando os personaxes para ver onde está o poder, quen o detenta. Comparamos ambos os sexos.
4. Queda algún punto escuro na historia cando esta remata? Como continuarías desentrañando a trama?
5. Debate arredor das mascotas, a ilegalidade de ter mascotas que non están permitidas, o comercio ilegal, os dous polos do problema, igual que na prostitución (se non hai cliente non hai servizo, produto, venda de animais e persoas).

6. "Un campesiño atrapa un animal exótico, véndeo a un comerciante da súa aldea, e este lévao ao seguinte punto da cadea. O primeiro pode que o faga para dar de comer aos seus, o segundo por poder, influencia e, por suposto, máis diñeiro. O que leva a tallada é o que os saca dun lugar e o consegue trasladar a Europa, América ou Asia, os grandes mercados." Deterse en cada un dos banzos do comercio ilegal e reflexionar acerca das ganancias de cada un deles e como se constrúe unha mafia cando se trata de actividades ilegais.
7. Indagar acerca das ONG que se enfrontan ao problema da extinción de animais.
8. Debater sobre a utilización de animais en zos e circos.
9. Recollemos un diálogo entre Enrique e Berta. Comentamos que pode haber detrás desa conversa.

"–Non es moi nova para ser detective?"

–Axudante.

–Ben, seguro que sendo tan guapa abriránseche moitas portas

Non me sinto guapa. Gústame que mo digan, por suposto, aínda que non sexa verdade. Serve para subir a moral, e supoño que hai gustos para todo.

Pero non me gustou que el mo dixese."

10. En relación á enfermidade da nai:

"As opcións eran simples. Seguía existindo o risco de que lle cortasen un peito. Pero de entrada quedaría calva. Iso e dez semanas de inferno con vómitos, mareos, o afundimento físico e moral..."

Coñecendo a miña nai, as opcións eran demoledoras.

Como se lle arrincasen a alma, ou peor."

Explicuemos a razón desa afirmación final en base ao que Berta nos conta da nai.

11. Berta relata a despedida entre ela e a avoa cando sae de viaxe:

"Esperaba un "cóidate", un "non fagas toleadas", un "sé boa"... Calquera cousa que as avoas lles din ás súas netas crendo que o mundo vai devoralas.

(...)

–Non vaias de troula aproveitando que estás soa, nin traías homes á casa! –foi o meu berro final desde o recibidor."

Berta utiliza o humor para enfrontar a emoción, pero pensemos: as avoas utilizan as mesmas palabras para despedir a netos e netas?

12. No final da conversa entre Manel e Berta:

“–Mira –apunteino cun dedo firme e sen decatarme púxenme en plan irmá maior–, dille a esa moza á que queres impresionar que se non lle gusta como es e non lle parece bastante co que tes, é que non vale a pena que perdas o cu por ela.”

Aceptarse e aceptar os demais como son, tentando mellorar pero non tentar mostrar o que non se é, estamos de acordo con Berta ou non?

13. Reler as páxinas 222 e 223 e analizar esa conversa entre Marcos e Berta, e o que significa para cada un deles a posibilidade dun encontro sexual esa noite.

14. O mafioso ameaza a Berta con vendela no mercado de trata de brancas. “Oíra falar de mozas que desaparecían e logo acababan presas en bordeis de países remotos. Mozas españolas. Non só eran as dos países do leste de Europa, as latinoamericanas ou as asiáticas. A cousa tamén funcionaba ao revés, sobre todo con mozas que escapaban da casa ou querían vivir unha aventura.” Comentar esta situación.

15. “El era Plácido Miserachs, un tipo con clase, de boa familia. Levábao nos xenes. Peiteado, afeitado, co seu eterno cigarro entre os dedos, os seus ollos lánguidos, os seus ademáns coidados, aínda sabía como engaiolar unha muller, para non estar só, para ter sexo gratis ou para ocultarse na súa casa mentres amainaba unha tormenta impredecible.” A utilización da parella é algo que pode suceder por parte dun dos membros ou do outro, por exemplo, o primo de Plácido estivo nas redes da súa primeira muller. Establecer un diálogo arredor desta situación.

16. Cando remata a novela podemos quedar co malestar de que hai inxustizas que non se resolven e non sempre estamos dispostos/as a resistilo, polo menos na ficción onde resulta máis doado solucionar, como podería ser?

17. Berta vive co medo a que o pai lle pida a eutanasia. O debate acerca dese dereito a unha morte digna continúa en pé na sociedade galega. Un equipo podería documentarse e presentarllo aos seus compañeiros e compañeiras para o debate.

18. Hai un par de personaxes femininas que tolean ante unha situación que non son quen de soportar. Comentámolo e poñémolo en relación coa realidade.

Enlaces

Libros:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/berta-mir-detective-o-caso-pa-pagaio-que-falaba-de-mais/>

<http://editorialgalaxia.gal/produto/berta-mir-o-caso-falso-accidente/>

Autor:

<http://sierraifabra.com/?lang=es>

Tradutor:

<https://es.linkedin.com/in/xes%C3%BAs-dom%C3%ADnguez-dono-a6389ab2>

Editorial:

<http://editorialgalaxia.gal/>

Fóra do normal



Texto: María Reimóndez

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Fóra de xogo

ISBN 978-84-9121-401-4

Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2017

Sipnose

O protagonista da novela é André, un mozo trans que vive o seu proceso de tránsito de xeito problemático, tanto na súa casa como no instituto. Pero isto vai cambiar coa chegada de Mucha e doutros compañeiros como Martín e Xela, que tamén se senten, dalgún xeito, fóra do normal.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Identidade sexual
- Diversidade sexual. Transexualidade. Homosexualidade
- Transfobia
- Feminismo
- Primeiras relacións sexuais

- Afouteza da muller
- Ruptura de estereotipos

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Acoso escolar
- Adolescencia
- Uso do idioma
- Campo/cidade
- Banda deseñada
- Realismo social
- Amizade. Amor
- Familia
- Inconformismo
- Humor

Fragmento significativo

“Só que dende ese día, cando non deixei medrar o pelo e non deixei de levar a roupa “da casa” á clase, Eva empezou a afastarse de min; imaxino que sen querer entender, entendeu. E tivo medo. Ou noxo. Ou o que sexa. O medo é moi poderoso. O noxo tamén. Sentilo e inspiralo. Como Batman inspira medo nos delincuentes, só que no meu caso non é para ben. Eu inspiro un medo que non vale para nada. É así non é máis ca unha rede na que cae o morcego e afoga. Afoga.”

Actividades

1. A personalidade de André contrasta fortemente coa de Mucha, a compañeira que vén de Ribadeo. Enumera os trazos que os diferencian e tamén os que fan que empaticen.
2. A familia xoga un papel importante na educación das fillas e fillos (páxs 46, 57-59).
 - a. Explica a postura que adoptan os pais de André con respecto a súa educación.
 - b. Quen utiliza a expresión *esta filla túa* para referirse a André?

- c. De quen dos dous recibe un apoio incondicional?
- d. Cal é o motivo do divorcio dos seus pais?
- e. Como se sente André ao respecto?
3. Comenta a expresión *Pensas que o que temos entre as pernas é o que define as persoas?* (páx. 58)
4. André sofre acoso escolar dende pequeno. A súa situación é difícil de aceptar, incluso por algúns profesores.
- a. Busca algunha expresión que o demostre.
- b. De igual maneira André vai sinalando algunhas clases nas que particularmente se sente incómodo. Cales son? Anota os argumentos que o propio protagonista aporta (páxs. 55, 63, 64).
5. Martín é un dos compañeiros que o acosa, pero resulta ser un mártir. Explica a evolución deste personaxe na novela (páxs. 56, 87).
6. André fala tamén da segregación que se establece nos baños (páx. 57). Que reflexión sacamos desta norma social?
7. A praia é outro dos lugares no que André non se sente cómodo. Como se poden vencer estes medos? (páx. 100).
8. Segundo os convencionalismos establecidos, xogar ao fútbol é cousa de nenos. Pero André cuestiónase se *para ser tío ten que gustarlle o fútbol, necesariamente?* Que opinión tes ao respecto? (páxs. 30, 114).
9. Na novela non falta o humor. Unha das situacións na que está presente é na que relata Mucha sobre a chamada telefónica que recibe a súa avoa. Tamén na reacción que ten Mucha con Martín por chamarlle *Vaca*. Comenta e valora estes episodios dende o punto de vista da muller (páxs. 38-39).
10. Mucha e André manteñen conversas nas que tratan temas como o lingüístico con respecto á fala do galego (páx. 34) ou o emprego da linguaxe sexista (páxs. 65, 88, 138). Repara na túa contorna, nas túas amigas e amigos e comenta cal é a posición maioritaria que adoptan respecto a estes temas.
11. As dúas mozas con maior presenza na novela son Mucha e Xela. Ambas as dúas son moi diferentes en aparencia, tampouco faltarán entre elas discrepancias que as distancien.
- a. Describe brevemente cada unha delas.
- b. Xela, levada polo canon de beleza feminina, pretende mellorar a imaxe de Mucha. Cal é a súa reacción? (páx. 133).

- c. Cal é o ideal de beleza feminino para ti? Con cal das mozas te posicionas?
- d. Xela é outro personaxe que vai sufrir unha transformación ao longo da novela (páxs. 86, 96, 97, 100, 101, 138). Coméntaa.
- 12.** Xela di que lle gustaría ser garda civil, profesión atribuída sobre todo aos homes (páxs. 100, 101). O mesmo André fala deste estereotipo. Cal é a túa opinión?
- 13.** Outro estereotipo é o pensamento que ten Mucha acerca de como lle gustan as rapazas aos mozos: *Os tíos andan atrás das tías caladas*. Coincides con ela?
- 14.** André fala do desexo que sentiu por unha compañeira, Eva, e tamén por Xela, con quen vai manter as primeiras relacións sexuais. O coñecemento do seu propio corpo faino sentir incómodo. Cres que resultan especialmente difíciles estas relacións cando se fala de transexualidade? Axúdате na túa argumentación relendo a páxina 116.
- 15.** No relato abórdanse outras posibles relacións afectivas, fóra da heterosexual. Sinla as implicacións que lles ocasiona nas vidas dos personaxes (páxs. 89, 90, 97, 140)
- 16.** A familia que Mucha deixa atrás en Anzas agocha unha realidade dura. Que feitos son condenables ou xustificables baixo o teu punto de vista? (páxs. 45, 46, 89, 90, 145).
- 17.** Mucha fala dunha situación de violencia machista consentida pola propia nai. Son posibles situacións como a que describe? Que razóns pode ter unha muller maltratada para tapar a conduta do home?
- 18.** Na novela faise unha identificación dos personaxes reais cos valores que representan as personaxes dos cómics. Explica esa relación, sobre todo nas personaxes femininas.
- 19.** Comenta a elección do título: *Fóra do normal*. Propón outro que che pareza apropiado.
- 20.** Transforma a historia narrativa de André en banda deseñada ou elixe algún episodio concreto que che interese, parándote nos detalles.

Ligazóns

Sobre a autora:

<http://www.mariareimondez.com/>

Sobre a obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2018/07/10/fora-do-normal-de-maria-reimondez/>

<https://bretemas.gal/onte-1982/>

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2018/09/12/Recensi%C3%B3n-Mar%C3%ADa-Reim%C3%B3ndez-F%C3%B3ra-do-normal>

<http://www.crtvg.es:8011/rg/a-carta/chamando-a-terra-chamando-a-terra-do-dia-23-06-2018-3810123>

Iridium



Texto: Francisco Castro

Editorial Galaxia, 2018

Costa Oeste

ISBN 978-84-9151-193-9

Recoñecemento da Federación
Galega de Dano Cerebral
(Fegadace)

Sipnose

Iridium preséntase como unha novela reivindicativa que intenta facerlle ver ao lectorado, a través da súa protagonista, Iris, como todas as persoas necesitamos amar e ser amadas, a pesar de sufrir un dano cerebral ou calquera outra diversidade funcional. Na pel e no corazón desta moza sentimos a súa loita por conseguir que a vexan como unha máis.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina. Afouteza da muller
- Visibilidade da muller
- Ruptura dos estereotipos
- A descuberta do amor; primeiras relacións
- Feminismo

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Realismo social
- A diferenza
- Diversidade funcional
- Discriminación
- Amor. Amizade
- Familia
- Rebeldía. Inconformismo
- Redes sociais
- Lectura e escritura

Fragmento significativo

“E cando tiña 14 abrín a conta en Instagram, que se chama así, Iridium, e empecei a subir fotos de primeiros planos da miña cara centrándome, claro, para iso facemos esas cousas nas redes sociais, no mellor de min, cando menos no mellor do que se pode amosar: os ollos, ou sexa, esa mirada estereofónica a dúas cores. Só as fotos e sen texto ningún. Fotos que a xente comenta e que me di que lle gustan e non sei que. A ver, insisto, as cousas como son: guapa son un mundo, e imaxino que iso atrae moito tío.”

Actividades

1. Enumera as características da personalidade de Iris que a definen como unha moza inconformista e valente, loitadora contra a diversidade que lle tocou vivir.
2. Crea o perfil de *Instagram* de Iris, describindo esa fotografía que a identifica polos ollos que ten.
3. Esta é unha historia de amor entre unha moza guapa e un malote. Pártese *a priori* dun tópico, pero que é o que realmente fai que xurda unha atracción entre eles?
4. Sinala os trazos máis salientables da personalidade de Mario. Fíxate que apenas sabemos nada do seu físico (páx. 50). Comenta se esa atracción mutua corresponde ao estereotipo máis estendido entre a xuventude.

5. Iris e a súa amiga falan da perda da virxindade (páx. 38). Cal é a postura de cada unha delas? Poderíamos afirmar que Iris ten ideas liberadoras? Busca algunha frase que o demostre. Indica a páxina.
6. Contrapón as personalidades de Iris e a da súa amiga Rut, e por outra banda a de Chechu e Mario. Que conclusión sacas ao respecto?
7. A cor escollida para enviar as tarxetas para o convite da Festa do Regreso de Iris foi o rosa. Que opinión lle merece esta elección a Iris? (páx. 53). Cal é a túa?
8. A actuación do pai de Iris coa súa filla, despois do accidente, é de sobreprotección. Corresponde esta actitude ao papel tipo que adopta o cabeza de familia? Que opinión ten Iris sobre esta maneira de tratala? Busca algún exemplo que o demostre. Indica as páxinas.
9. As nais de Iris e a do o seu exmozo, Chechu, intercambian correos electrónicos para falar da situación que atravesou a parella. Neste caso é a nai de Chechu quen parece protexer ou desculpar o seu fillo polas decisións adoptadas. Que opinas ao respecto?
10. A novela denuncia a hipocrísia da sociedade, que aparta a todas e a todos os que son diferentes (páx. 59). Comenta algunha situación que ti vivises ou presenciases na túa contorna.
11. Ao longo do relato vanse vertendo referencias literarias e musicais... (páxs. 1, 25, 67, 87, 90). Busca información sobre elas.
12. Mario é un rapaz que ten interese pola lectura:
 - a. Busca frases no relato que o acrediten. Indica as páxinas.
 - b. Pensa na túa contorna, nas túas compañeiras e compañeiros de clase. Fai un relato dos que teñen entre as súas preferencias a lectura, diferenciando o sexo. Predominan as mozas ou os mozos? Que explicación cres que se lle pode dar?
13. Escribe un pequeno texto entre dúas amigas ou amigos que *wapean* sobre como nos fan sentir os demais coa súa mirada.
14. Escribe un correo electrónico a Iris comentándolle os teus medos a namorarte, ao futuro, a que te vexan diferente...
15. Imaxina no futuro a Iris como a directora dunha asociación que traballa pola visibilidade e os dereitos das persoas con discapacidade por dano cerebral adquirido. Colabora con ela creando un eslogan ou un pequeno texto publicitario para difundir nas redes.

Ligazóns

Sobre o autor:

<https://franciscocastro.gal/sobre-min/?lang=es>

Sobre a obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2018/10/15/iridium-de-francisco-castro/>

<http://garciateijeiro.blogspot.com/2019/04/remuino-de-libros-59-iridium-de.html>

https://www.cope.es/emisoras/galicia/pontevedra-provincia/vigo/audios/gndf-20180921_547231

Memoria do silencio



Texto: Eva Mejuto

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9121-461-8

Sinopse

Biografía ficcionada das irmás Touza de Ribadavia, que viviron ao pé do concello e rexentaron o quiosco da estación de ferrocarril, tendo en conta as investigacións de José Ramón Estévez, Antón Patiño e Vicente Piñeiro. A *Schindler galega*, como foi chamada Lola, xunto coas súas irmás Amparo e Xulia, axudaron a fuxir a centos de xudeus a través da fronteira de Portugal.

A novela adopta as voces do narrador omnisciente para poñer en primeiro termo a Günter e Jörg, os nazis desprazados a Ribadavia para descubrir a trama, pero adopta a primeira persoa no caso de Lola e Frieda. Frieda é a xudía holandesa (primeira directora de orquestra e directora, tamén, dunha orquestra de mulleres no campo onde estivera recluída, na ficción) á que axudan a pasar a fronteira; no seu caso, parte do relato cóntase a través das cartas a seu irmán, tamén músico, que se suicidou coa muller ante o avance nazi.

Günter é o personaxe froito da familia e a experiencia infantil, que pasa de sentirse burlado a despregar o terror; é un gran "catador do medo",

o que lle dá moitas bazas no oficio de espía e está entregado á causa de Hitler.

Arredor está viva a guerra e represión, os falanxistas e a Garda Civil sementando o terror e aproveitándose do estraperlo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Empoderamento das mulleres na sombra
- Historias silenciadas
- Resistencia ante a ditadura
- Solidariedade coas persoas perseguidas
- Sexualidade non predominante
- Represión e poder sobre o corpo das mulleres
- Masculinidade “forzada”
- Solidariedade
- Linguaxe non sexista

Temática e xéneros

- Narrativa
- Novela histórica
- II Guerra Mundial
- Ditadura e posguerra española
- Espionaxe
- Wolframio
- Estraperlo
- Xudeus

Pequeno fragmento significativo

“–Ao meu home non lle vai facer graza ningunha que traballe fóra da casa, e menos se son xudeus, pero como están os tempos...”

(...)

“–Os cartos aquí entran das miñas mans e non quero diñeiro sucio na familia. O rapaz non vai volver pisar esa casa, non quero que se achegue ao fillo deles e que acabe sendo un maricallas coma el.

Nós cos nosos e eles cos deles. Non se vai falar máis do asunto e pobre de ti como me volvas deixar en ridículo outra vez. Vai haber moito máis que palabras, xa cho aviso. Nin imaxinas a vergoña que pasei cando mo dixeron. Quedei coma un paspán diante dos meus compañeiros".

Actividades

1. Cómpre escribir acerca do que suxire o título e con que se relacionaría.
2. Busquemos a orixe da cita "Ai das que levan na fronte unha estrela" e o cambio que achega a autora. Explicamos a razón.
3. É esta unha historia silenciada, dise que por expreso desexo das irmás Touza que pediron que non se fixese pública ata despois da súa morte. Tivo que chegar o novo século para oír falar desta fazaña protagonizada por mulleres nunha pequena vila galega. Indagar acerca das investigacións e ficcións que xiran arredor da súa historia, igual que dos recoñecementos que teñen recibido.
4. Estudar o personaxe de Günter desde a infancia para analizar como a situación familiar (a figura paterna) e política poden conducir un home a transformarse nun cego seguidor de Hitler e o nazismo. Extraer conclusións.
5. Comparar a vida de Günter coa de Frieda. Por que será que se nos conta a dela dende a primeira persoa e a del dende a terceira do narrador?
6. O personaxe do pai de Günter dá para aprender moito, dende a súa frustración á volta da guerra, derivar a culpa de todo o malo que pasa aos xudeus ("eses estranxeiros que se fan con todo"), o machismo e a adicción á bebida. Con que o relacionarías na actualidade? A que partido votaría ou no que militaría?
7. As relacións que este señor Schöder mantén coa muller (a consideración que ten dela, o non permitirlle traballar fóra porque é el quen ten que levar os cartos á casa –aínda que sexa incapaz– e menos para xudeus –aínda que os traten moi ben e sexan xenerosos–) e co fillo (non permitíndolle ser distinto a el: sensible, débil...). Textos coma os recollidos no apartado anterior resultan moi claros onde aparecen todas as características da súa personalidade que poden ser comentadas.
8. O nome de Nai, co que se recoñece en clave ese enlace que constitúe o último chanzo da rede internacional que axuda a fuxir os xudeus dos nazis, ten relación con Lola, unha nai solteira. "A xen-

te chámamos as tres do tren, as solteironas, a saber que máis andan a dicir, sobre todo de min, porque tiveren un fillo e non quixen nunca un home ao meu lado. Non o teño nin falta que me fai, ben me vallo soa. Con elas, porque somos unha." Busquemos o parágrafo no que lle explica a Frieda a súa situación.

9. Frieda confésalle a súa homosexualidade e Lola contesta "Eu, como non quero que me xulguen, non o fago con ninguén tampouco. Cadaquén que se arrime a quen poida, ou a quen lle deixen. Ou que non se arrime a ninguén, que soa tampouco se está mal..."

Realizar un debate sobre esta temática e as reaccións que se producen.

10. Comentamos as seguintes citas:

"Eu non sei que lles pasa aos homes nas guerras, transfórmanse e convértense en monstros"

"A saudade é de mexericas" dille Günter a Jörg

"Por que te metes nesas cousas tan perigosas? Xa ben difícil anda a vida neste tempo e ti a querer ser unha heroína, no medio dos homes. Non podes expoñerte tanto, Frieda, tes que pasar o máis desapercibida posible" dille a nai a Frieda.

"De feito, aquí ben poucas somos as que sabemos ler. O normal é mandar á escola só os homes, ata que saiban as catro regras para ir ao servizo militar e levar as contas da casa. As mulleres, cociñar, coser e parir. Esa é a escola que temos", pensa Lola.

11. Podemos analizar como son tratadas as mulleres na posguerra española a través dos ollos do cabo López.
12. Entre todos e todas as lectoras podemos recoller momentos da novela onde observa a discriminación da muller, como nas peores circunstancias elas han de estar moito peor.
13. Da mesma maneira buscamos fragmentos que nos falan da solidariedade, como este: "Que se lles perde salvando a vida –e arriscando a súa propia– de home se mulleres que non coñecen de nada, das que nin comparten relixión, nin lingua nin cultura?"
14. Na páxina 111 Lola explícalle a Frieda o papel da Sección Feminina na España da posguerra. Ampliemos esa información. Se quixésemos ir máis lonxe, descubriríamos que as Irmandades da Fala, tempo antes, bautizaran así o grupo de mulleres que traballaban á par dos compañeiros na defensa da lingua. Nesa páxina da novela tamén se fala das Misións Pedagóxicas, e estaría ben recoller información sobre esa experiencia educativa e cultural na época da República.

15. Nunha sociedade con roles e estereotipos sexistas non está ben visto que as mulleres teñan un carácter forte nin que os homes o teñan débil. Dende a familia reprímense esas "desviacións". Todo ha de estar moi medido, quen sabe de política, que profesións son de homes, incluso as responsabilidades (se o fillo non medra é culpa da nai e os mecos que lle dá)... Esta novela podería ser un manual de uso para introducinos neste campo. Comentemos o que nos chamou a atención a este respecto.
16. A homosexualidade aparece a través da personaxe de Frieda e o seu amigo Tiky. Podemos realizar un debate arredor desta opción sexual e doutras que tampouco sexan predominantes. Leamos, na páxina 117 a resposta de Lola e opinemos ao respecto.
17. Localizamos outras novelas ambientadas na II Guerra Mundial e o nazismo. Observamos o papel que desenvolven as mulleres nesas tramas e comparámolo con esta.

Ligazóns

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5615615>


Autora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Eva_Mejuto

Editorial:

<https://www.xerais.gal/index.php>

O bestiario científico de Anxos Nogueirosa



Texto: Antonio M. Fraga

Ilustracións: Víctor Rivas

Urco Editora, 2018

Urco Xuvenil

978-84-9487-553-3

I Premio María Victoria Moreno
de Literatura Xuvenil

Premio na Gala do Libro Galego,
2019

Sipnose

Corre 1933. Suso ten trece anos e mala saúde: o seu corpo non acaba de medrar como corresponde e cánsase demasiado. Este problema fai que o médico lle recomende á familia que o envíe a pasar os meses dese verán nas colonias do Sanatorio Marítimo de Oza.

Os temores dun neno que nunca saíu da aldea xúntanse coa ilusión por coñecer algo diferente. Xa no tren cara á Coruña, chega ás súas mans por casualidade un caderno cun misterioso título na cuberta: *Liber bestiarium scientificus*. Aí comeza todo: a súa amizade con Tila, o enfrontamento co grupo de abusadores e a descuberta dun mundo no que a ciencia e a fantasía camiñan da man.

O bestiario ou compendio de animais fabulosos, está escrito por Anxos (a tía de Tila) e vai ser completado pola sobriña coa axuda de Suso.

As voces vanse sucedendo; a de Suso que nos relata en primeira persoa a súa vida en Gulfar e o verán en Oza, e a das escritoras do bestiario (Anxos e Tila) que retratan a busca e, tamén, describen cada un dos seres maravillosos que van atopando: a muller curuxa de Sumoas, a Bernarda ou raíña chupona do Ulla, o cervoxo de Larouco, o canroad de Bouzas, os polbos do Pindo e os homes mariños da praia do Lazareto en Oza.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas
- Muller e ciencia
- A defensa dos dereitos das mulleres
- Feminismo
- Independencia e procura da liberdade
- Visibilidade da muller

Temática e xénero

- Novela xuvenil
- Bestiario, a súa tradición.
- Imaxinario tradicional, mitolóxico e fáunico galego
- Amizade. Amor
- Referencias históricas e culturais
- Aventuras
- Maxia. Misterio. Intriga

Fragmento significativo

“–Que sabes das fases da lúa? –preguntou.

–Chea, minguante, nova e crecente. Hai que telas en conta para a sementeira, por iso as sei.

–Moi ben! Á lúa chea tamén se lle chama plenilunio e ten lugar cando a Lúa recibe os raios do Sol na súa cara visíbel, polo que se pode ver completa. Pola contra, cando a Lúa se sitúa entre a Terra e o Sol ofrécenos a súa cara escura. É ao que lle chamamos lúa nova ou novilunio.

Olleina fascinado. Aquela rapaza nunca deixaba de me sorprender.

–Estívenme a documentar.

–Xa vexo...

–*Dona Elvira botoume unha man. Se non me trabuco, esa "lúa escura" da que fala a lenda dos Homes Mariños é a lúa nova. Consulte un calendario lunar. O derradeiro novilunio do verán producirase o 31 de agosto.*

–*E esa noite os Homes Mariños sairán á praia!* –exclamei.

–*Así é, Susiño –sorriu Tila, alegre ao observar o meu entusiasmo–. E nós habemos de estar aló para documentaló. Non sei aínda como, máis habemos de dar co xeito.*"

Actividades

1. Busquemos a definición que se achega sobre os bestiarios e a diferenza entre os mitolóxicos e os científicos. Debatamos acerca desta temática. Localicemos outros bestiarios.
2. Unha das riquezas da novela é a creación de atmosferas ben distintas, como a aldea na que se sitúa a casa de Suso e a súa familia, o traxecto ata o sanatorio e a estancia alí. Despois de pararnos a observar estes lugares, analicemos o papel das mulleres que aparecen: a nai de Suso, a rapaza que acompaña os abusóns, Tila, as monxas e a mestra. Que diferenzas atopamos entre elas en relación á perspectiva de xénero?
3. Fai unha descrición de Anxos Nogueirosa, a tía de Tila que anda a rematar o bacharelato en Compostela. Comparémola coa súa amiga Xulia e saquemos conclusións co futuro que pode agardar a cada unha delas.
4. As aventuras –que nos relata Anxos Nogueirosa– na busca destes seres fantásticos poden chamarnos a atención por considerar ou non que certas actividades que ela realiza son moi adiantadas ao seu tempo (comer soa nunha taberna do Franco; viaxar sin compañía a Noia, Arcos, O Pindo; asistir a clases mixtas...). Teremos que ver como era a España da República (anterior ao Levantamento militar e a Ditadura) e sacar conclusións acerca da ambientación da obra.
5. Enumera os distintos personaxes que aparecen na novela e colócalle un adxectivo ou unha frase que defina a cada un deles. Salvador (o primo de Xulia), os rapaces da tribo dos babecos e Suso van dar xogo para observar as masculinidades posibles.

6. Anxos e Tila teñen vocación científica, algo que semella pouco común nas mulleres daqueles tempos. Se realizamos unha busca en internet arredor de mulleres científicas galegas atoparemos un conxunto interesante, unhas poucas no pasado e un fato xa abondoso no presente. Por grupos realicemos unha presentación destas mulleres relacionadas con diferentes ámbitos científicos.
7. O autor dedica a novela á memoria de dúas mulleres. Indague-mos quen foron e expliquemos a súa relación con esta historia e cos nomes de determinadas personaxes. Ao tempo, que alguén presente a figura de M^a Victoria Moreno, que lle dá nome a este premio literario.
8. Na páxina 136 fálase dunha tradición iniciática entre os mozos da bisbarra, pero en ningún lugar podemos ver ningún tipo de rito iniciático referido ás mulleres. Reflexionade acerca de cales poderían ser, de habelos.
9. “Pulo científico” ou “teimosía”, así aparece reflectido o empeño de Anxos na busca do Cervoxo na páxina 137. Opinemos acerca das calidades que deben ter os científicos e as científicas e como estas, por veces, se menosprezan cando son as mulleres quen as posúen.
10. “A muller devolveume o agarimo colléndome a cara entre as mans e bicándome na fronte. Pronunciou entón unha estraña frase que ficaría gravada na miña memoria: “Máis coma ti facían falta.” Máis mulleres avanzadas ao seu tempo, máis sufragistas e feministas, máis mulleres que puidesen servir de modelo ás novas xeracións... Unha saga de mulleres investigadoras, aventureiras, dispostas a realizar expedicións para chegar a onde nunca antes chegaran e descubrir o ignoto. Houbera outras, pero foran silenciadas; no *Álbum de mulleres* do Consello da Cultura Galega podemos atopar os seus nomes e as súas historias.
11. A novela relata, con moi boa man, a descuberta do amor en dous casos diferentes. A diferenza entre os personaxes masculinos achega certas claves que se poden investigar.
12. Anxos Nogueirosa quéixase, na páxina 142, dos colaboradores cos que lles toca traballar no seu proxecto científico. Releamos o parágrafo e indaguemos acerca do traballo en equipo no campo científico.
13. Andlicemos as seguintes frases e opinemos acerca do que nelas se afirma: “Anxos sempre di que unha verdadeira científica debe posuír intelixencia e coraxe a partes iguais” (páx. 158). “Esperta, anda! Toda esta lea do bestiario científico éche só un xogo, un invento de Anxos para te manter entretida” (páx. 198). “A carreira

científica é un camiño cheo de renuncias, incomprensións e non poucas soidades." (páx. 213). "Na parte final do curso, ademais, comecei preparar as miñas disertacións finais de Bacharelato: unha sobre o carácter social dalgunhas clases de insectos e outra sobre as mulleres no Quixote." (páx. 214). "Tila non só me aprendera a nadar aquel verán; aprendérame tamén a querer doutro xeito, a vivir plenamente, a soñar sen cancelas." (páx. 248)

14. Observemos as lecturas e autoras que aparecen citadas na obra, así como o nome da compositora que se cita na páxina 216, e saquemos conclusións.

15. Leamos con atención o que conta Anxos da súa viaxe a Bouzas:

"A min dixéronme que trouxese até aquí a mercadoría, non que a descargase", insistía Salvador, entre chuchada e chuchada ao seu cigarro. "Son o fillo do dono, non un peón calquera."

A cousa estábase a pór tensa de máis, polo que decidín intervir. "Veña! Vamos descargar a camioneta entre os catro, que non nos caen os aneis!"

Meu dito, meu feito! Xulia recibiu con abraio a miña proposta, máis non retrucou, polo que a Salvador non lle quedou outra que botar tamén unha man: ao nós ver na trasfega, o seu orgullo de macho quedaba en dúbida."

Comentemos este fragmento relacionándoo con experiencias vividas.

16. O autor defende a igualdade das mulleres pero tamén a lectura e a ciencia. É interesante ver, así mesmo, a homenaxe que neste libro se lles dedica ás avoas cando relata o enfrontamento de Anxos cos polbos do Pindo. Comentádeas.

17. Na páxina *Galicia encantada* ou nos libros de Reigosa, Cuba e Miranda podedes buscar historias sobre seres fantásticos femininos.

18. A necesidade de defenderse contra os abusos e os abusóns aparece na novela. Hai un momento no que semella que o poder que o xefe exerce sobre Millán, un dos seus, se ve debilitado (páx. 244). Respondamos ás seguintes cuestións:

Onde está a solución: no cansazo dos seguidores ou no enfrontamento dos débiles? Que se pode facer para rematar con esa praga? Comentar os grupos de abusóns cos que se atoparon ao longo do seu paso polos centros de ensino.

19. O libro forma parte dese grupo de novelas que tratan a temática das nenas e mozas con intereses científicos, entre as que podemos sinalar: *A evolución de Calpurnia Tate* e *O curioso mundo de*

Calpurnia Tate, Expedición ao Pacífico... Ti poderás continuar esta enumeración e ler aqueles textos que non coñezas, se che interesa o tema.

Ligazóns

Autor:

<https://www.antonimanuelfraga.gal/>

Ilustrador:

<http://vriustracion.blogspot.com/>

Obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/01/26/o-bestiario-cientifico-de-anxos-nogueirosa-de-antonio-m-fraga/>

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2019/05/07/Recensi%C3%B3n-Antonio-M-Fraga-O-bestiario-cient%C3%ADfico-de-Anxos-Nogueirosa>

<https://lecturafilia.com/2019/01/08/o-bestiario-cientifico-de-anxos-nogueirosa/>

Editora:

<http://urcoeditora.com/titulos/bestiario-cientifico-de-anxos-nogueirosa/>

Os corpos invisibles



Texto: Emma Pedreira

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9121-584-4

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, 2019

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil, 2019

Premio na Gala do Libro Galego, 2020

Sipnose

Londres. Época vitoriana. Revolución Industrial. Dúas mulleres: Loretta Count, quince anos, que esconde o seu nome baixo as iniciais L.C. ao igual que esconde o seu corpo na funda de traballo para tratar de pasar desapercibida polos homes, e en particular polo capataz da fábrica téxtil na que traballa dende pequena; e Prometea Stoner, orfa e única herdeira dunha familia acomodada que se nega a aceptar un destino que lle vén imposto. Dúas mulleres que loitan cadansúa delas, desde posicións diferentes, por ser elas mesmas e alcanzar a visibilidade que lles nega a sociedade na que viven.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonismo feminino. Afouteza da muller
- Ruptura de estereotipos sexistas

- Muller e ciencia
- Loita polos dereitos da muller
- Acoso sexual
- Matrimonio / celibato
- Feminismo
- Solidariedade entre mulleres. Sororidade

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Educación en igualdade
- Adolescencia
- Revolución industrial
- Reivindicación de dereitos sociais
- Mito de Frankenstein
- Metaliteratura
- Lectura e escritura

Fragmento significativo

“–Isto nos meus tempos na fábrica non sería así –murmurou–. Ninguha se atrevía a dicir unha palabra se algún capataz se pasaba, por medo a perder o traballo, a dignidade ou a consideración das compañeiras.

–Agora as cousas van ir cambiando, Joannie. Ti sabes o que é un sindicato? E unha folga?

Loretta escoitaba sen saber moi ben o que significaban todas aquelas palabras, pero o feito de estaren alí reunidas, a aquelas horas, seis mulleres e ir falando dos seus desexos e os seus dereitos, ir sacando a pacer baixo a luz do farol palabras como convenio, dereitos ou sufraxio, quitáballe o sono. Pero non como o facían os pesadelos que ás veces traía na cabeza desde a casa Stoner, senón da gana de beber todos aqueles vocábulos e miralos por dentro, detidamente, sacarlles as tripas e ver como encaixarían na súa vida real.”

Actividades

1. Dúas mulleres son as protagonistas da novela. Agrupa as características que lle corresponden a cada unha delas referidas á súa personalidade, físico e vestimenta:

intelixente	pálida	misteriosa	roupa negra	orfa
observadora	miúda	cabelos brancos	pantalón peto	curiosa
solteira	fibrosa	traballadora	adolescente	solidaria

2. As reflexións feministas abundan ao longo da novela. Expressa a túa opinión e comenta se aínda hoxe podemos atoparnos con situacións semellantes ás vividas polas protagonistas.
- a. Cando unha non é fidalga (...) nin ten o diñeiro suficiente para estudar, non estuda. E punto. Sobre todo pasa isto cando unha é unha e non un (páx. 17).
- b. As saias, impiden todo, de sempre (páx. 17).
- c. As mulleres tallábaselles a árbore da ciencia pouco máis alá dos quince, cando xa están máis que listas para atrapar un home dos que si estudaron... (páx. 24).
- d. As vantaxes de ser rapaz non tiñan nada que ver coas de ser unha nena. De feito podería asegurar que eran dúas cousas contrarias, coma o día e a noite... (páx. 25).
- e. Os libros eran os fillos naturais dos homes (páx. 41).
- f. As mulleres non son médicas; en todo caso, enfermeiras (páx. 69).
- g. Os homes o que queren é destacar por eles mesmos, sen sospeita de recibiren axuda de muller (páx. 113).
- h. Din os homes que a peor inimiga dunha muller que se rebela é outra que non quere que a rebelión a amole (páx. 145).
3. Cando Loretta fai 13 anos a súa nai dille que debe afastarse dos homes, das plantas... Por que llo di? Pensas que este tópico ten algún fundamento científico? Segue manténdose aínda hoxe en día? (páx. 18)
4. Describe o capataz da fábrica téxtil na que traballaba Loretta e a súa relación coas mulleres que estaban baixo a súa vixilancia e en particular coa protagonista. Vai mudar algo na fábrica e sobre todo nas consciencias das mulleres traballadoras? Explica as palabras *convenio*, *dereitos* ou *sufrexio* relacionadas con estes feitos.

5. Prometea establece un intercambio epistolar con unha tal Mary S. Descubrimos máis adiante quen é a destinataria das cartas e por que non hai un enderezo para que cheguen o seu destino. Pescuda quen é Mary S., que obra importante escribiu e a súa relación con todo o que lle acontece a Prometea.
6. A vestimenta aporta un certo significado ás protagonistas da novela, en especial no caso de L. C. que adoita como vestimenta habitual a funda do traballo e unha gorra para o cabelo. Cales son as razóns? (páx. 117)
7. O humor tampouco falta na novela. Dous episodios, en principio dispaes como son a morte de dona Celestina, a nai de Prometea, e a defensa de L. C. ao ser acosada polo capataz, teñen un elemento en común. De que se trata? Como cualificarías este recurso empregado pola autora?
8. Explica a estratexia seguida por LC. para defenderse do capataz e a reacción das outras mulleres da fábrica. Para nos medos da propia nai de Loretta e dalgunhas das outras mulleres. Poden xustificarse?
9. A paixón e o desexo xorde en Prometea, que mocea co doutor que a atende; non obstante, cando este lle pide matrimonio, ela rexéitao (páx. 114):
 - a. Que razóns achega a protagonista para manterse libte?
 - b. Actualmente as mulleres teñen a mesma presión que daquela por casar?
 - c. Neste capítulo faise referencia a Jane Austen. Pescuda quen foi, como foi a súa vida e pono en relación co tema do matrimonio na muller.
10. Ambas protagonistas séntense invisibles no tempo que lles tocou vivir.
 - a. Explica cales son os motivos da súa invisibilidade para cada unha delas.
 - b. Prometea encarna o mito clásico creado por Mary Shelley ao ser encargada de darlle luz a Loretta para que saia da súa invisibilidade. Como o consegue?
 - c. Dende a época da Revolución Industrial inglesa, o movemento feminista e a loita polos dereitos das mulleres evolucionou. Está todo conseguido, actualmente?
11. O título da novela, *Os corpos invisibles*, podemos facelo extensible a todas as mulleres en xeral que no seu tempo non tiñan voz nin voto? Argumenta a resposta.

12. Fai un listado cos eses nomes de mulleres invisibles que se van citando ao longo da novela para facer A *galería de mulleres invisibles*. Busca un retrato na rede de cada unha delas e incorpóralle un pé de foto que recolla unha frase que defina a autora ou a súa obra.

Ligazóns

Sobre a autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/emma-pedreira>

Sobre a obra:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2020/01/25/os-corpos-invisibles-de-emma-pedreira/>

<https://www.oepli.org/gl/Este-libro-me-encanto>

<https://lecturafilia.com/2019/11/01/os-corpos-invisibles/>

<https://ferradura.blog/2019/11/27/critica-de-os-corpos-invisibles-emma-pedreira-xerais/>

<http://173.255.131.18/audio/230120PEDREIRA.mp3>

<https://blog.xerais.gal/search/os+corpos+invisibles>

Palabra de bruxa



Texto: Andrea Barreira Freije

Editorial Galaxia, 2018

Costa Oeste

978-84-9151-181-6

Sipnose

Berenice é unha muller fermosa, solteira, que traballa no muíño e axuda os veciños de Queixumes nas súas doenzas. Pertence á Casa das Xanas, formada pola súa nai e a súa avoa e na que se ocultan os nomes dos homes que a constitúen.

Dende nena, nas loites de luar, Berenice xúntase no aquelarre con mulleres que teñen en común, igual ca ela, a loita pola liberdade e ser devotas da deusa Natureza.

Estas prácticas serán motivo do apresamento da protagonista, que vai ser xulgada e torturada pola Inquisición acusada de ter un comportamento considerado impropio da súa condición de muller, segundo establece a moral católica da época.

Berenice mostrará en todo momento serenidade e fortaleza, pero tamén a certeza de non ter posibilidades reais de defensa.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina. Afouteza da muller
- Igualdade de xénero
- Independencia e procura da liberdade
- Papel da muller na sociedade
- Ruptura do rol tradicional
- Violencia de xénero
- Maternidade / aborto. Casamento / celibato
- Desexo sexual. Muller obxecto de desexo

Temática e xénero

- Narrativa de fronteira
- Tradición mística galega
- Feminismo
- Maxia. Rituais
- Liberdade

Fragmento significativo

“Quítanlle a roupa. Ante a súa mirada incrédula sacódena como se dela puidese caer algo máis que o po das fariñas, da terra... Ao non conseguiren nada achéganse a ela, que os fita desafiante cos brazos cruzados baixo os seus peitos descubertos. O cabelo cáelle sobre o seu corpo coma un manto feito de noites. Hai quen teme achegarse, pois a súa visión lembraba, se non o dunha Virxe protectora, mártir, o dun anxo. Estes son expulsados da sala por aqueles que ven a realidade: ante eles, desafiante, observábaos unha amante poderosa do Demo.”

Actividades

1. A novela ten como protagonista a Berenice. Unha muller que lles fala aos homes como iguais, forte, cuns brazos fibrosos, “impropios” dunha muller. (páxs. 21-25)
 - a. Que personaxe se sorprende da súa forza “sobrenatural”?
 - b. Como definirías o papel que desempeña este personaxe na trama da novela?

- c. Continúa a descrición de Berenice atendendo ao seu físico, pero tamén aos trazos da súa personalidade.
- d. Cres que Berenice se axusta ao prototipo de beleza feminina? Razona a túa resposta.
2. Xunto a protagonista aparecen outras mulleres do aquelarre coas que se reúne. Fai a relación dos seus nomes e os trazos que teñen en común (páxs. 28, 29, 91, 92).
 3. Berenice vai ser xulgada polo seu comportamento. Está acusada de:
 - Desprezar o lugar que lle corresponde detrás do home (cap. I).
 - Non ter marido nin home ao que responder e aceptar o acto carnal con Satán (cap. II).
 - Crear esconxuros para que o home se sinta impotente, ou chegue a pensar que perdeu o membro da súa virilidade (cap. VI).
 Continúa esta lista de acusacións. Selecciona só aquelas que teñan que ver coa súa condición de muller. Que conclusións sacas ao respecto? Argumenta a túa resposta.
 4. O xuíz inquisidor leva como testemuña mulleres de *conducta irreprochábel* (páx. 18); señoras de *demostrada pureza e castidade* (páx. 35); mulleres cuxo *honor non se pode cuestionar* (páx.37)... Que valor está poñendo este xuíz como mérito destas mulleres? Cal é a túa opinión ao respecto?
 5. Berenice ten no muíño unha mesa chea de libros. Isto non era habitual para os demais pero si para ela, que afirma: *Na miña familia o saber é a mellor moeda, por iso atesouramos coñecemento* (páx. 25). Pensas que o saber e a cultura están hoxe máis valoradas que outrora? Comenta a túa resposta.
 6. Hai moitas expresións que se verten ao longo da novela relacionadas co papel que debe cumprir unha muller na sociedade. Coméntaas.
 - *Algo malo sairá do interior dos seus beizos pois, que outra cousa se pode agardar dunha muller?* (páx.11)
 - *Aprender a coser a roupa, como era debido a unha rapaza da súa idade* (páx. 69)
 - *Todos os males e as súas consecuencias acaban caendo sobre os ombros dunha muller* (páx. 123)
 - *(Somos) sabedores da inferioridade de poder e intelixencia das mulleres, coñecedores da necesidade que teñen de ser guiadas, orientadas e protexidas...* (páx. 132)

7. Un rito moi estendido en Galicia é o da fertilidade da muller e o seu anhelado de ser nai. Na novela descríbese o lugar do río Portela, onde as mulleres beben e se mergullan nas súas augas para quedaren preñadas.
 - a. Describe ese lugar.
 - b. Fíxate tamén no número que se cita. Cal é e cal é a súa simboloxía? (páx. 28).
 - c. Consulta na web de *Galicia Encantada* outros rituais que se dean en Galicia, por exemplo o da Virxe da Lanzada. Anota as diferenzas que percibas.
 - d. Redacta un breve texto no que expoñas a túa opinión acerca da maternidade: a importancia cultural que se lle outorga, o peso que recae na muller no caso de non poder ter fillos...
8. Cortar o cabelo a unha muller simboliza a perda da súa feminidade. Berenice tamén vai sufrir esta agresión (páxs. 35-38).
 - a. Sinala os atributos que se lle dan ao cabelo da protagonista e aos da súa aprendiz, Xoana.
 - b. Pescuda sobre outras situacións na Historia no que se aplicaba esta práctica as mulleres.
9. Relé a historia de Adela no capítulo VI. Explica como era o seu matrimonio, que trato recibía por parte do seu home, como a illaron os veciños... Pódese dicir que Adela casou namorada e sufriu violencia de xénero? Recolle algunha frase que o exemplanifique.
10. O nacemento dun fillo varón era considerado unha honra cuxo mérito o levaba o pai, fronte ao desprezo que se lle outorgaba á nai por dar a luz unha nena. Pensas que isto aínda permanece vixente na nosa sociedade? Argumenta a túa resposta.
11. Relé no capítulo VII a historia de Lucía.
 - a. Explica cal é a consideración que ten o seu home dela.
 - b. Ponte na súa pel e comenta como se sentiría calquera muller no seu lugar.
 - c. Explica a medida aplicada por Berenice para liberala de non ter máis fillos. Está xustificada, segundo o teu punto de vista? Cal é a túa postura ante este tema?
12. Catalina, na novela, representa a muller obxecto de desexo, a *muller enviada polo diaño para facer pecar os homes* (páx. 99). Que opinas ao respecto?

13. Explica o significado desta reflexión que fai Berenice, falando dela mesma: *Aprender a observar o que se agocha entre as palabras e os silencios e a escoitar como se tecen e moven os xestos máis insignificantes* (páx. 60). Cres que un bo lema de vida?
14. *Palabra de bruxa* é o título da novela. Neste contexto o termo *bruxa* adquire un valor positivo ou negativo? Diferencia, segundo a tradición mítica galega, entre *bruxa/meiga* e *feiticeira*.
15. Na súa propia defensa Berenice fai unha declaración moi fermosa de por que lle chaman *bruxa* que comeza por *Chamádesme bruxa* (páx. 154). Volve a lela e seguindo ese modelo escribe unha declaración que comece por: *Chamádesme muller*.

Ligazóns

Sobre a autora:

<http://editorialgalaxia.gal/autor/andrea-barreiro-freije/>


Sobre a obra:

<https://cademodacritica.wordpress.com/2018/07/31/palabra-de-bruxa-de-andrea-barreira-freije/>

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2018/09/14/Recens%C3%B3n-Andrea-Barreira-Palabra-de-bruxa>

<https://www.youtube.com/watch?v=r98u1UP3URU>

O grupo



Texto: An Alfaya

Ilustración de cuberta: David Sierra

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9121-541-7

XII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil

Lista de Honra 2019 da OEPLI

Sinopse

Un grupo de adolescentes con problemas de diversa índole e orixe reúnense periodicamente cunha traballadora social que ten, ela tamén, unha historia persoal.

Antón, que ficou deforme por mor dun accidente doméstico, sente o noxo ou a mágoa nas olladas dos demais. Péchase en si mesmo e na súa guitarra.

Carla é unha rapaza introvertida, filla dun maltratador que deixou a súa nai en coma; exprésase a través da súa cámara, que foi tamén o seu testemuño, a súa única voz, no xuízo.

Amina, que compartiu centro de acollida con Carla, é unha menor musulmá e sofre a xenofobia.

Runa, unha moza leda, graffiteira e *traceur* (practicante do deporte extremo *Parkour*) que ficou sen mobilidade nas pernas por un accidente, reivindica a adaptación dos edificios, o mobiliario e o transporte urbano. Aínda na cadeira de rodas, a rapaza segue utilizando os seus “sprays”.

Nico e a súa parella, Salva, padecen agresións homófobas no instituto. Logo dunha malleira, Salva está hospitalizado, a súa familia non acepta a súa identidade sexual.

A psicóloga, Sandra, rompeu coa súa parella logo dun fracaso profesional que a sumiu nun estado de inseguridade que lle está custando superar.

O libro achéganos ao proceso de coñecemento mutuo e recuperación da confianza e da autoestima.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Linguaxe non sexista
- Identidades sexuais non predominantes
- Opcións sexuais diferentes
- Ruptura de prexuizados
- Violencia machista

Temática e xéneros

- Novela realista
- Inclusión
- Traballo en equipo
- Respecto pola diferenza
- Xenofobia
- Homofobia
- Autoestima

Pequenos fragmentos significativos

“Sei que se perdemos o foco a linguaxe pode ser perversa; eu mesma, malia ser consciente diso, ás veces non consigo atopar unha voz axeitada que abarque as persoas ás que me dirixo,...

(...)

Hoxe por hoxe penso que non hai terapeuta non mundo que poida conseguir o milagre de facer recuperar a autoestima de alguén a quen se lle deformaron as faccións da cara, porque sempre vai fitar na ollada dos demais o monstro no que te converteu o fogo.

(...)

Estaba cansa de interpoñerse e suxerirille á súa nai que denunciase, pero non había forma de convencela; ela non conseguía dar o paso por medo. Carla tamén tiña medo e sentía vergoña de compartir aquel martirio, así que deixaba que amainase a tormenta. Sempre amainaba. O seu pai pedía perdón como un can arrepen-tido despois das malleiras, e a súa nai terminaba por desculpalo. Todo rutineiro e repetido. Igual que no telexornal.

(...)

Primeiro mal. Moi mal. Difícil todo. Moito difícil todo. Eu triste sempre. Sempre triste. Rara. Diferente. Asustada.

(...)

E non me dá a gana de poñerme en plan choromicas, nin de botarlle a culpa ao parkour. Aquí non ten culpa ninguén. Un mal salto é un mal salto, natural. Agora non salto, pero apréndolles a saltar a outros, e deixo menos marcas, sinaturas e selos nos muros, mais ás veces aínda me aplico. Hai que tirar para adiante, natural!

Mirade, xa postos, eu tamén quero denunciar. Aí queda a miña queixa. Esta cidade non conta con nós, digo cos que rulamos en cadeira de rodas.

(...)

Salva e mais eu estamos xuntos dende principios de curso; non na mesma clase, pero agrupámonos en educación física. A atracción que sentimos foi case instantánea, pero polo visto houbo algúns aos que non lles pareceu ben mirarnos tan a gusto. Así que axiña aproveitaron calquera escusa para chancearse de nós. Nunhas semanas puxéronnos no foco da súa diana facéndonos a vida imposible. Pintadas vexatorias, armarios rebentados, insultos, calumnias ou tro-las ás nosas costas convertéronse en algo rutineiro."

Actividades

1. Os membros do Grupo, como todas as persoas á súa idade, tiñan previsións de futuro; pero agora mudaron as circunstancias e van ter que revisar moitas cousas:

Escribir como imaxinan a súa vida en 15 anos: en que van traballar, onde van vivir, con quen, que afeccións terán etc.

Ler en alta voz cadanseu texto.

Comentar, durante 15 minutos, en que coinciden os textos, que diferenzas hai, se son moi distintas as expectativas dos rapaces e as das rapazas. A que se deben estas semellanzas e diferenzas?

2. Os personaxes deste libro teñen dificultades para integrarse, ben porque eles mesmos non se aceptan ou porque senten o rexeitamento das persoas coas que se relacionan.

Visionado dos vídeos:

Doll Face. A autodestrutiva busca da beleza estereotipada: <https://www.pinterest.es/pin/427842033323978612/>

Cómo crear una supermodelo en 38 segundos: https://tn.com.ar/tecno/f5/los-milagros-del-photoshop-como-crear-una-super-modelo-en-38-segundos_419516.

A persecución da imaxe perfecta, baseada nos estereotipos publicitarios: <https://www.pinterest.es/pin/427842033354360740>

Falamos sobre a importancia que ten a imaxe na nosa sociedade e as cousas fan homes e mulleres para adaptarse ao canon: exercicio, operacións, réximes, depilación maquillaxe...

3. *Busco voces* é un longo poema de An Alfaya para *O son das buginas*, un libro e DVD solidarios promovidos pola ONG Implicadas/os no Desenvolvemento (IND) e publicado por Edicións Xerais de Galicia en 2007.

En común, faremos unha lectura e debate sobre o texto.

Logo formaremos grupos e cada un escollerá un texto da páxina *Palabras con fondo*. Cada grupo fará a lectura e preparará unha presentación libre; logo de cada presentación abrirase un tempo para o debate.

4. Considérase maltrato de xénero "*calquera acto contra as mulleres que supoña o uso da forza ou a coacción con intención de promover ou de perpetuar relacións xerárquicas entre os homes e as mulleres*" Nacións Unidas. Conferencia dos Dereitos Humanos. Viena, 1993.

Inclúe:

Violencia na parella

Violencia cara á nai, irmá, filla...

Agresións e abusos sexuais contra a muller

Mutilación xenital feminina

Trata de mulleres con fins de explotación sexual
 Violencia contra a muller en conflitos armados
 Acoso sexual no ámbito laboral...

Buscar información na biblioteca, nos vídeos da webgrafía etc.

Organizar grupos para preparar dramatizacións que exemplifiquen diferentes tipos de violencia de xénero.

Cada dramatización poderá ir seguida duns minutos de debate no que o grupo explicará, se fose preciso, as razóns da súa escolla e posta en escena.

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/An_Alfaya

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5949302>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2020/04/26/o-grupo-de-an-alfaya/>

Coeducación afectivo-emocional e sexual. Fundamentos para un modelo de intervención en educación infantil e primaria:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033330984747/>

Guía de lectura fácil sobre a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033343670193/>

Anti-Bullying ad, curta sobre o papel dos espectadores en casos de acoso:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033336561091/>

Plan de Convivencia, na prevención, detección e tratamento do acoso escolar:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioG0164-220115-0001_gl.html

CTRL non é amor:

<https://saraiba.wixsite.com/ctrlnoneamor#!blank/tigyq>

Protocolo de identidade de xénero:

<https://drive.google.com/file/d/0B7a9P7DozuUCeTU3S2htQl9CNUU/view>

Coeducación para o século XXI. Matería de 1º Bacharelato:

https://drive.google.com/file/d/1tN8tKGEC_CJvDEEF14wbGwkP9f7L-pw/view

Familias por la diversidad:

<http://www.familiasporladiversidad.es/files/objetos/BULLYINGprofesores.pdf>

Palabras con fondo. Un compromiso dos escritores de Galicia coa cooperación e a solidariedade internacional:

<http://www.fondogalego.org/web/palabrasconfondo>

Vídeos:

Doll Face. A autodestrutiva busca da beleza estereotipada:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033323978612/>

Violencia de xénero:

https://www.youtube.com/watch?time_continue=5&v=z-0GJM-mEY9U&feature=emb_logo

El orden de las cosas. Una historia de maltrato:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033346213049/>


Recursos humanos:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033328382112/>

A persecución da imaxe perfecta, baseada nos estereotipos publicitarios:

<https://www.pinterest.es/pin/427842033354360740>

O que sei do silencio



Texto: Andrea Maceiras

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9121-405-2

Finalista do Premio Raíña Lupa,
2017

Sipnose

Silke é unha rapaza sueca que chega comezado o curso escolar a Galicia. Aparentemente é ben recibida polo grupo das rapazas máis populares da súa clase, ao que dun tempo a esta parte, tamén pertence Delia, irmá de Iago, rapaz polo que se sente atraída unha delas. Paulatinamente as cousas comezan a mudar para Silke, ata chegar ao límite de ser vítima dun brutal acoso do que a propia Delia é testemuña.

Os remordementos pola súa covardía ao non ter axudado a Silke lévana a abrir un blog baixo o título *O que sei do silencio*, converténdose na narradora dos feitos acaecidos. O blog está aberto aos comentarios de calquera internauta co obxectivo de darlle visibilidade a este tipo de situacións e para demostrar que o que nunca se debe facer é gardar silencio.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Afouteza da muller
- Roles sociais

- Estereotipos sexistas
- Machismo
- Acoso sexual

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Adolescencia
- Acoso escolar
- Relacións interpersoais
- Fútbol feminino
- Lectura e escritura. Metaliteratura
- Novas tecnoloxías

Fragmento significativo

"Aquele palabra golpeoume na cara. Non pensades que son unha inxenua sen remedio; eu era consciente de que baixo aqueles insultos estaban agochados moitos prexuízos e moitas ideas falsamente preconcebidas da nosa sociedade. Eu decatábame de que se Silke fose un mozo as cousas serían diferentes: ninguén ía empregar aqueles insultos con el. Pero supoño que ao final todos estamos afeitos e afeitados a que as cousas sexan así, que só cando a profesora me puxo aquela palabra diante dos ollos me decatei do cega que estivera. A Silke xulgáranla en boa medida por ser muller e rebelarse, por ser dona de si mesma e vivir os seus propios valores."

Actividades

1. Delia, a voz narradora da historia, comeza presentando a protagonista, Silke, a través do seu físico e da súa vestimenta. Pero é cando fala da súa forma de ser cando Delia emprega o verbo *admirar*.
 - a. Cres que na adolescencia se dá máis importancia ao aspecto físico da persoa?
 - b. No caso das rapazas, cres que se valora de forma diferente o seu físico que no caso dos homes? Razona a túa resposta.
 - c. Señala os aspectos máis salientables que fan que Silke pareza *unha rapaza distinta de todo e de todos* (páx. 15).

2. A chegada de Silke vai orixinar condutas sorprendentes por parte dalgunhas compañeiras da clase.
 - a. Enumera as razóns que se dan na novela que xustifican, segundo a maioría, o acoso que vai sufrir Silke.
 - b. Pensas que son a verdadeira causa ou son outras as razóns que latexan de fondo? Razo a túa resposta. Apóiate no comentario que fai Elisa cando afirma que *Sempre é difícil aceptar a quen é diferente por moito que esa persoa queira encaixar* (páx. 57).
3. Unha vez que comeza o acoso a Silke, vanse vertendo no relato distintas acusacións para a súa persoa que podemos resumir na frase que Víctor di sobre ela: *Xa se sabe como son esa clase de rapazas* (páx. 72).
 - a. Enumera os insultos e ameazas recibidas.
 - b. Tipificarías estes insultos como de carácter sexual?
 - c. Pensas que se a persoa acosada fose un rapaz as ameazas e insultos recibidos irían na mesma liña?
 - d. Cres que forman parte dos prexuízos que aínda están latentes na sociedade? Argumenta a túa resposta.
4. Xulia, Lara e Daniela pertencen ao grupo das rapazas máis populares da clase:
 - a. Sinala os trazos comúns que as caracterizan, para os ollos dunha maioría, e contrástaos coa mirada de Delia.
 - b. Analiza o seu papel como mulleres e a interpretación que lles dan elas ás relacións que establecen cos mozos.
 - c. Pensas que este sentir é maioritario no teu círculo de amigas e amigos?
 - d. Sénteste representada/o por estas rapazas? Argumenta a túa resposta.
5. *Estar guapa e espelida, vestir á moda, crer nos príncipes azuis...* corresponden a uns roles sociais que se lles impoñen ás mulleres como canon de beleza e comportamento convencional, pero tamén machista.
 - a. Estás de acordo con esta afirmación? Razo a túa resposta achegando máis exemplos.
 - b. Quen dirías que segue este modelo dentro das rapazas que forman parte do relato?

6. Xulia sente celos porque pensa que Silke lle roubou o mozo. No relato recóllese un sentir maioritario de que se *chegas a un sitio e hai un rapaz que ten unha moza, tes que deixalo e punto* (páx. 95).
 - a. Pódense, dalgún xeito, xustificar os celos? Acaso somos propiedade das nosas parellas?
 - b. Dáselle o mesmo trato cando é á inversa? *Iago estivo antes con Xulia e ninguén o xulga* (páx. 160).
 - c. Cualificarías este tipo de comportamentos como machistas?
 - d. Aporta un breve comentario no que reflexiones sobre estas cuestións.
7. Comenta a expresión *As rapazas suspiraban por Iago* (páx. 28). Para no significado que adquire o verbo *suspirar*.
8. Silke resulta ser unha boa xogadora de fútbol. Isto déixaos abraia- dos a todos, sobre todo ás rapazas, que para descualificala a tachan de marimacho. Incluso Daniela chega a afirmar que *as rapa- zas que xogan ó fútbol perden todo interese para os mozos* (páx. 62). Cal é a túa opinión ao respecto? Apóiate nos distintos comen- tarios que se verten no blog (entrada do 29 de abril).
9. Silke trata en todo momento de facer fronte ás adversidades, amó- sase con firmeza e valentía, aínda nos peores momentos. Un exem- plo é a súa decisión de ir á festa do entroido e a elección do disfra- ce. Comenta a súa simboloxía.
10. Pola contra, Iago vai fraquear e verá a Silke cos mesmos ollos que todos os demais. Relé as entradas do 21 e 26 de xullo e comenta a reacción de Iago.
11. Daniela tamén resulta ser vítima das outras compañeiras, Xulia e Lara. Un dos primeiros aspectos que coñecemos da súa persona- lidade é a súa preocupación por controlar o que come e bebe.
 - a. Pensas que ter algúns quilos de máis é un motivo para sentirse aprisionada pola sociedade?
 - b. É este un problema que incumbe fundamentalmente ás mulle- res? Exemplifica a túa resposta con algún caso que coñezas da túa contorna.
12. Fronte a Xulia, Lara e Daniela está o personaxe de Elisa. Como caracterizarías o seu papel na trama da novela?
13. As palabras *covardía, medo, silencio, pasividade, pasar inadver- tida...* repítense ao longo do relato contado por Delia para referirse a ela mesma ante a situación vivida da que se sente cómplice por non saber reaccionar a tempo. Pensas que Delia é covarde ou ac- túa como unha covarde? Argumenta a túa resposta.

14. *Equivocarse forma parte da vida, do proceso de aprender, crecer e evolucionar*, afirma Delia, na páxina 18.
- Estás de acordo con esta afirmación?
 - Explica o motivo polo que ela reconece que se equivocou, as consecuencias que lle ocasionou e as decisións posteriores que adoptou para tratar de que o sucedido non volva pasar.
15. Silke vén a Galicia por causa do traballo da súa nai.
- Cres que na nosa sociedade a muller ten as mesmas oportunidades para viaxar ou cambiar de residencia, por causas laborais que o home?
 - Que motivos fan que unha muller teña máis difícil, normalmente, ascender no seu posto de traballo?
16. A autora, Andrea Maceiras, vai intercalando distintos contos de fadas da escritora Leaena Hiems que axudan a analizar os temas que se visibilizan na novela. Elixe un dos contos e coméntao sinalando a súa relación coa trama.

Ligazóns

Sobre a autora:

<https://andreamaceiras.com/>

Sobre a obra:

<https://www.palabradegatsby.com/single-post/2018/07/26/Recens%C3%B3n-Andrea-Maceiras-O-que-sei-do-silencio>

<http://garciateijeiro.blogspot.com/2018/06/remuino-de-libros-48-o-que-sei-do.html>

<https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2018/11/Andrea-Maceiras-La-Voz-de-Galicia.pdf>

<https://blog.xerais.gal/search/o+que+sei+do+silencio>

O tesouro de Lucio



Texto: Mikel Belatz

Editorial Demo, 2018

ISBN 978-84-9473-963-7

Sipnose

Amaia, como estudante de Historia, prepara o seu proxecto final de carreira sobre a vida de Lucio Urtubia, home anarquista exiliado en Francia. A través dunha viaxe que emprenden xuntos dende París á súa terra de orixe, Cascante (Navarra), vanse debullando os distintos episodios vividos por Lucio na súa loita por facer un mundo mellor. Aos aspectos ideolóxicos súmanse os persoais, que completan o seu perfil como esposo e pai, así como o valor que para el ten a familia e a terra que deixou atrás.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Coprotagonista feminina
- Presenza da muller
- Roles sociais
- Ruptura de estereotipos
- Lesbianismo
- Matrimonio

Temática e xénero

- Biografía
- Anarquismo
- Exilio. Memoria histórica
- Compromiso social. Loita por ideais
- Solidariedade

Fragmento significativo

“As acacias que plantei cando era un rapaz, cando me castigaban porque miña nai non tiña cinco pesetas para pagar a multa, medraron xa. E boa fresca dan as tardes de verán! Protexamos esas acacias e plantemos máis, destruíamos os cárceres e todas as demais maldades e fagamos escolas, hospitais... Porque creo e seguirei crendo que este maldito mundo se pode –e se debe– cambiar.”

Actividades

1. Amaia e Lucio emprenden dende París unha viaxe de retorno a Cascante, a terra natal de ambos os dous. Na estación de Montparnasse, mentres agardan polo tren toman un café. É a moza quen toma a iniciativa de pagar. Este feito, que agora pode non sorprendernos, non era o habitual uns anos atrás. Por que cres que pasaba isto?
2. De igual xeito, ao chegar a España paran nunha taberna. Lucio pide un viño branco e Amaia tamén. Resulta un feito insignificante ou podemos dicir que hoxe en día as mulleres puideron liberarse de certos prexuízos que a sociedade lles impoñía pola súa condición feminina? Razona a túa resposta.
3. Amaia le unha información en Internet sobre a vida de Lucio na que di que é un anarquista casado pola Igrexa.
 - a. Por que lle parece estraño que un anarquista case, e ademais o faga pola Igrexa?
 - b. Cal é a resposta de Lucio? Que opinas ao respecto?
 - c. Cal é a túa opinión sobre o matrimonio?
4. Lucio namórase de Anne, unha rapaza moito máis nova ca el.
 - a. Recordas cantos anos tiñan cada un deles cando se coñeceron?
 - b. Cantos anos se levan?

- c. Nun matrimonio a diferenza de idade pode supoñer unha vantaxe ou unha dificultade?
- d. Cres que se ve cos mesmos ollos cando é a muller ten moita máis idade que o home?
- e. Comenta brevemente a que se deben eses prexuízos.
- 5.** Na actualidade, Lucio e Anne están separados; porén, parece que manteñen unha estreita amizade que levan con moita naturalidade.
- a. Pensas que este comportamento é o máis frecuente entre as parellas separadas ou divorciadas?
- b. Explica brevemente as causas que os conducen a adoptar unha determinada postura nun sentido ou noutro.
- 6.** Comenta as seguintes situacións centrándote nos estereotipos prefixados entre homes e mulleres para exercer determinados roles:
- a. Cea na casa de Pepe, en Francia (páx. 29).
- b. Cea con El Quico, en Francia (páx. 30).
- 7.** Coñecemos a través da entrevista de Amaia non só un home comprometido ideoloxicamente, que loitou por unha sociedade máis equitativa e xusta, senón tamén un home familiar e próximo. Comenta os seguintes feitos. Sitúaos no contexto temporal e espacial que lle tocou vivir.
- a. Lucio pídelle a Anne que sexa ela a que faga as xestións para a compra dunha furgoneta.
- b. Lucio acompaña a Anne ao médico durante o seu embarazo.
- c. Anne leva a Juliette, a súa filla, ao colexio, e Lucio recóllea á saída.
- 8.** Lucio coñece a Anne no ano 1968.
- a. Que aconteceu ese ano en Francia?
- b. Que repercusións tivo ese movemento a nivel mundial?
- c. Investiga que réxime político tiña, pola contra, España neses mesmos anos.
- d. Comenta a situación que vivía a muller en España, marcada por unha perda de liberdades, contrapoñéndoas coa de Francia.
- 9.** A xeración actual das mulleres que forman parte da familia de Lucio teñen estudos universitarios, ao igual que os ten Amaia, a diferenza das mulleres de xeracións anteriores coma a da súa nai ou da súa irmá Pilar.

- a. Indica que carreiras estudan ou a que profesións se dedican cada unha delas.
- b. Que reflexión nos merecen estes feitos?
- 10.** Lucio lembra que a súa familia estaba traballando todo o día para non deixar de ser pobres. Non contar cos recursos máis elementais para vivir pode dificultar ter acceso ao mundo da cultura? Razo a túa resposta.
- 11.** Lucio lembra tamén o seu pai, Amadeo Urtubia, cando lles recitaba a Lorca e lía a Unamuno cando nenos (páx. 108).
- a. Busca información sobre as figuras de Unamuno e de Lorca. De que xeito cres que estas referencias puideron influír na vida de Lucio?
- b. Por que pensas que estes libros foron convertidos en cinzas polo réxime franquista?
- 12.** No momento da entrevista que Amaia lle fai a Lucio Urtubia, este conta con oitenta e seis anos e ocupa parte do seu tempo dando conferencias e charlas. Imaxina que puideses escoitalo en persoa nunhas xornadas sobre Igualdade de xénero. Escribe o guión do seu relatorio baseándote nas súas ideas e no que coñeces da súa persoa.
- 13.** Opina sobre a maneira na que se presenta a homosexualidade feminina na obra.

Ligazóns


Sobre o autor:

<http://www.belatz.com/>

Sobre a obra:

<http://www.komic.es/gl/lecturas/699-o-tesouro-de-lucio-belatz-de-mo-editorial.html>

<http://cuadernosdecomic.com/docs/revista12/14.El%20tesoro%20de%20Lucio.pdf>



Texto: Daniel Landesa

Ilustración de cuberta: David Sierra

Edicións Xerais de Galicia, 2019

Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9121-539-4

Sinopse

A Terra de Sol está formada por seis territorios: Desértica, Montaña de Xeo, Cavernas de Sombra, Terra de Sur, Illa Dourada e Penumbra. Moito tempo antes dos acontecementos que se relatán, o gobernador de Penumbra tratara de dominar toda a Terra de Sol e, logo de moito sufrimento, conseguiron repeler a incursión e construíron un muro para protexerse.

Ante a desaparición da súa irmá Bryn, unha das vixías do muro, Ashlyn viaxa á capital de Desértica á procura de axuda. A gobernadora Deirdre percibe a gravidade do perigo que ameaza a toda Terra de Sol e convoca o Consello dos Gobernantes.

Dúas rapazas e dous rapaces serán delegados para observar, para asexar máis aló do muro e informar o Consello antes de tomar unha decisión. Forman unha compañía heteroxénea con poderes diversos e estraña tecnoloxía, pero, máis que nada, unida por uns fortes vencellos.

Comeza así unha viaxe iniciática grupal na que deben abordar perigos e sentimentos: a aceptación das diferenzas, a empatía, o medo, a lealdade, o amor e o odio. O compromiso e a solidariedade de cada un é imprescindible para solucionar o problema no que se xoga o futuro do mundo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Linguaxe non sexista
- Modelos igualitarios
- Os saberes das mulleres
- Ruptura dos estereotipos tradicionais

Temática e xéneros

- Novela fantástica
- Solidariedade e compromiso
- Traballo en equipo
- Respetto pola diferenza

Pequenos fragmentos significativos

“No muro non había portas nin ocos, todo el era unha inmensa masa impenetrable sen fisuras. Malia a súa aparencia caótica, o muro consistía nunha compacta enxeñaría de entullos metálicos pensada para que na súa extensión nada puidese atravesalo de non ser pola parte superior, onde a defensa sería suficiente para alertar con tempo ás cinco capitais da gran Terra de Sol. Non obstante, aquelas sombras tiñan os seus propios camiños para cruzalo. Mais esa noite todo era distinto: a guerra puxérase en marcha.

(...)

O medo e a preocupación latexaba entre os cinco membros do Consello e, malia todo, sentían algo semellante á esperanza. Unha sensación coma aquela tivéranla douscentos anos atrás, cando decidiran unir as forzas de todo Sol.

(...)

–Está ben –dixo Dierdre–, dous por terra e dous por aire. Lembrade, sodes exploradores non guerreiros. Non tomades decisións que vos poñan en perigo. Só tendes que ver e volver sans para poder contalo. Simple, verdade? –todos asentiron.

(...)

(...) Ashlyn ía de pé e balanceaba o corpo rapidamente en todas as direccións para esquivar rochas e aproveitar os desniveis das dunas para acelerar. Pluma saíra xusto detrás dela no seu estraño hidroavión de líquido, parecía custarlle seguir o ritmo do vehículo. Corwin,

impaciente, tardou algo máis ata que as hélices do motor do seu pesado aeroplano, forrado en peles, xiraron o suficiente para mover aquel mastodonte voador. (...) Por último, Bow avanzou lentamente ata que estivo nas aforas de Desértica."

Actividades

1. Terra de Sol é un mundo imaxinario, creado por Daniel Landesa e dividido en seis territorios que son:

2. Neste libro os personaxes son anciáns con moitísimos anos e nenas e nenos. Que personaxes da obra son adultos? Escribe o seu nome e cal é a súa función.

3. Cando Brin desaparece, a súa irmá pequena, Ashlyn, decide pedir axuda para atopala. Vai soa á capital e é recibida pola gobernadora, Deirdre, que decide reunir ao consello para afrontar o perigo que intúe. Quen formaba o Consello?: _____

4. Para investigar a situación fórmase un grupo heteroxéneo de rapaces e rapazas. Sitúaos nesta táboa:

NOME	TERRITORIO	VEHÍCULO	PODER

5. En Terra de Sur as nenas e nenos eran criados pola comunidade ata os once anos e logo se lles asignaba unha familia acorde co seu carácter e capacidades. Así, Fiona foi educada en política e diplomacia e correspondeulle ser a sucesora de Flora, a gobernadora.

No noso país, durante a ditadura, as mulleres non podían estudar, traballar, mercar ou vender, viaxar o sacar o carné de conducir sen permiso dun home da familia. Pero temos que saber se agora as mulleres poden tomar as súas decisións igual ca os homes.

Para investigar cal foi e cal é a situación das mulleres, preparade unha entrevista para publicar nun blog ou noutro espazo.

Marcade un tempo para rematar a actividade.

- a) Localizade 3 ou 6 mulleres de diferentes idades, de 30 a 40 anos, de 40 a 60 anos e de 60 anos para arriba que acepten responder as vosas preguntas e que se publiquen as gravacións.
- b) Formade grupos de 4 ou 5, un por entrevistada, e preparade entre 10 e 15 preguntas sobre cal é a súa profesión, por que fai ese traballo, se foi escollido por ela ou non; se preferiría outra profesión, se puidese. Cando abriu a súa propia conta no banco, cando e por que se fixo o pasaporte, se lle gusta viaxar e que posibilidades de viaxar tivo etc.
- c) Poñede en común as preguntas e escollede entre 10 e 15 preguntas, que son as que se lles van facer ás entrevistadas.
- d) Organizade os grupos que realizarán cada entrevista; pode ser por sorteo, por consenso ou por indicación da persoa que organiza a actividade. Tamén cómpre repartir as funcións de cada rapaza ou rapaz dentro do grupo.
- d) Facede un visionado de todas as entrevistas.
- e) Preparade un informe coas conclusións ás que chegades de todas as respostas: Valoraremos se as cousas mudaron moito ou se non é tanto como pensabamos.
- f) Publicade no voso blog as entrevistas e o informe coas conclusións, con axuda e permiso, da mestra ou mestre.

6. Bow quere participar no equipo e colaborar en representación do seu territorio; todo o mundo pensaba que era mudo, pero o que lle pasaba era que sentía que ninguén o aceptaba e que non facía nada ben.

Cando derruba o refuxio dos nómades coa súa tuneladora, quere retirarse porque pensa que sempre o estraga todo. Daquela Corwin abrázao e convénceo de que é parte do grupo.

Os catro forman un equipo no que cada un deles é necesario para resolver a situación.

O traballo colaborativo é aquel no que un grupo de persoas aportan as súas ideas e coñecementos para acadar unha meta común, para resolver un problema, para desenvolver un proxecto... Cada participante ten unha función e cada achega é imprescindible para acadar a solución.

Revisade a lectura e e anotade cal foi a contribución de cada personaxe á resolución do conflito:

Pluma: _____

Corwin: _____

Bow: _____

Ashlyn: _____

Entre os catro salvaron Terra de Sol da invasión do exército de sombras. Poderían conseguilo se faltase algún deles? _____

Argumenta por que son imprescindibles todas as achegas.

7. En moitas películas ou novelas, o protagonista é un heroe que salva unha muller incapaz de facer nada por si mesma. Sucede isto no libro que acabades de ler? _____

Poderíamos dicir que o protagonismo se exerce de xeito igualitario? ____

Abride un tempo de debate sobre o papel da muller nas películas de aventuras e na vida real.

8. Para ler máis:

Outros libros recomendables de aventuras e iniciación en galego:

Crónicas de Landereina, triloxía de Sabela González en Galaxia.

Os libros de Terramar, triloxía de Ursula K. Le Guin en Urco.

Triloxía *A materia escura* de Philip Pullman en Factoría K.

Ligazóns

Escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Daniel_Landesa

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=5949302>


Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/08/07/penumbra-de-daniel-landesa/>

<https://bretemas.gal/onte-2041/>

<https://ferradura.blog/2019/09/04/critica-de-penumbra-daniel-landesa-xerais/>

Segredos no solpor



Texto: Iria Misa

Edicións Xerais de Galicia, 2018

Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9121-327-7

Sipnose

Mara é a filla dos donos do hotel O Solpor, herdado do seu tío Paco, que está situado na localidade costeira de Bico, no que aparece atropelada Lucía Lesta por un condutor que se deu á fuga unha madrugada de verán. Mara sospeita de Tucho, exmozo de Lucía, co que ela estivera a noite do accidente.

No hotel alóxase Antón, un rapaz ben diferente a Tucho, con quen Mara vai compartir confidencias e sentimentos que irán máis alá da amizade. Tanto a familia de Mara coma a de Antón gardan segredos que sairán á luz e que destapan unha realidade que fai madurar a rapaza para enfrontarse á vida mesma.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Protagonista feminina
- Afouteza da muller

- Independencia
- Procura da liberdade
- Ruptura de estereotipos
- Maltrato
- Violencia de xénero

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe
- Adolescencia. Primeiras relacións amorosas
- Relacións familiares
- Amizade
- Homosexualidade
- Misterio. Intriga

Fragmento significativo

“–Non dis nada? Seguro que pensas que son un pesado, pouco interesante, e non coma eses mozos de aquí cos que andas.

–Para nada –contestoulle sorrindo. Nunca coñecera ninguén así, esa era a verdade. Pero non o dixo. Antón mirouna e sorriulle tamén.

Vou bicalo, pensou Mara. Pero seguía sen se atrever. Tremía e os dentes batíanlle uns contra os outros facendo un ruído ridículo.

–Estás ben? Estás a tremer! –advertiu el–. Tes frío? Marchamos? –preguntou solícito mentres lle pasaba o brazo por riba dos ombreiros, atraéndoa cara a si.

Mara negou coa cabeza e sorriu coa boca torta.

Unha, dúas, tres..., contou decidida.”

Actividades

1. A protagonista da historia é Mara, unha moza que vai facer os dezoito anos, pero que aínda non conta con independencia para saír da casa cando quere. É a súa nai, Berta, a que se mostra máis intransigente con ela.

- a. Que opinas da dureza da nai? Ten en conta esta expresión para o teu argumentario: *Dun tempo a esta parte es unha decepción continúa para nós* (páx. 27)
 - b. Que significa que a nai de Mara leva o *chip de alerta dende o parto* da filla? (páx. 22).
 - c. Que castigo lle impón Berta á súa filla cando descobre que estivo con Tucho? Como etiquetarías esta forma de educar?
 - d. Sería talvez o mesmo castigo se se tratase dun fillo que con case os dezoito anos pasase a noite fóra da casa?
 - e. Xulga, pola contra, o papel de Xosé, o pai. Dirías que é máis belixerante, desinteresado ou se amosa máis comprensivo, incluso cómplice coa súa filla?
2. No capítulo 2, Mara emprega un verso dun coñecidísimo poema de Rosalía de Castro para coller folgos e autoconvencerse de que xa non é ningunha nena, aínda que a traten como tal.
- a. A que verso nos referimos?
 - b. Busca a que poema de Rosalía pertence e comenta a simboloxía e o paralelismo que se dá entrambas as situacións.
3. Tucho e Antón representan dous modelos masculinos opostos. Un deles é un tanto machote, impulsivo, compórtase con prepotencia e chulería. O outro podemos dicir que é tímido, reservado, paciente, que sabe escoitar...
- a. Que trazos corresponden a cada personaxe?
 - b. Engade máis características da personalidade de cada un deles e indica algunha situación na trama da historia que o demostre (sinala as páxinas).
4. No capítulo 8 Mara ten un soño no que se imaxina de nena vestida de domingo. Describe a vestimenta que leva e comenta se se corresponde con algún estereotipo. Cres que as cousas mudaron hoxe? Razo a túa resposta.
5. O capítulo 12 que leva por título *Sóltame que me mancas* e resulta determinante para descubrir a verdadeira personalidade de Tucho.
- a. Relata brevemente o que aconteceu.
 - b. Poderíase afirmar que Mara abre os ollos fronte a un amor romántico, que tan só era un espellismo? Razo a túa resposta.
 - c. O emprego de expresións coma: *deixándoa alí chantada, empurrándoa, ollar de desprezo...* poñen de manifesto unha determi-

- nada maneira de comportamento. Como a cualificarías? Engade algunhas expresións máis que se citan no relato, que axuden a xustificar a túa resposta.
6. Aconsellada por Antón, Mara decide denunciar á policía a agresión sufrida por Tucho. Baséate no título do capítulo 16 para xustificar os motivos de por que se fai necesario non encubrir este tipo de condutas.
 7. Mara sente vergonza á hora de ir á policía pois ela, aquela noite que atropelaran a Lucía, bebera de máis e pensa que o inspector a ía xulgar con severidade. Pódese xustificar ese sentimento de certa culpabilidade? Que opinas ao respecto?
 8. Laura Prieto, a nai de Antón, é unha muller triste. Cal é a causa? Busca outros trazos que determinan a evolución da súa personalidade dende que está co seu actual marido.
 9. Cales cres que son os motivos polos que unha muller como Laura Prieto non queira denunciar o seu maltratador e prefira optar por seguir ligada a el? Pódese entender unha conduta así, encubrir ou xustificar? Fai un breve comentario no que sinalas a importancia de darlle visibilidade a estes feitos e de que maneira se pode axudar a estas mulleres a saír desta situación.
 10. Describe os trazos da personalidade de Xesús Quintas. Encaixan co prototipo do machista maltratador? Relata algúns feitos que demostran a súa vileza. Sinala as páxinas.
 11. Mara atopa unhas cartas de amor do seu tío Paco asinadas cunha inicial. Revelar ese amor misterioso, do que nunca se falara na familia, lévaa a pensar en distintas posibilidades de amores prohibidos, pero en ningún dos casos na opción que resulta ser a real.
 - a. Cres que a forma de pensar de Mara neste tema é a máis convencional? Responde a un estereotipo de xénero ou dirías que Mara é un tanto inxenua, por non ter en conta a posibilidade dunha relación homosexual?
 12. A familia Viéitez preséntase como respectable, tradicional e moi conservadora.
 - a. Relé o capítulo 24 e recolle as expresións que falan da reacción do pai de Elías cando coñece a relación con Paco.
 - b. Cres que este tipo de condutas aínda pode seguir vixente na actualidade? Exemplifica a túa resposta comentando algunha situación, se é que a coñeces, de parellas homosexuais da túa contorna.
 13. No mesmo capítulo 24, Elías di que *as liberdades vivíanse fóra, aquí non tiñamos diso*.

- a. A que lugares ou países fai referencia? Comenta esta afirmación.
 - b. Hoxe en día pódese afirmar o mesmo?
 - c. Que aspectos mudaron, se é o caso?
 - d. Pensas que aínda queda camiño por recorrer para conseguir os dereitos e liberdades das persoas?
- 14.** Escribe unha carta na que Mara é a remitente e o seu tío Paco o destinatario. O pretexto pode ser o aniversario de Mara e a súa entrada na idade adulta para expresarlle o que en vida non tivo ocasión e compartir con el as reflexións do vivido, o segredo, agora desvelado, a empatía pola súa persoa... Feitos, todos eles que lle fixeron abrir os ollos ao mundo.

Ligazóns

Autora:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/iria-misa>

Obra:

<https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2019/08/Segredos-El-Co-reo.pdf>

<https://blog.xerais.gal/iria-misa-segredos-do-solpor-pon-en-va-lor-a-importancia-das-segundas-oportunidades/>

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/chamando-a-terra-chamando-a-terra-do-dia-28-04-2018-3743336>

<https://blog.xerais.gal/search/segredo+no+solpor>

 Xacobeo 2021

 galicia

